

# REGAP

REVISTA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



Número

8





**ESCOLA GALEGA DE  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**



# **REGAP**

1994

**8**

REGAP: Revista Galega de Administración Pública.— Nº 0 (1992)— .—  
Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, 1992—  
v.; 24 cm.

ISSN:1132-8371

Depósito legal: C. 1.596-91



© 1991, ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edira: ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Rúa de Madrid, 2 - 4. Polígono das Fontiñas.

15703 Santiago de Compostela

Tel.: (981) 57 08 00 / Telefax: (981) 57 15 40

Traducción e supervisión lingüística: Ana Belén Fortes López

M<sup>o</sup> Concepción Leal Gómez

M<sup>o</sup> Carmen Pérez Picallo

Deseño Gráfico: Uqui  CEBRA

Imprime: AROPRINT, S.L.

Depósito legal: C-1.596-91

Periodicidade cuadrimestral.

Solicitude de subscricións á Editorial Galaxia.

A Escola Galega de Administración Pública non se identifica  
necesariamente cos xuízos dos autores desta revista.

## DIRECTOR

**Xaime Rodríguez-Arana Muñoz**

Catedrático de dereito administrativo  
Director da EGAP

## SECRETARÍA TÉCNICA

**José Luis Mínguez Goyanes**

Corpo Superior de Administración  
da Xunta de Galicia

## CONSELLO

**Juan José Bértolo Cadenas**  
Secretario xeral da Consellería de Educación e  
Ordenación Universitaria

**Francisco Javier Castiñeira Izquierdo**  
Secretario de Administración local

**Juan Luís Castro Somoza**  
Avogado do Estado

**José Ramón Cólera Leirado**  
Letrado maior do Parlamento de Galicia

**Andrés Faiña Medín**  
Catedrático de economía aplicada da Universidade da Coruña

**Manuel Fernández Areal**  
Catedrático de teoría xeral da información

**Francisco Fernández Segado**  
Catedrático de dereito constitucional da Universidade de Santiago

**José Antonio García Caridad**  
Presidente da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación

**Eloy García López**  
Catedrático de dereito constitucional da Universidade de Vigo

**Ramón García-Malvar y Mariño**  
Fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

**José M<sup>o</sup> Gómez y Díaz-Castroverde**  
Maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

**Pablo González Mariñas**  
Profesor titular de dereito administrativo da  
Universidade de Santiago

**José Carlos López Corral**  
Letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia

**Joaquín Macías Sánchez**  
Director xeral de Xustiza e Interior

REVISTA GALEGA DE  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

# REGAP

**Jesús Martínez Girón**  
Catedrático de dereito do traballo da  
Universidade da Coruña

**Carlos Otero Díaz**  
Conseilleiro maior do Consello de Contas de Galicia

**Santiago Porta Dovalo**  
Psicólogo da Consellería de Traballo e Servizos Sociais

**Juan Ramón Quintás Seoane**  
Catedrático de economía aplicada da  
Universidade da Coruña

**Juan Jesús Raposo Arceo**  
Profesor da E.U. de relacións laborais da  
Universidade de Santiago

**Luís Rodríguez-Ennes**  
Decano da facultade de Dereito de Ourense

**Antonio Romero Lorenzo**  
Maxistrado xuíz decano de Vigo

**Francisco José Serna Gómez**  
Director xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia

**Luís Ramón Sotelo López**  
Corpo de Xestión de Administración da Xunta de Galicia

**José Ramón Vázquez Sandes**  
Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

**Jesús Vázquez San Luis**  
Interventor do Consello de Contas da Xunta de Galicia

**José Vilas Nogueira**  
Decano da facultade de Ciencias Políticas e Sociais  
Universidade de Santiago

**Perfecto Yebra Martul-Ortega**  
Catedrático de dereito financeiro da Universidade de Santiago



# Sumario

## ESTUDIOS

José Luis Meilán Gil	A regulación xurídica do “Camiño de Santiago” dende a perspectiva do Estado autonómico. _____	11
Francisco José Serna Gómez	Os ordenamentos xurídicos autonómicos: Problemática da súa configuración e integración. _____	35
José Gabaldón López	Sobre el silencio administrativo. _____	51
F. J. Jiménez de Cisneros Cid	Régimen del suelo no urbanizable: Problemas y perspectivas. _____	77
Pablo González Mariñas	Centralización e descentralización no pensamento de Manuel Colmeiro. _____	97

## NOTAS E COMENTARIOS

Xaime Rodríguez-Arana Muñoz	Manuel Colmeiro: un ilustre administrativista galego (1884-1994). _____	117
Gonzalo Diéguez Cuervo	Sobre o capítulo I do proxecto de Lei de Folga. _____	125
Miguel Beltrán Villalva	A igualdade dos cidadáns ante as administracións públicas. _____	139
Claro J. Fernández-Carnicero G.	La región como espacio político: nacionalismo y regionalismo en los Estados contemporáneos. _____	153
Juan Bautista Quintas Rodríguez	Os recursos no proceso contencioso-administrativo. _____	181

## XURISPRUDENCIA

Pablo González Mariñas	Dúas sentencias sobre o respecto ós principios de mérito e capacidade no acceso e promoción á función pública e o control xudicial da discrecionalidade técnica das comisións xulgadoras: STS do 4 de novembro de 1993. _____	211
------------------------	---	-----



## CRÓNICA PARLAMENTARIA

- 227 \_\_\_\_\_ O repartimento de competencias e o tratamento  
\_\_\_\_\_ legislativo das cámaras agrarias. José A. Sarmiento Méndez

## CRÓNICA ADMINISTRATIVA

- 247 \_\_\_\_\_ Seminario sobre comunicación e cambio.  
\_\_\_\_\_ EGAP, 23 e 24 de febreiro de 1994. Miguel Anxo Bastos Boubeta
- 255 \_\_\_\_\_ IV Xornada de estudio sobre o Estatuto de Galicia.  
\_\_\_\_\_ EGAP, 6 de abril de 1994. Miguel Anxo Bastos Boubeta
- 265 \_\_\_\_\_ Xornada de estudio sobre codificación normativa.  
\_\_\_\_\_ EGAP, 12 de abril de 1994. Miguel Anxo Bastos Boubeta
- 285 \_\_\_\_\_ Xornadas de estudio sobre ordenamento urbanístico  
e a Lei de portos.  
\_\_\_\_\_ Vigo, 15 e 16 de xuño de 1994 Mercedes Reyero Fernández

## BIBLIOGRAFÍA E RECENSIONS

- 323 \_\_\_\_\_ *El derecho de acceso a los archivos y registros administrativos.*  
*(Análisis del artículo 105.b de la Constitución).*  
Juan Francisco Mestre Delgado.  
Ed. Civitas, Madrid, 1993. Margarita Prado Vaamonde
- 331 \_\_\_\_\_ *El ejemplo constitucional de Inglaterra.*  
Antonio Carlos Pereira Menaut.  
Servicio de publicaciones de la Facultad de Derecho  
de la Universidad Complutense de Madrid, 1992. José Ignacio Martínez Estay
- 337 \_\_\_\_\_ *Aspectos procesales de la tutela jurisdiccional  
contencioso-administrativista de los  
derechos fundamentales.*  
José Francisco López-Font Márquez.  
Ed. Comares, Granada, 1993. Francisco J. Cancela Rodríguez
- 341 \_\_\_\_\_ *El control de la discrecionalidad del planeamiento urbanístico.*  
Javier Delgado Barrio. Ed. Civitas, Madrid, 1993. Margarita Prado Vaamonde
- 349 \_\_\_\_\_ *O sistema político galego: as institucións.*  
Xosé Vilas Nogueira, Ramón Máiz Suárez  
Francisco Caamaño Domínguez, Xosé M. Rivera Otero.  
Edicións Xerais, Vigo, 1994. Miguel Anxo Bastos Boubeta
- 355 \_\_\_\_\_ *La reinvencción del Gobierno.*  
David Osborne e Ted Gaebler. Ed. Paidós, Barcelona, 1994. Miguel Anxo Bastos Boubeta

**ESTUDIOS**





José Luis  
Meilán  
Gil

# A regulación xurídica do “Camiño de Santiago” desde a perspectiva do Estado autonómico

Catedrático de dereito  
administrativo.  
Rector da Universidade  
da Coruña

## 1. *Formulación*

A conmemoración dun novo ano xubilar xacobeo coincidiu cun extraordinario impulso do “Camiño de Santiago” que resulta comprensible no reverdecer da idea de Europa que aquel contribuíu a forxar, e que coma ela tivo luces e sombras.

Este traballo constitúe unha modesta contribución a este fenómeno definidor da cultura europea, que afunde as súas raíces en profundas conviccións relixiosas, sen as cales a historia de Europa non sería comprensible.

O “Camiño de Santiago” ten sido obxecto de numerosos estudos de carácter histórico que non poden des-

coñecerse nin aquí citarse<sup>1</sup>. Un xurista non ha de substituír lexitimamente o historiador pero non debe ignorar a realidade – neste caso esencialmente histórica– que é obxecto de estudo desde a súa perspectiva. E aínda dentro dela cabe a análise de diferentes aspectos. Aquí farase desde a perspectiva do Estado autonómico, con preferente atención, polo tanto, á análise dos títulos de competencias que inciden no tema.

Porque, dun lado, de acordo cunha aproximación realista ó dereito, que defendín para a Constitución española e para algúns estatutos, como o de Galicia, os suxeitos do cal non son creación da norma xurídica correspondente, cómpre pescudar que é para o dereito ese fenómeno social que se denomina “Camiño de Santiago” e, doutro, que pode facerse desde o actual ordenamento xurídico, congruente co seu contexto social, para a protección xurídica dunha realidade histórica como é o “Camiño de Santiago”.

## 2. Evolución do seu réxime xurídico

### A) Os títulos de intervención na idade media.

A protección do peregrino constitúe o núcleo fundamental das numerosas disposicións xurídicas, tanto eclesiásticas como civís, que inciden no “Camiño de Santiago”<sup>2</sup>. A título de exemplo poden citarse, respectivamente, o canon 4º do Concilio de León de 1114, ratificado no Concilio compostelán do 17 de decembro do mesmo ano:

“Peregrini ..., in pace sint, et secure per terras eant, ut nemo in eos vel eorum manus mittat”

e as Partidas (I,23) do rei Alfonso X O Sabio:

“Romeros e pelegrinos son omes que fazen sus romerías e pelegrinajes por servir a Dios e honrar los santos, e por sabor de fazer esto estranan se de sus logares, e de sus mugeres, e de sus casas, e de todo lo que han, e van por ajenas, lazerando los corpos, e despendiendo los aueres, buscando los santos. Onde los omes que con tan buena intención, e a tan santa, andan por el mundo, derecho es, que mientra en esto andouiren, que ellos e sus cosas sean guardados, de manera, que ninguno no se atrea de yr contra ellos, faziendoles mal ...”.

Para esa protección xurídica os peregrinos consideráranse “persoas sagradas” e equipáranse ós mercadores,

<sup>1</sup> Entre a abundante bibliografía sobre o Camiño de Santiago, estimulada recentemente pola conmemoración do xubileo o Ano Santo de 1993 ou Xacobeo 93, segundo a publicidade oficial, citarei tres obras de décadas diferentes: L. VÁZQUEZ DE PARGA, J. M<sup>a</sup> LACARRA e J. URIA, *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, CSIC, Madrid 1949, reimpresa en 1992 en Pamplona; E. VALIÑA SAMPEIRO, *El camino de Santiago. Estudio histórico-jurídico*, Lugo, 1971; E. LÓPEZ PEREIRA, *Guía medieval do peregrino*, Códice Calixtino, Libro V, Vigo, 1993; I. GRANADO HIJELMO, “La Rioja y el Camino de Santiago: estructuras jacobeanas del sistema riojano”, *Revista Galega de Administración Pública (REGAP)*, 2 (1993), pp. 151 a 230.

<sup>2</sup> Cfr. E. VALIÑA, *op. cit.*, pp. 17 e ss.

desde aquel punto de vista, como recoñece o citado Concilio de León:

“Negotiatores et peregrini,... in pace sint, et securi per terras eant ut nemo in eos vel eorum res manus mittat”,

quizais, como se dixo<sup>3</sup>, “por venir, como ellos, de lejanas terras, desconocérseles su foro o legislación personal, fomentando unos y outros, con su tránsito, el comercio, la riqueza e la cultura”, aínda que as Partidas (V,8,27) establecen diferencias entre uns e outros, porque os peregrinos van “con entención de servir a Dios e ganar perdón de sus pecados e parayso”, mentres que os mercaderes van con “entención de ganar algo”.

Os reis medievais toman ó seu cargo, como unha función rexia, a protección dos peregrinos, sobresaíndo nese sentido Alfonso IX e Alfonso X. É a xustificación primeira do Estado: a seguridade das persoas, a defensa dos dereitos humanos diríamos hoxe, coa que han de relacionarse as categorías xurídicas da policía e da orde pública.

Esa protección xustificará a propia existencia do camiño, que será “camiño real” –un ben de dominio público, diríamos hoxe–. Asegura-la paz, garanti-la seguridade dos peregrinos no “camiño Xacobeo”, fan deste unha realidade que, como conxunto, é obxecto de protección xurídica.

Os testemuños dos foros son elocuentes neste sentido. No Foro xeral de Navarra (V,6,2 e VI,4,2) os roubos a comerciantes ou romeiros cometidos no “camiño francés” –denominación dunha das máis importantes rutas xacobeas– caían na xurisdicción do rei. Os delitos entendíanse como violación ou quebrantamento do “camiño francés”, que se denomina tamén “camiño do rei”, segundo fontes medievais<sup>4</sup>. O “Camiño de Santiago” xustifícase pola protección dos peregrinos e adquire un valor xurídico substantivo: tamén require ser protexido.

A *Historia Silense*, redactada contra o ano 1110, pasa por conte-la primeira referencia concreta ó Camiño de Santiago, segundo a cal Sancho O Maior

“ab ipsis namque Pirineis iugis adusque castrum Nazara quidquid terre infra continetur a potestate paganorum eripens, iter Sancti Iacobi quod barbarico timore per devia Alave peregrini declinabant absque retractionis obstaculo currere fecit”<sup>5</sup>.

<sup>3</sup> *Ibidem*, p. 34.

<sup>4</sup> Cfr. E. Valiñas, *op. cit.*, pp. 44-45 e bibliografía alí citada.

<sup>5</sup> “Desde los montes Pirineos hasta el castillo de Nájera, sacando de la potestad de los paganos cuanto de tierra se contiene dentro, hizo correr sin retroceso el camino de Santiago, que los peregrinos torcían desviándose por Álava”. Cfr. LA-CARRA, *op. cit.*, p. 12.

Antes de Sancho O Maior, pois, os peregrinos, se habemos de crer este texto, desvíábanse por sendas extra- viadas de Álava por temor ós mouros. Fíxase unha ruta para asegura-la protección dos peregrinos. Sen embargo, o dato certo de que o territorio que vai dos Pirineos a Ná- xera –a capital do reino na época– era cristián desde bastante tempo antes, fai dubidar a algún autor da certeza daquela xustificación para soste- r que coa decisión do rei Sancho O Maior “se afirmaba una nueva ruta política, mi- litar y económica, de acuerdo con la evolución de los nue- vos Reinos cristianos en la Reconquista”<sup>6</sup>.

Emerxe dese xeito a importancia e a funcionalidade do carácter substantivo do “Camiño de Santiago” que é “ca- miño do rei”, no que este exerce a súa xurisdicción co título orixinario de protección dos peregrinos e en últi- mo termo da *pax publica*, o que é, e se denomina tamén nas fontes, “camiño público”.

Antes da decisión de Sancho O Maior, en abril de 971, consta que o Conde Garci Fernández coa súa muller Aba lle fan doazón ó mosteiro de Cardeña dunha casa pro- pia que era hospital no “camiño público” (... meam do- mum propriam, quod est hospitale in camino público, quae venit de Nájera cerca de Villa Vascones) que se iden- tifica coa ruta xacobeá<sup>7</sup>.

A consideración do camiño como “camiño público” ou “camiño do rei” supón o recoñecemento da xurisdic- ción rexia sobre todo o que acontece no camiño, fronte á xurisdicción ou á competencia municipal. Así se pon de manifesto nun incidente ocorrido en maio de 1435 en Xa- ca. Un tal Thomas, conde de Exipto, que ía “por el mun- do en peligrination por la fe christiana” deféndese da pre- tensión de cobrarlle peaxe naquela cidade argüíndo que don Alfonso rei de Aragón “li havesse dado licencia hir et pasar por su regno et terras con toda su companya et familia, francament et quita senes pagar peatge ni carga otra alguna”.

Como é constante en toda a historia do dereito pú- blico mestúranse os títulos xurídicos de intervención nun auténtico mecanismo de *feed-back*: da protección das per- soas ó dominio público. A complexa configuración dog- mática desta categoría ten moi antigos e variados ele- mentos constructivos.

<sup>6</sup> *Ibidem*, p. 18.

<sup>7</sup> O documento procede do cartulario de Cardeña chamado Libro de Tabla e foi dado a coñecer por BER- GANZA. Cfr. LACARRA, *op. cit.*, t. II, p. 17 e t. III, p. 13.

### B) *A dimensión cultural.*

A traxectoria temporal do “Camiño de Santiago” correspóndese co sentido da propia historia de Europa ó que vai unido. As concepcións xurídicas ligadas á idea do Sacro Imperio Romano-Xermánico quedan atrás do proceso de laicización do dereito, da autonomía do poder civil e do pluralismo relixioso e ideolóxico. A realidade do “Camiño de Santiago” sobrevive a eses cambios.

O “Camiño de Santiago” non é só unha vía, un ben de uso público. Son tamén inmobles –igrexas, hospitais, albergues–, son propiedades particulares afectadas e bens de dominio público ou patrimoniais do Estado ou da Igrexa, que constitúen un extraordinario patrimonio histórico-artístico e, en definitiva, cultural. Moita auga pasou por baixo das numerosas pontes –emblemática Puente la Reina– ata que no século XIX, a partir de 1844, a protección do “Camiño de Santiago” se entendeu como a conformación das medidas xurídicas necesarias para a ordenación e conservación do seu **patrimonio cultural**. Neste ano, a catedral de León foi declarada Monumento Histórico-Artístico. En 1896, a catedral de Santiago recibiu a mesma declaración legal do ministro, e polo Decreto do 9 de marzo de 1940 declarouse Monumento toda a cidade de Santiago.

Desde entón sucedéronse un conxunto de normas baseadas principalmente en protexe-lo patrimonio arquitectónico do “Camiño de Santiago”. Patrimonio que se fará cada vez máis extensivo, primeiro cara ás cidades (Real decreto lei do 9 de agosto de 1926, que declara que integran o Tesouro Artístico Nacional de carácter inmovible non só os monumentos e depósitos arqueolóxicos senón tamén “las edificaciones o conjuntos de ellas... cuya protección y conservación sean necesarias para mantener el aspecto típico, artístico y pintoresco característico de España”); despois cara ós espazos naturais e xardíns artísticos; e, finalmente, mediante normas de protección de categorías xenéricas de bens (castelos, hórreos, ...).

É patente que todas estas medidas non recaen no que especificamente se denomina camiño de Santiago. A protección global do camiño de Santiago virá pola vía do Decreto 2224/1962, do 5 de setembro, polo que se declara conxunto histórico-artístico o chamado camiño de Santiago e se crea o seu padroado.



Este decreto pode servirnos de elemento de contraste e punto de reflexión acerca do que hoxe pode ser entendido como protección xurídica desa realidade que chamamos Camiño de Santiago.

**1º** A ruta xacobeá ou Camiño de Santiago non se reduce a un dato físico e forma parte da conciencia histórica, é dicir, da personalidade propia do que hoxe é suxeito da Constitución, do modo de ser colectivo, reflectido pero non creado pola norma. É o que en palabras máis ou menos eufónicas se denomina “profundo arraigo sentimental e espiritual”, ou “parte do sentimento patrio”.

**2º** O camiño defínese como conxunto **histórico-artístico**, referido a lugares, edificios e paisaxes. Por esta vía o Camiño de Santiago configúrase dentro do patrimonio histórico-artístico.

**3º** Pero tamén o Camiño de Santiago fai referencia ó urbanismo, xa que o artigo 3º declara a obriga das corporacións municipais e propietarios de inmobles a “la más estricta observancia de las leyes de ensanche de población”. Trátase dunha primeira aproximación que se amplía posteriormente desde a perspectiva, non xa da Lei do solo de 1956 aparentemente descoñecida polo Decreto de 1962, senón tamén da Lei do 75, que introduce os plans directores de coordinación e lles proporciona maior importancia ós plans especiais e ó solo non urbanizable de protección.

Desde esa perspectiva pode considerarse baixo o concepto máis amplo de ordenación do territorio e tamén pola súa relación cos valores paisaxísticos ou co medio ambiente.

Pero a fragmentación dos distintos aspectos ou unha configuración reduccionista dalgún deles –como o patrimonio histórico-artístico– empuxan a unha consideración máis ampla e comprensiva, do que é bo exemplo o Real decreto 1530/1991 do 19 de outubro, que o define como “hecho cultural que forma parte del patrimonio europeo”.

Estes aspectos conducen dun modo natural a cuestionalo problema desde a perspectiva do Estado, composto vixente que, pola súa vez, obriga a formula-la distribución de competencias en función dos diversos títulos en xogo.

### 3. *A cultura como título constitucional que prevalece sobre o “Camiño de Santiago”*

Desde a perspectiva do Estado autonómico a primeira pregunta que se pode formular é se o Camiño de Santiago constitúe materia de competencia estatal ou autonómica e por que conceptos.

É evidente que na súa configuración física lles afecta a varias comunidades autónomas. Non menos obvio é que non pode reducirse ó título de estradas ou de vías de comunicación nin tampouco –malia algunha formulación de dereito positivo– a patrimonio histórico-artístico. Existe un innegable cruce de títulos competenciales e cómpre pescudar e pronunciarse sobre o que se estime que prevalece.

Para a máis cabal comprensión do fenómeno entendo que se debe partir do concepto dominante de “feito cultural”, que enfrenta os conceptos de interese e territorio. Ou dito doutro xeito, o feito físico do territorio non é exclusivo nin determinante do fenómeno cultural que denominamos Camiño de Santiago.

O aparente dilema formulado coa pregunta inicial resólvese dun xeito natural coa apelación ós artigos 149.2 e artigo 148.1.17 da Constitución. Como dixo noutro lugar<sup>8</sup>, este último recolle como materias sobre as que as comunidades autónomas poden asumir competencias para o fomento da cultura, que significativamente aparece xunto ó ensino da lingua da Comunidade Autónoma. Pola súa parte, o artigo 149,2 declara que “sen prexuízo das competencias que poderán asumir—las comunidades autónomas, o Estado considerará o servicio da cultura como deber e atribución esencial”. De acordo coa previsión constitucional, nos estatutos incluíuse aquela competencia dentro das exclusivas da Comunidade Autónoma “sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución” (art. 27.20 do EAG, art. 10.17 do EAPV, art. 13.26 do EAA) ou sen alusión a ese artigo (art. 9.4 do EAC, “cultura”), é dicir, no marco do artigo 149 da Constitución.

É evidente que o artigo 149.2 non está baixo a rúbrica das competencias exclusivas do Estado, aínda que recoñece que se trata dunha atribución **esencial** do Estado. Tamén é claro que esa competencia se atribúe “sen prexuízo” da posible das comunidades autónomas.

<sup>8</sup> J. L. MEILÁN, *La ordenación jurídica de las autonomías*, Tecnos, Madrid, 1988, pp. 70-71.

A cultura, que está esencialmente vinculada á identidade da Comunidade á que se pertence, non pode ser competencia excluínente, pero tampouco residual; trátase dunha Comunidade Autónoma ou de España. Nese sentido a STC 49/1984 do 5 de abril conclúe:

“que a cultura é algo da competencia propia e institucional tanto do Estado como das comunidades autónomas (...). Hai, en fin, **unha competencia estatal e unha competencia autonómica no sentido de que máis que un reparto de competencias vertical, o que se produce é unha concorrencia de competencias ordenadas á preservación e estímulo dos valores culturais propios do corpo social desde a instancia pública correspondente**”.

A STC 17/1991 do 31 de xaneiro corrobora o que acaba de afirmarse, ó resolver recursos de inconstitucionalidade contra a Lei 16/1985 do 25 de xuño reguladora do patrimonio histórico-artístico.

Datos do dereito positivo a ter en conta son os artigos 46 e 149.1.28 da Constitución, así como os que conteñen diversos estatutos, como o artigo 27.18 do de Galicia.

O artigo 46 da C.E. di:

“Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural ou artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade”.

Unha breve eséxese do precepto permite subliñar que a referencia ós poderes públicos é máis ampla que ó Estado, abranguendo tamén as comunidades autónomas, o que resulta congruente co que se lles realiza ós “pobos de España”. Existe, polo tanto, no precepto, o recoñecemento de competencia das comunidades autónomas na materia.

Por outra parte, o artigo 169.1.28 recoñece competencia exclusiva do Estado especificamente sobre a “**defensa** do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a **exportación** e a **espoliación**”, ademais de sobre “museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión polas comunidades autónomas”<sup>9</sup>.

Unha interpretación conxunta deste precepto co anteriormente citado permite concluír que existe competencia exclusiva do Estado sobre unha **parte** da conser-

<sup>9</sup> Con base neses artigos, polo R.D. 2434/1982 do 24 de xullo traspasáronse funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia.

vación do citado patrimonio, concretada na súa defensa contra a exportación e espoliación. O que pode ser de interese da Comunidade Autónoma –de conformidade, por exemplo, coa competencia exclusiva sobre o patrimonio “de interese para Galicia” recoñecida no citado artigo 27.18 do EAG– inclúese baixo ese aspecto concreto de conservación, como interese do Estado.

A STC 17/1991 do 31 de xaneiro di a este respecto:

“Existe na materia que nos ocupa un título de atribución ó Estado definido no artigo 149.1.28 CE ó que se contrapón o que lles atribúe competencias ás comunidades, fundado nos estatutos de autonomía. De aí que a distribución de competencias Estado-comunidades autónomas en canto ó Patrimonio Cultural, Artístico e Monumental teña que partir daquel título estatal **pero articulándoo cos preceptos estatutarios** que definen competencias asumidas polas comunidades autónomas na materia. O Estado ostenta, pois, a competencia exclusiva na defensa do dito patrimonio contra a exportación e a espoliación, e as comunidades autónomas recorrentes no restante, segundo os seus respectivos estatutos; sen que iso implique que a eventual afectación de intereses xerais ou a concorrencia doutros títulos competenciais do Estado en materia determinada non se deban tamén ter presentes como límites que haberá que ponderar en cada caso concreto. (Así os títulos que resultan, *v. gr.* dos números 6 e 8 do art. 149,1)”.

Os textos constitucionais citados falan de patrimonio cultural, ó lado do histórico e do artístico. E débese lembrar tamén o artigo 149,2, previamente citado, que se refire especificamente á cultura.

Non vén ó caso realizar agora precisións extraxurídicas sobre a cultura. Abonda, como fai a citada STC 17/1991, relaciona-los conceptos referidos desde o punto de vista competencial para conseguir unha interpretación razoable, partindo do dato elemental de que o patrimonio histórico-artístico e os seus elementos contribúen á cultura e forman parte do “patrimonio cultural”. Nese sentido a citada STC 17/1991 parte de que “non hai dúbida de que eses bens **pola súa natureza** forman parte do xenérico concepto constitucional de cultura” (f. x. 2º).

Precisamente esta toma de posición permitirá formula-lo deslinde de competencias con maior facilidade, superando a perspectiva estricte do patrimonio histórico-ar-

tístico, como mero conxunto de bens obxectivamente considerados sen atender á súa funcionalidade ou destino, polos valores que conteñen ó servizo dos suxeitos –da humanidade, en fin– que os perciben, máis alá da consideración económica, incluída a titularidade dominical. Con palabras da STC 17/1991

“é posible por iso achar na referida integración fundamento para unha competencia estatal máis ampla que a derivada do concreto título antes dito. Como este Tribunal xa tivo ocasión de sinalar (SSTC 49/1984, 157/1985 e 106/1987), “a cultura é algo da competencia propia e institucional, tanto do Estado como das comunidades autónomas ...”. “Esta é a razón á que obedece o artigo 149.2 CE no que despois de recoñece-la competencia autonómica se afirma unha competencia estatal, poñendo o acento no servizo da cultura como deber e atribución esencial”.

A perspectiva cultural permite, por iso, tamén unha apreciación do interese xeral e, polo tanto, unha competencia do Estado máis alá da defensa á que se refire o artigo 149.1.28 da CE. Por iso, continúa dicindo a STC 17/1991:

“Debe, pois, afirmarse a existencia dunha competencia concorrente do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de cultura cunha acción autonómica específica, pero tendoa tamén o Estado “na área de preservación do patrimonio cultural común, pero tamén naquilo que precise de tratamentos xerais ou que faga falla esa acción pública cando os fins culturais non se puidesen lograr desde outras instancias” (STC 49/1984 citada). A integración da materia relativa ó patrimonio histórico-artístico na máis ampla que se refire á cultura permítelle achar fundamento á potestade do Estado para legislar naquela”.

Consecuencia desa orientación é a necesaria colaboración entre Estado e comunidades autónomas, “deber xeral” que “é de esencia ó modelo de organización territorial do Estado implantado pola Constitución” (SSTC 80/1985, 18/1982, 96/1986, 17/1991). E, por outra parte, o importante recoñecemento da competencia das comunidades autónomas e non só do Estado para realizar “funcións de difusión internacional dos valores culturais destes bens”, entendida como acción desenvolvida fóra do territorio da Comunidade Autónoma e non como materia de relacións internacionais, de exclusiva competencia

estatal. Aquí atopa a súa base o máis intenso exercicio da súa competencia de promoción por unha Comunidade –sen necesidade de acudir a autorizacións doutras– así como a viabilidade legal dos posibles convenios entre comunidades autónomas, titulares de intereses comúns.

#### 4. Funcionalidade do interese na delimitación de competencias

<sup>10</sup> Sobre a proxección extraterritorial das competencias dunha Comunidade Autónoma, cfr. J. L. MEILÁN, *Ordenación jurídica ... cit.*, pp. 137-142 e, entre as máis recentes, STC 80/1993 (“a dimensión exterior dun asunto non pode servir para realizar unha interpretación extensiva do artigo 149,1,3”, relativo a relacións exteriores, materia que é de exclusiva competencia do Estado. Sobre o tema *vid.* tamén STC 125/1984, 153/1989, e voto particular a STC 180/1992).

<sup>11</sup> Cfr. A. MARTÍNEZ BLANCO, “La conservación del patrimonio eclesiástico”, *RAP* nº 75, 1974, p. 432.

<sup>12</sup> Cfr. M. GRISOLIA, *La tutela della cosa d'arte*, Roma, 1952, p. 202.

<sup>13</sup> Cfr. SANDULLI, *Beni Pubblici*, “Enciclopedia del diritto”, p. 279.

<sup>14</sup> Cfr. M. S. GIANNINI, “I beni culturali”, *RTDP*, 1976, e T. ALIBRANDI e P. FERRI, *I beni culturali e ambientali*, Milán, 1978, pp. 16 e ss. En España acolleu esta doutrina E. GARCÍA DE ENTERRÍA, “Consideraciones sobre una nueva legislación del patrimonio artístico, histórico y cultural”, *REDA* nº 39, 1983, pp. 582-3.

O concepto de interese cobra así unha especial e lóxica importancia, non podendo acantoarse a materia de cultura nun territorio e iso xoga tanto en favor da Comunidade Autónoma, coma do Estado<sup>10</sup>. Iso é, por outra banda, característico dos “bens culturais”.

Os bens do Patrimonio Histórico-Artístico foron concebidos tradicionalmente como de dominio público se o seu titular é o Estado (*ad. ex. S. Álvarez Gendin*) ou de propiedade privada suxeita a limitacións administrativas (*ad. ex. Zanobini*, e en España Garrido Falla), con numerosas formulacións<sup>11</sup>.

A insatisfacción dese encadramento provocou a construción da categoría de bens de interese público situados entre o dominio público e a patrimonialidade e, polo que aquí interesa, de bens “funcionais” que xustificaría na Administración a existencia de potestades para aseguralo destino público daqueles<sup>12</sup>. Nesta liña doutrinal ponse o acento máis que no suxeito –no titular da cousa–, na aptitude obxectiva da cousa para satisfacer un interese público que se pode descubrir tanto no que lle pertenza ó Estado como a un particular<sup>13</sup>.

Un paso adiante constitúe a configuración da categoría autónoma de bens culturais<sup>14</sup>. O punto de partida tomado no dereito italiano de concretos preceptos é a idea de “interese” (artístico, histórico, documental, etc.), interese “obxectivo” que revela un valor típico existente na cousa que se podería expresar como “valor de civilización” ou máis concretamente “valor cultural” que lle interesa a toda unha sociedade ou incluso a toda a humanidade, segundo declaracións ordinarias de organismos internacionais.

De acordo cun método que podería denominarse estructuralista e con base na vella distinción de dominio

útil e de dominio directo, se ben reformulada, o profesor Giannini, apoiándose noutra exposta por Pugliatti entre cousa e ben, sostén que o ben cultural ten como soporte unha cousa, pero non se identifica con ela, aínda que como tal ben manifesta o valor cultural inherente á cousa. Polo tanto, unha mesma cousa pode ser entendida como **ben patrimonial** obxecto do dereito de propiedade e doutros dereitos reais e negocios xurídicos e/ou como **ben cultural**, obxecto de titularidades públicas como soporte de potestades que se exercen en función da natureza do ben e do seu destino esencialmente ligado á colectividade, de tal modo que coexisten na mesma cousa unha utilidade cultural e unha utilidade económica que é preciso compatibilizar xuridicamente.

Desde esta perspectiva compréndese facilmente que a titularidade patrimonial sexa secundaria en relación co ben cultural e que unha mesma disciplina xurídica abrangue os bens que patrimonialmente lle “pertencen” ó Estado ou a un particular. Os bens culturais veñen confirmala fecundidade da dirección doutrinal acerca do dominio público e que rexeita a súa necesaria identidade como propiedade pública. Porque, como se dixo, “o ben cultural é público, non tanto como ben de pertenza –poderíase dicir de propiedade– senón como ben de fruición”. En consecuencia, o ben cultural será estatal no sentido de que “forma parte” do ordenamento estatal, máis que no sentido de que teña o Estado como “propietario” no sentido privativo do termo.

A aparente “propiedade” do Estado próbase polo elemental dato de que este, como organización, non goza realmente do ben, non ten a facultade de usar e gozar como propietario da cousa, senón que a titularidade estatal se xustifica pola necesidade de que o ben cultural sexa gozado pola colectividade para o que, entre outras cousas, haberá de velar pola “integridade física” da cousa, que é máis importante –desde o punto de vista cultural– que a “integridade patrimonial”, é dicir que a conservación da específica titularidade estatal. Dito doutro xeito, **o fundamental é que o ben cultural cumpra coa súa funcionalidade de ser susceptible de goce pola sociedade de tódolos tempos**<sup>15</sup>.

O cumprimento dese fin require un determinado réxime xurídico –por exemplo imprescritibilidade ou in-

<sup>15</sup> Nese contexto ten sentido falar de “patrimonio de la humanidad” ou a referencia ás xeracións futuras que fai o art. 1º da LPHE.

dispoñibilidade– pero non necesariamente a apropiación *more privato* do ben polo Estado. Pola mesma razón o Estado ten potestade sobre os bens culturais que, como patrimoniais, lles pertencen a particulares, para asegura-la esencial funcionalidade daqueles. E neste sentido os bens culturais, tamén neste caso, son públicos, aínda que o titular patrimonial poida dispoñer limitadamente dos mesmos deixando sempre a salvo aquela funcionalidade.

Na miña opinión a categoría de bens culturais, tal como se expuxo, explica mellor a realidade que a liña doutrinal, que pon énfase na titularidade pública ou privada destes bens para cualifica-los de titularidade estatal como bens de dominio público, “con vinculación demanial absoluta”<sup>16</sup> e os de titularidade privada como propiedade “vinculada”<sup>17</sup> ou “institución xurídica que se atopa máis cerca da demanialidade que da patrimonialidade do dereito privado”<sup>18</sup>.

En definitiva, o Estado responde de que **tódolos** bens culturais –e por iso se fala de **Patrimonio** Histórico Español– cumpran coa funcionalidade que os define e xustifica a súa existencia. A titularidade **patrimonial** –como propietario dos mesmos– **terá o seu fundamento, nuns casos, na “natureza das cousas”** –caso dos arquivos administrativos constituídos por documentos que teñan producido os diferentes órganos e entes administrativos– e **noutros casos será resultado dun proceso histórico que, como tal, non se pode abranguer completamente por esquemas xurídicos –ou racionais– teóricos**<sup>19</sup>.

O dereito positivo español ofrece mostras claras de admisibilidade da doutrina exposta sobre os bens culturais. Nese sentido o artigo 46 da Constitución de 1978 recolle como un dos principios rectores da política social e económica que, como mínimo, ha de informa-la lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos (art. 53.3 da CE) a garantía dos poderes públicos da conservación do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran **“calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade”**. A conservación e a promoción do enriquecemento dese patrimonio é o obxectivo fundamental e primordial da actividade dos poderes públicos; a titularidade dos bens ten un carácter secundario na preocupación constitucional.

<sup>16</sup> E. ROCA, *El patrimonio artístico y cultural*, Madrid, 1976, p. 28, coa dirección de ÁLVAREZ GENDIN e LÓPEZ RODÓ.

<sup>17</sup> R. MARTÍN MATEO, “La propiedad monumental”, *RAP* nº 49, 1966, p. 83.

<sup>18</sup> E. ROCA, *op. cit.*, p. 32, e M. BASSOLS, “El patrimonio histórico español: aspectos de su régimen jurídico”, *RAP*, 114, 1987, p. 105, que subliña a fuxida de declaracións desa natureza pola LPHE.

<sup>19</sup> A teoría do dominio público, formulada no século pasado, non pode prescindir dese arrastre histórico “irracional” (a alusión ós elementos histórico e racional no dereito español do patrimonio artístico e cultural en P. GARCÍA-ESCUADERO e B. PIENDAS, *El Derecho del Patrimonio histórico: Teoría General*, Madrid, 1986, pp. 25 e ss.).



Na Lei 13/1985 do 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español (LPHE) onde pode comprobarse con maior amplitude o acollemento da citada doutrina dos bens culturais. O denominado Patrimonio Histórico Español é concibido como “unha riqueza colectiva que contén as expresións máis dignas de aprecio na contribución histórica dos españois á cultura universal”, é un “elemento de identidade cultural” e os “bens que o integran convertéronse en patrimoniais debido exclusivamente á acción social que cumpren, directamente derivada do aprecio co que os mesmos cidadáns os foron revalorizando”.

Certamente, recoñécese a titularidade estatal –ou pública– dalgúns deses bens; pero o decisivo é aquela funcionalidade debida á “acción social que cumpren”. E, por iso, no seo do Patrimonio Histórico Español se lle outorga unha singular protección e tutela á categoría de “bens de interese cultural” (arts. 9 a 13), que non depende da súa titularidade estatal ou privada.

Resulta congruente con todo o anterior que o Consello de Europa, coa Recomendación 987/1984 da súa Asemblea Parlamentaria, declarase a ruta xacobeá como primeiro itinerario **cultural** europeo.

A doutrina exposta serve para a delimitación de competencias estatais e autonómicas sobre cultura, de acordo coa natureza concorrente das mesmas e non exclusiva do Estado.

## **5. Outros títulos de competencias incidentes**

Desde esta consideración de elemento cultural han de examinarse as demais competencias que, por diferentes títulos, inciden no “Camiño de Santiago” como unidade.

**a.** Un deses outros títulos competenciais é o do **medio ambiente**. Téñase en conta que o “Camiño de Santiago” non é calquera vía que chegue a Santiago de Compostela e que o camiño histórico, ateigado de bens histórico-artísticos, é tamén unha paisaxe.

O artigo 149.1.23 da CE, co seu abeiro no artigo 45 da mesma, atribúelle ó Estado competencia exclusiva sobre a materia sen prexuízo da competencia das comunidades autónomas para dictar “normas adicionais”, entendén-

dose pola STC 170/1989 do 19 de outubro, que a lexislación do Estado “non cumpre neste caso unha función de uniformidade relativa, senón máis ben **de ordenación mediante mínimos** que han de respectarse en tódolos casos, pero que poden permitir que cada unha das comunidades autónomas, con competencia na materia, establezan niveis de protección máis altos que non entrarían só por iso en contradicción coa normativa básica do Estado”.

Estas normas adicionais, segundo o artigo 27.1 do Estatuto de autonomía de Madrid pódense referir a “evitar o deterioro dos equilibrios ecolóxicos” incluíndo na relación exemplificable a conservación dos “testemuños culturais dentro do territorio da Comunidade”.

A consideración de cada caso concreto será decisivo para a selección do título competencial preferente. A citada STC 170/1989 considera como tal, o relativo ó medio ambiente nun Parque Nacional.

O título sobre medio ambiente manéxase amplamente na STC 149/1991 do 4 de xullo sobre a Lei de costas para recoñece-la competencia estatal predominante sobre a que as comunidades autónomas teñen en exclusiva sobre ordenación do territorio, litoral e urbanismo:

“Esta natureza e estas características da zona marítimo-terrestre non se reducen, como é ben sabido, ó simple feito físico de ser esa zona o espacio no que entran en contacto o mar e a terra. Desda situación derivan unha serie de funcións sociais que a Carta Europea do Litoral resume, no primeiro dos seus apartados, sinalando que é esencial para o mantemento dos equilibrios naturais que condicionan a vida humana, ocupa un lugar estratéxico no desenvolvemento económico e na reestructuración da economía mundial, é soporte das actividades económicas e sociais que crean emprego para a poboación residente, é indispensable para o recreo físico e psíquico das poboacións sometidas á presión crecente da vida urbana e ocupa un lugar esencial nas satisfaccións estéticas e culturais da persoa humana. Para servir a estas funcións o lexislador estatal non só está facultado, senón obrigado, a protexe-lo demanio marítimo-terrestre a fin de asegurar tanto o mantemento da súa integridade física e xurídica, como o seu uso público e seus valores paisaxísticos”.

E trátase de finalidades, continúa dicindo a sentenza,

“que abeira o artigo 45 CE”. É de nota-la interrelación das notas definitórias da materia, entre as que figura a cultura, como sucede tamén na Carta Europea de Ordenación do Territorio, aprobada pola CEMOT (Conferencia Europea de Ministros de Ordenación do Territorio) o 23 de maio de 1983, citada pola referida sentenza, segundo a cal a ordenación do territorio é “expresión espacial da política económica, social, **cultural** e ecolóxica de toda sociedade”.

No caso do “Camiño de Santiago” a consideración do título sobre o medio ambiente debe respecta-la natureza predominante da materia cultura. En cambio, a competencia para normas adicionais, entendida como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, atoparía unha lóxica razón de ser no interese predominante daquela.

Como técnica de protección do medio ambiente recoñecida por o TC (STC 64/1982, do 4 de novembro), corresponderalle ó lexislador “defender e restaura-lo medio ambiente”, dentro do programa de recuperación e de restauración do Camiño de Santiago.

**b.** Desde a formulación que se está realizando ha de comprenderse tamén a funcionalidade do título competencial sobre a **ordenación do territorio e o urbanismo**, recoñecido de exclusiva competencia das comunidades autónomas, que ha de xogar no ámbito do medio ambiente e do patrimonio histórico-artístico, como, doutra parte, ten recoñecido o dereito positivo.

A lexislación urbanística fai referencia ás construcións en lugares que formen parte dun grupo histórico-artístico ou as súas zonas lindantes e, como regra xeral, establécese a necesidade de que tales construcións se adapten no básico ó ambiente en que estivesen situadas, existan ou non plans de ordenación aprobados. Son normas de directa aplicación<sup>20</sup>.

Así mesmo, a Lei 16/1985, do 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español, dispón determinadas normas para a utilización destes bens: esixencia de autorización para calquera cambio de uso (art. 36.2); esixencia de notificación previa a calquera alleamento e facultade da Administración para exercer-los dereitos de tanteo e retracto (art. 38.1 a 5)<sup>21</sup>; impedindo derrubamentos e sus-

<sup>20</sup> Art. 138 do texto refundido da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana aprobado polo Real decreto legislativo 1/1992 do 26 de xuño.

<sup>21</sup> *Vid.* f.x. 18, STC 17/1991, que declara a constitucionalidade destes preceptos.

pendendo calquera clase de obra ou intervención dun ben declarado de interese cultural (art. 37.1); realización de modo directo das obras necesarias cando o requira a máis eficaz conservación dos bens (art. 36.3), etc. Son todas elas normas que o lexislador estatal dictou en exercicio das súas competencias para a defensa do Patrimonio Histórico (art. 149,1,28), pero a execución corresponderalles, ó noso xuízo, ás CCAA, non só polo amplo matiz urbanístico que levan consigo, senón pola competencia que segundo o art. 148.1.16 e os estatutos de autonomía ostentan as CCAA, e concretamente a de Galicia, sobre o Patrimonio Histórico-Artístico, sen prexuízo das medidas que adopte o Estado, no ámbito das súas competencias, para a defensa daquel.

Conforme á lexislación urbanística en vigor, os plans directores territoriais de coordinación conterán determinacións sobre “as medidas específicas de protección do patrimonio histórico-artístico, arquitectónico e cultural, non só en canto lles afecten a monumentos e conxuntos, senón tamén ó seu contorno ou ós espazos que sexan precisos para preservar determinadas perspectivas” (art. 11 do Regulamento de planeamento urbanístico).

Así mesmo, o art. 138 do texto refundido da Lei do solo establece que “as construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, arqueolóxico, típico ou tradicional terán que harmonizar co mesmo, ou cando, sen existir conxunto de edificios, houbese algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados” (apartado a). Ademais, “nos lugares de paisaxe aberta e natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais, e nas inmediacións das estradas e camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa, altura dos edificios, muros, peches, ou a instalación doutros elementos, limite o campo visual para contempla-las belezas naturais, rompe-la harmonía da paisaxe ou desfigura-la perspectiva propia do mesmo” (apartado b).

A Lei 16/1985, do 25 de xuño, articula unha nova figura de planificación específica para protexe-lo Patrimonio Histórico-Artístico. No seu art. 20 dispón:

“A declaración dun conxunto histórico, sitio histórico ou zona arqueolóxica, como bens de interese cultural, determinará a obriga para o municipio ou municipios nos que se encontrasen, de redactar un plan especial de protección da área afectada pola declaración ou outro instrumento de planeamento dos previstos na lexislación urbanística que cumpra en todo caso as esixencias nesta lei establecidas. A aprobación do dito plan requirirá o informe favorable da Administración competente para a protección dos bens culturais afectados”.

c. A todo isto ha de engadirse a consideración primaria de **ben de dominio público viario**, coa súa distribución de competencias por razón do territorio e **non integradas** na rede do Estado (art. 148.5º da CE), que leva consigo non só protección, senón tamén delimitación e fixación, recuperando trazados históricos esenciais.

## 6. Colaboración e coordinación administrativa en relación co “Camiño de Santiago”

**1.** Este entrecruzamento de títulos competenciais reclama unha **colaboración necesaria**, como concreción da sempre indispensable e agora actual lealdade federal ou deber de fidelidade ó sistema recollido polo Tribunal Constitucional<sup>22</sup> e que como dereito positivo se recolle no artigo 6 da Lei 30/1992 e no artigo 57 da Lei 5/1985 de bases de réxime local.

A esa idea de colaboración, propia de competencias concorrentes, alude a STC 17/1991 do 31 de xaneiro:

“como sinalou a abundante xurisprudencia deste tribunal (SSTC 80/1985, 18/1982 e 96/1986, entre outras), existe un deber xeral de colaboración entre o Estado e as comunidades autónomas que non é preciso xustificar mediante preceptos concretos (e que se ve reforzado polo mandato do art. 149.2), porque é de esencia ó modelo de organización territorial do Estado, implantado pola Constitución; de xeito que a previsión xenérica de medidas que faciliten a “súa” colaboración e o mutuo intercambio de información en materia de patrimonio histórico, non só non se pode considerar contrario á Constitución, senón esixido polo artigo 149.2 CE, porque ademais o precepto fala de “facilitar (non impoñer) esa colaboración” (a da Administración do Estado), cos restantes poderes públicos e a destes entre si”.

Esa colaboración tivo xa importantes manifestacións:

<sup>22</sup> STC do 28 de xaneiro de 1986, *ad exemplum*.

Pues bien, estas afirmaciones –producto de la filosofía política y del espíritu económico que nos embarga en los tiempos actuales– son difícilmente compatibles y asimilables en un sector como el urbanísticos, con un mercado rígido y con un derecho constitucional que es necesario proteger, cual es el acceso a una vivienda digna y adecuada (art. 47 de la Constitución).

Si la desregulación, es decir, la eliminación de procedimientos, requisitos y la dejación al mercado del establecimiento de las reglas de juego, es posible y deseable en determinados ámbitos económicos, con el fin de lograr un sistema de competencia que haga mucho más eficaz el sistema productivo y más económico y barato los bienes que así surjan, es necesario señalar que tal técnica no es posible de ninguna manera extenderla a ámbitos en donde los derechos fundamentales puedan resultar cercenados o debilitados, y en donde los sectores de la población económicamente más desprotegidos serán quienes sufran las consecuencias de tan implacable sistema.

Bien es verdad que la regulación existente en la Ley del Suelo no resuelve con la eficacia y flexibilidad necesaria en los actuales momentos las exigencias y satisfacción del interés público, pero no hay que olvidar que todo el proceso urbanizador y edificatorio exige cuantiosas inversiones, elección de un modelo territorial, todo lo cual no lo puede hacer únicamente el mercado, sino que la única garantía de su racionalización y de que este sistema va a cubrir las necesidades de todos los sectores sociales, se encuentra en el hecho de que es a la Administración a

quien corresponde dirigir y controlar tal proceso de urbanización.


En este sentido, conviene resaltar las recomendaciones efectuadas por el Tribunal de Defensa de la Competencia en su Informe sobre los "Remedios políticos que pueden favorecer la libre competencia en los servicios y atajar el daño causado por los monopolios", 1994, que, refiriéndose a la competencia en el mercado del suelo urbano, sostiene que debe cambiarse la óptica actual, en el sentido de que han de definirse las zonas del territorio consideradas como suelos no urbanizables, en función de un plan de prioridades públicas, de acuerdo con valores medioambientales, paisajísticos y ecológicos, mientras que el resto del territorio debe ser, en principio, urbanizable (pags. 203-204).

En contraposición a lo anterior, la Comisión de Expertos sobre Urbanismo, ha emitido un aquilatado documento que debe servir de reflexión sobre las cuestiones básicas que se plantean actualmente en el ámbito del urbanismo –su segundo Borrador de Recomendaciones de avance normativo y políticas de suelo, 10 de octubre de 1994–, y donde se abordan algunas de las cuestiones que se han apuntado aquí, recomendando la simplificación de la regulación de la actividad urbanizadora sin merma de la capacidad del control social del espacio colectivo, a través del planeamiento y de la normativa urbanística. En este sentido, se estudian distintas medidas para flexibilizar el sistema de planeamiento, que van desde la tramitación conjunta del planeamiento de desarrollo y de los restantes instrumentos necesarios para su ejecución, hasta la necesidad de encontrar mecanismos que faculten razonablemente el cambio de clasificación y calificación del suelo.

Asimismo, este documento tan relevante apuesta por la simplificación del sistema de clasificación del suelo, concretándose tal medida en la necesidad de unificar el régimen de las zonas urbanizables (en realidad, desaparición de los Programas de Actuación Urbanística, como paso previo intermedio), y la homogeneización del régimen del suelo urbanizable y del suelo urbano no urbanizado, a través de la equiparación de los sistemas de ejecución, costes de urbanización, estándares y participación pública en las plusvalías.



Por último, debe destacarse que el referido documento insiste en la necesidad de establecer mecanismos que permitan a los particulares emprender iniciativas de urbanización de los suelos urbanos que no estén urbanizados y de los urbanizables, siempre que se cumplan los requisitos de racionalidad económica y de calidad urbana determinados en la Ley y en el planeamiento.

En realidad, la Comisión de Expertos se decanta por apurar el vigente sistema normativo, y no por su desaparición y sustitución. 

Pablo  
González  
Mariñas

Profesor titular de  
dereito administrativo.  
Universidade de  
Santiago de Compostela

# Centralización e descentralización no pensamento de Manuel Colmeiro

## I.

### **Introducción**

É notorio que D. Manuel Colmeiro non foi só un eximio xurista, senón tamén historiador e economista político e que, dentro do dereito, tampouco limitou a súa obra ó estricto campo administrativo, aínda que sexa esta vertente da súa ciencia a que neste simposio consideramos de maneira preferente. A vastidade da súa obra, o seu carácter pluridisciplinar, o sistemático enlace entre teoría e práctica, a combinación entre dereito administrativo e ciencia da Administración, e en fin a trabazón global e interrelacionada de todo o seu pensamento converte en tarefa nada fácil a de esgazar un sector, unha parte do mesmo e valorala axeitadamente desde a perspectiva de hoxe en día.

Por outra banda, o dilatado tempo que abrangue a súa produción científica, medio século –tense dito– de pensamento xurídico público español, provoca unha fértil evolución das súas teorías e posicionamentos, que se enriquecen e modulan ó compás dos cambios sociais, políticos e legislativos do convulso período histórico que lle tocou vivir. A España de 1845, cando publica Colmeiro o seu *Tratado de Economía Política Ecléctica*, é obviamente moi distinta da que contempla a aparición das últimas edicións dos seus *Elementos del Derecho Político y Administrativo de España*. E en canto ó réxime local as diferencias son sen dúbida moi acusadas. Aínda dentro dun innegable e constante fondo centralista, pouco ten que ve-la visión antimunicipalista que revela a Constitución de 1845 co ambiente doutrinal de fin de século, coa súa dura crítica á centralización que seguía levando consigo a lexislación local da Restauración, ambiente que revelan por exemplo os escritos dun conservador como Sánchez de Toca ou os aínda máis aceirados de Gumersindo de Azcarate<sup>1</sup> ou Elías Romera, que desenvolvería máis tarde Adolfo Posada<sup>2</sup>. Nada diso podía pasarlle desapercibido a Colmeiro e a súa obra, loxicamente, non se libra do peso do “logos da época”.

Todo isto, sen embargo, non me exime de tentar, aínda que sexa con tan difíciles condicionamentos, avanzar no tema proposto: centralización e descentralización no pensamento de Manuel Colmeiro.

Ó acoutar esta temática, son consciente de que, aínda sendo unha parte, constitúe sen embargo un tema cardinal no pensamento de calquera publicista do século XIX e aínda de hoxe en día. E quero palia-los riscos de descontextualización lembrando as afirmacións iniciais do seu *Derecho Administrativo*: que “la libertad de moverse dentro de ciertos límites”; que “toda sociedad política debe abrigar una existencia individual bajo su forma colectiva”; que hai que “levantar el régimen de la libertad política sobre los eternos cimientos de la liberad individual”; e, en definitiva que “a la autoridad social corresponde mantener el equilibrio entre las fuerzas individuales que pugnan por adquirir una independencia anárquica y las fuerzas sociales que propenden a una concentración despótica. Este pacto de alianza –conclúe– entre el orden y la libertad es el arduo problema de los políticos y la

<sup>1</sup> *El self-government y la monarquía doctrinaria*, Madrid, 1877.

<sup>2</sup> Cfr. TUSELL GÓMEZ - CHACÓN ORTIZ, “La reforma de la Administración Local en España (1900 - 1936)”, IBA, Madrid, 1973, p. 35-36.

tierra de promisión que los pueblos vislumbran como término al nebuloso horizonte de nuestro siglo".<sup>3</sup>

Pois ben, esta proposta de fondo sentido humanista e de equilibrio entre liberdade individual e social, proyéctase tamén con toda a súa forza cando Colmeiro aborda a relación entre os poderes centrais e locais. A resultante da tensión dialéctica entre centralización e descentralización, a pesar da evolución dos últimos anos cara a unha maior sensibilidade local, que creo ter constatado, non se vai afastar en ningún caso da busca dun prudente equilibrio conciliador de liberdades.

Pola súa parte, o outro condicionante (o longuísimoo lapso histórico en que produce a súa obra) obriga por forza a unha visión evolutiva do seu pensamento. Sobre o texto inicial común, Colmeiro vai introducindo significativas adicións, novos parágrafos expresivos de novas preocupacións e matices. E neste sentido a difícil cuestión da centralización é, como se verá, probablemente paradigmática.

Todo iso obrígame a unhas precisións iniciais sobre o contexto temporal e ideolóxico en que Colmeiro comeza e desenvolve a súa obra sobre esta crucial dialéctica centralización-descentralización.

## II.

### Contexto temporal e ideolóxico: precisiones previas

#### 1. A centralización, instrumento na construcción da unidade nacional

"El Estado moderno continental es hijo de la centralización. Teniendo como ideal y modelo el Estado unitario clásico, a partir de la Edad Media, la Monarquía constituye un centro de atracción y de unificación que, siguiendo un proceso ininterrumpido, va fraguando los modernos Estados por una constante acción centralizadora... La obra de la Monarquía absoluta es la centralización política, simbolizada en la famosa frase de Luis XIV 'el Estado soy yo'; su medio más decisivo, la concentración del poder físico, de la coacción, simbolizada en el arranque del Cardenal Cisneros: 'Esas son mis ra-

<sup>3</sup> COLMEIRO, M., *Derecho administrativo español. Madrid y Santiago; Valparaiso y Lima*, 2ª edición, 1858, T.I, p. 5.

zóns'. No fue posible llana ni dejó de levantar resistencias considerables la acción centralizadora, pero, a diferencia de lo ocurrido en Inglaterra, en el continente fueron siempre vencidas.

La centralización administrativa se inicia cuando la política ha vencido ya, pero no llega a consumarse sino en el nuevo régimen abierto por la revolución francesa. Aprovechando ocasiones oportunas, van desapareciendo los privilegios y fueros, para ser sustituidos por reglas más uniformes; afirman los Monarcas su derecho a intervenir y, luego, a nombrar funcionarios y hasta vender oficios de la Administración local; surgen, junto a las antiguas magistraturas honoríficas, funcionarios servidores de la Corona, que son los que verdaderamente tramitan los asuntos, fiscalizan y actúan en todas las corporaciones y resuelven e informan sobre los más insignificantes negocios y nombramientos. El Estado constitucional ultima la obra borrando todas las diferencias de clase o profesión, suprimiendo los cuadros corporativos, estableciendo una división sin bases históricas, afirmando que la soberanía es una e indivisible, y perteneciente a la Nación, organizando los funcionarios sobre la base jerárquica y haciendo de la Administración, así centralizada, el poder principal dentro del Estado".

Estas palabras de Jordana de Pozas, escritas en 1924<sup>4</sup>, sintetizan admirablemente a secuencia lóxica e histórica da centralización e a súa transcendencia na construción do Estado moderno. Como é sabido, en España, cos Austrias, subsisten moitos particularismos de textura medieval e existe certa conciencia de monarquía federal en simple "unión persoal"<sup>5</sup>. Pero as cousas cambian radicalmente coa entronización dos Borbóns. O absolutismo borbónico tende xa abertamente ó "uniformismo centralista", que se converterá a fins do século XVIII en "razón revolucionaria e napoleónica".<sup>6</sup>

Este *leitmotif* último da centralización, como instrumento ou proceso de construción do Estado nacional, contribúe a confundi-las cousas cando á altura dos nosos tempos se trata de xulgar ou valorar, con ollos de administrativista, a posición centralizadora ou descentralizadora de autores que escribiron hai século e medio e o fixeron inmersos nun contexto onde o político, aquela construción e consolidación do Estado nacional, ten aínda tal forza de impregnación das consciencias que impide disquisicións xurídicas menores e esquece o valor -ro-

<sup>4</sup> JORDANA DE POZAS, L., *Derecho Administrativo*, T.II, Biblioteca Jurídica de la Escuela Politécnica Matritense, Madrid, 1924, p. 221.

<sup>5</sup> CARBALLO CALERO, R., "Feixó e a razón borbónica", *Grial*, outubro-dецembro 1969, p. 415.

<sup>6</sup> *Ibidem*.

mántico dise- da diversidade e os particularismos. Un contexto, ademais, próximo aínda á Revolución que, afirmándose na centralización, combatía as liberdades locais xustamente como medio de defende-las liberdades individuais que proclamara e enfatizara.

Non ter en conta estes dous presupostos conduciría a graves erros de xuízo sobre a posición de Manuel Colmeiro en torno a este conflictivo binomio centralización-descentralización, risco sen dúbida xeneralizable a outras moitas das súas opinións.<sup>7</sup>

## 2. O binomio centralización-autoridade, descentralización-liberdade

Comezando pola segunda das cuestións apuntadas, está claro que, co tempo, se foi consolidando o tópico, utilizado ademais polos nosos clásicos e o propio Colmeiro como punto de partida das súas consideracións, de que a centralización favorece a autoridade en tanto que a descentralización favorece a liberdade. E sen dúbida os azarosos acontecementos do XIX español van nutrir, andando o tempo, de base real tal automatismo. Sen embargo, isto non ocorre na primeira metade do século.

Non descubro nada novo ó lembrar –Ariño fíxoo valentemente en 1972– o paradoxo “de que os procesos de centralización estivesen inspirados en España polos liberais progresistas que ó mesmo tempo que propugnaban a elección dos alcaldes, abolían as vellas liberdades locais: naturalmente, estas liberdades locais non eran –di Ariño– senón a pantalla de oligarquía e caciquismos”<sup>8</sup>. No meu traballo sobre as deputacións provinciais en Galicia, no tránsito do Antigo Réxime ó constitucionalismo, tiven ocasión de insistir nesta idea. Os xuízos negativos que hoxe se poden facer destas corporacións non son trasladables ás súas orixes. Resultaría pueril e historicamente inexacto identifica-lo espírito centralizador que sen dúbida supoñía a súa implantación con tiranía opresiva antiliberal nos momentos do noso primeiro constitucionalismo. Xustamente foi todo o contrario. Foron os liberais progresistas os que as defenderon con máis ardor fronte ás reticencias dos pobos, dominados aínda polas estruturas de poder do Antigo Réxime; reticencias, polo tanto, non das clases populares, senón dos vellos concellos, que

<sup>7</sup> Sobre este punto, *vid.* RODRÍGUEZ ARANA-MUÑOZ, J., “Manuel Colmeiro: un ilustre administrativista gallego”. *REGAP*, 1994, p. 84.

<sup>8</sup> ARIÑO ORTIZ, G., *Descentralización y planificación*, IEAL, Madrid, 1972, p. 23.

vían nas deputacións un perigoso e eficaz instrumento de racionalización uniformadora e ablatoria de antigas exencións e privilexios. En definitiva, un poderoso medio de defensa das liberdades individuais fronte ás oligárquicas liberdades locais<sup>9</sup>. Sen esta referencia de contexto, poderían interpretarse equivocadamente os eloxios á centralización tan frecuentes na primeira metade do XIX e que veremos tamén en Colmeiro.

### 3. A centralización, concepto e plurívoco

E esta mesma advertencia debe xogar respecto do peso da centralización en canto factor de integración, de unidade do Estado, que tan emotivos escritos xeraría na primeira metade do XIX en Francia e en España e que tamén afecta, aínda que en menor medida, ós escritos de Colmeiro.

Digo isto porque tal circunstancia ou fervor de índole política produce confusións e equívocos á luz dos decantados conceptos xurídicos e organizativos actuais.

En efecto, nas súas orixes a centralización semella o que na xerxa actual acostumamos chamar un “concepto *omnibus*”. Parece que nel coubese un pouco de todo, en arbitraria confusión dos planos político, administrativo, normativo e ata económico. O profesor Ariño documentou minuciosamente esta inicial confusión conceptual con precisas referencias ás obras de Aucoc, Vivien, Cormenin, Florent-Lefebvre, Tocqueville ou, entre nós, de Lista, Oliván, Ortiz de Zúñiga ou Silvela. E ata o primeiro Colmeiro, aínda dentro do seu maior rigor técnico, non se libra do xeneralizado equívoco que leva consigo a confusión nos planos político e administrativo ó tratar da centralización.

A clave está, sen dúbida, na obsesión pola consolidación da unidade nacional. Non se está a falar, en realidade, nesta época de centralización administrativa; “o que os nosos clásicos propugnan –di Ariño– cando falan de centralización é a necesaria unidade política, aínda non conseguida”<sup>10</sup>. Xa Jordana de Pozas<sup>11</sup> e García-Trevijano resaltaran este dato, insistindo este último na diferente contraposición conceptual que se produce antes e despois de conseguida a unidade do Estado:

<sup>9</sup> GONZÁLEZ MARIÑAS, P., *Las diputaciones provinciales en Galicia: del Antiguo Régimen al Constitucionalismo*, A Coruña, 1978, p. 177 e ss.

<sup>10</sup> Cit., *Descentralización...*, p. 37.

<sup>11</sup> “Esta palabra (centralización) recibe corrientemente y en la Ciencia dos sentidos diferentes. Se bien implica el proceso en virtud del cual se llega al Estado Nacional e hasta a la fuerza estrictamente indispensable para que se mantenga a unidade del mismo, o bien se aplica a un réxime por el cual la personalidad pública o se arroja un gran predominio sobre aquellas la existencia de las cuales consiente”. En *Derecho...*, p. 220.

“...La lucha durante el Antiguo Régimen se estableció entre la «excentralización», es decir, la desintegración del poder en una serie de centros autónomos (villas, ciudades, gremios y comunidades, señoríos, etcétera) y la necesidad de construir el Estado, como único centro soberano (centralización del poder); una vez conseguido esto (lo cual es obra de la Revolución), la lucha se plantea entre centralización y descentralización administrativa (esto es, de competencias y servicios públicos), con un sentido totalmente diferente, pues exige la idea previa de orden unitario estatal total”.<sup>12</sup>

A idea estaba xa expresada fielmente por Colmeiro en 1850. Tras afirmar que a centralización, sendo un ben, pode ás veces non convirle a un pobo, as circunstancias do cal repelan temporalmente a aplicación dun réxime uniforme á Administración do Estado, di:

“Entonces debe la Administración empezar por introducir la unidad, y sobre esta base establecer la centralización (...), porque no es la centralización quien conduce a la unidad, sino ésta quien nos guía hacia aquella. La unidad se funda en vínculos morales, mas toda centralización ficticia solo existe por la fuerza”.

Este é, aínda, o ambiente intelectual de loita pola consolidación da unidade do Estado en que escribe o primeiro Colmeiro que, máis adiante, irá introducindo moi atinadas precisións sobre o concepto de centralización, a súa contraposición á descentralización e as súas respectivas virtudes. Desface-los tópicos de confusión que quedan expostos axudará a situar mellor o seu pensamento. Coido, ademais, que a metodoloxía sería grata para el, que non en van inducía a separa-la codia cando se fala de historia e non esquece-la raíz última dos acontecementos e das posicións que fronte a eles se adoptan; “poco aprovecha –escribiu en 1857, no seu discurso de ingreso na Real Academia da Historia– para juzgar con acierto un período cualquiera de la historia, seguir paso a paso la mudanza de repúblicas y dominios, si la relación de los sucesos no se acompaña de la relación de los misterios de la vida ciudadana”. Sen chegar obviamente á categoría de “misterios”, os dous condicionantes históricos que quedan expostos operan no fondo das posicións xurídico-políticas e deben ser tidos moi en conta na valoración que hoxe se faga delas.

<sup>12</sup> Citado por ARIÑO, *Descentralización...*, p. 40.



## III.

## Contribución de Colmeiro

1. A distinción "unidade" - "centralización".  
"Centralización política" e  
"centralización administrativa"

Estas distincións non aparecen nitidamente trazadas nos primeiros escritos de Colmeiro. Na primeira edición do seu *Derecho administrativo español* (1850), a confusión de planos é evidente. Pode nela lerse: "la centralización administrativa es la concentración en el poder ejecutivo de cuantas fuerzas son necesarias para dirigir los intereses comunes de una manera uniforme. La centralización es la unidad en la nación y en el poder, o la unidad en el territorio, en la legislación y en el Gobierno"<sup>13</sup>. La resonancia de los apasionados y reiteradamente exhumados escritos de Cormenin, a quien Colmeiro cita expresamente, son aquí evidentes. "Centralizar –conclúe Colmeiro– es someter todas las personas y todos los intereses a la ley de la igualdad, y distribuir equitativamente los beneficios y las cargas anejas a la cualidad de ciudadanos. Es al mismo tiempo establecer una regla de orden imprimiendo a las fuerzas sociales una dirección única y robusteciendo el poder que vela por la paz interior y por la independencia nacional"<sup>14</sup>. No se asume aquí todavía la diferenciación que incipientemente apuntara ya Posada Herrera en sus "Lecciones de Admnsitración".<sup>15</sup>

Sen embargo, tan só cinco anos máis tarde, vai introducir algunhas precisións a este respecto que xa apuntan á súa máis evolucionada formulación posterior. En efecto, en 1855 publica Colmeiro a súa magna obra *De la constitución y del Gobierno de los Reinos de León y Castilla*. O capítulo XVI do T.I leva por rúbrica "De la unidad nacional". Describe nel prolixamente o avance histórico cara a esta unidade e en que medida este proceso foi dificultado por "las diferencias de origen, de principios, de leyes y costumbres de cada región". E, concluído este excursio, aborda xa diferenciadamente a centralización administrativa. "Al mismo tiempo –di– que las leyes se uniformaban, propendía la Administración a concentrarse, pasando a manos del rey la mayor y mejor parte de las facultades que venían ejerciendo desde muy antiguo los concejos; y no apresuraba poco esta mudanza la institución de los co-

<sup>13</sup> COLMEIRO, M., *Derecho administrativo español*, 1ª edición, Madrid e Santiago, 1850, p. 17.

<sup>14</sup> *Ibidem*, p. 18.

<sup>15</sup> POSADA DE HERRERA, JOSÉ, *Lecciones de Administración*. Madrid, 1843, T.I., p. 32: "...no se debe confundir la unidad con la centralización. La unidad es la igualdad de leyes y derechos; la centralización es resolver todas las cuestiones que pudiesen interesar a un país por el Gobierno Central, situado en la capital de la Monarquía".

<sup>16</sup> COLMEIRO, M., *De la constitución y del Gobierno de los Reinos de Castilla y León*. Madrid e Santiago, 1855, p. 189.

<sup>17</sup> *Ibidem*, p. 190.

<sup>18</sup> Por exemplo, o egoísmo local debe ser superado non xa por un xeneroso “espírito nacional” (1850), senón por un xeneroso “amor á patria” (1858); ou a inclusión da lenda *unus Deus, unha lex, unum imperium* á hora de fundamentala conveniencia da libre acción do Goberno en orde á prosperidade da nación. Tal adición ten un puro sentido de reforzamento expresivo ou literario e mesmo contradí a evolución do seu pensamento que trato de constatar.

<sup>19</sup> Cit. *Derecho...*, 2ª edición, p. 20.

<sup>20</sup> OLIVAN, ALEJANDRO, *De la administración pública con relación a España*, Madrid, 1843.

<sup>21</sup> ORTIZ DE ZUÑIGA, M., *Elementos de Derecho administrativo*. Granada, 1842-43.

<sup>22</sup> ARIÑO (cit., *Descentralización...*, p. 38) recolle este ilustrativo parágrafo do seu “Discour su la centralisation”, de 1842: “c’est un spectacle misérable eût digne de pitié de voir Barcelonne, Cadix, Valence, Burgos, Sarragossse, Bilbao, Malaga, lever à chaque secousse leurs têtes rivales, et constituer capricieusement des juntes insurrectionnelles, au lieu de s’unir à la métropole pour comprimer l’anarchie”.

regidores, magistrados sumisos a la corona, en reemplazo de los alcaldes o jueces de fuero, cuyo origen popular era tan acomodado al intento de mantener vivo el espíritu municipal”<sup>16</sup>. A distinción é xa clara, se ben para Colmeiro o proceso revela tardanza e non moito éxito: “Ni las reiteradas tentativas del Gobierno para uniformar las leyes, ni los pasos dados en la senda de la centralización administrativa produjeron resultados sino a medias”<sup>17</sup>.

Non tardará, sen embargo, moito Colmeiro en precisar definitivamente a distinción. Constitúe unha tarefa moi reveladora compara-la primeira edición do seu *Derecho administrativo* (1850) coa segunda, aparecida, como é sabido, en 1858. Non me refiro agora a retoques de estilo por máis que poidan ser significativos<sup>18</sup>, senón á inclusión na segunda edición dun novo parágrafo (o 36), que precisa definitivamente as cousas. Di así:

“Importa en extremo distinguir la centralización política y la administrativa, que pueden hallarse juntas ó separadas. La centralización política consiste en la unidad del poder supremo ó soberanía, y en el libre ejercicio de los derechos que de esta fuente se derivan; y la centralización administrativa se muestra en la concentración de las facultades inherentes al poder ejecutivo, en cuanto promueve los intereses comunes.

En España, durante la edad media, no existió ninguna de estas dos maneras de centralización. Desde los Reyes Católicos hasta que hizo asiento entre nosotros el gobierno representativo, hubo una grande concentración política, ligada con una no menor excentralización administrativa, porque el poder real tenía límites prudentes en la autoridad de los Consejos y en la vida propia del municipio. Ahora tenemos la excentralización política, consecuencia de la división de los poderes públicos, y la centralización administrativa, resultado del principio de la libertad de acción del poder ejecutivo con la cautela de la responsabilidad de los ministros”.<sup>19</sup>

Atrás quedaban anteriores confusións, que posuían a un Olivan<sup>20</sup> ou a un Ortiz de Zúñiga<sup>21</sup> e por suposto a tantos e tantos autores franceses que escriben na primeira metade do XIX, non afastados aínda do fervor revolucionario, e que influíron notablemente no noso primeiro iusadministrativismo. O caso de Cormenin é ben significativo, xa que –como detectou Ariño– xulgou desde tal perspectiva non só a realidade francesa, senón tamén a española, proxectando sobre ela un relevante influxo.<sup>22</sup>

A contribución de Colmeiro é pois, aquí, importante. Clarifica a anterior confusión e dá un paso destacado na precisión xurídica do concepto de centralización. O seu proceso mental é semellante ó de Batbie (un autor tamén reiteradamente citado por Colmeiro e co que mantiña fluída correspondencia), que vai distinguir axiña entre a centralización **política** e a centralización **administrativa**, ás que el engadiría un terceiro termo: a centralización **moral**.<sup>23</sup>

Edicións posteriores do seu *Derecho administrativo* ofrecen xa unha acabada mostra das súas precisións conceptuais. Nos seus *Elementos del Derecho Político y Administrativo* (sexta ed., 1881) os termos de distinción son xa inequívocos:

“Lo primero es distinguir la unidad de la centralización. Aquella consiste en la homogeneidad de afectos, ideas e intereses colectivos que se reflejan en el estado, y ésta significa la concentración en el poder ejecutivo de todas las fuerzas necesarias para promover el bien común dentro de su esfera. La unidad se funda en vínculos morales que la hacen voluntaria y permanente, y la centralización puede ser ficticia y pasajera, sobre todo cuando constituye un régimen de fuerza. La unidad es una condición de la sociedad, y la centralización un modo de ser del Gobierno.

Lo segundo importa no confundir la centralización política y la administrativa, porque esta denota la absorción por el Gobierno de todas o la mayor parte de las facultades inherentes al poder ejecutivo, de modo que poco o nada se reserva a la acción libre de las corporaciones populares; y ésta sustituye el sistema de la división de los poderes públicos con la unidad del poder supremo o la concentración absoluta de la soberanía.

El grado máximo de la centralización política supone la unidad en el territorio, la legislación y el Gobierno.

Cuando el Gobierno se abstiene de hacer la ley y administrar xustiza, pero se arroga íntegra potestad de ejecutar los preceptos del legislador relativos a los intereses comunes, sin hacer diferencia entre lo general y lo privado de un grupo de habitantes, hay centralización administrativa. El sumo grado de esta centralización consistirá en someter todas las partes del estado a la autoridad directa del Gobierno supremo, de modo que no dejase ninguna libertad de acción a los pueblos para resolver los negocios de interés local. Las autoridades y corporaciones populares, sin vida propia, cederían al superior

<sup>23</sup> BATBIE, *Traité historique et pratique de Droit public et administratif*, T. IV, 1863, p. 422 e ss. En igual sentido, PRADIER-FODERÉ, M.P., *Précis de Droit administratif*, París, 1872, p. 20.

impulso bajo la ley de una obediencia pasiva y de una ciega disciplina.

Por lo contrario, el régimen opuesto de la suma excéntrica implica la desmembración del poder ejecutivo, negando al Gobierno el derecho de intervenir en la Administración local que otra escuela política proclama independiente. En tal caso las autoridades y corporaciones populares, no sólo gozan de vigorosa iniciativa, sino que las libertades locales se elevan hasta la participación en la soberanía<sup>24</sup>.

## 2. Loanza contrapesada da centralización. Busca do equilibrio

Tamén aquí é advertible unha liña evolutiva do pensamento de Colmeiro. Na primeira edición do seu *Derecho Administrativo* as loanzas á centralización son evidentes, se ben o seu espírito temperado lle impide caer nos excesos épicos de Cormenin ou do propio Ortiz de Zúñiga. En todo caso as súas afirmacións, aínda unidas á inicial confusión conceptual, son concluíntes:

■ "A Administración debe estar centralizada".

■ "A centralización é unha reacción contra o sistema de incoherencia antigo".

■ Ofrécelles, concentrados nunha capital preponderante, "máis medios de resistencia ós inimigos interiores e exteriores do repouso público".

■ O perigo de que unha centralización desmedida ameace a liberdade dos cidadáns "non é tan formidable que non teña o seu correctivo natural" no dereito político e a existencia de responsabilidade dos mandatarios do poder público.

■ "A centralización non illa o home, senón que pola contra substitúe unha agregación limitada como a que constitúe un pobo, outra agregación indefinida que forma o Estado".

■ "A verdadeira centralización é a orde e a orde é tamén economía".

Pero debe advertirse que, xa neste o seu primeiro pensamento, Colmeiro non agocha que "a centralización lle ofrece en efecto bens á sociedade; pero non puros, senón a cambio dalgúns males". E todo o seu discurso se converte nunha contraposición dialéctica de vantaxes e

<sup>24</sup> Cfr. COLMEIRO, M., *Elementos del Derecho Político y Administrativo de España*, 6ª edición, Madrid, Librería de los sucesores de Escribano, 1881, pp. 116-117.

inconvenientes<sup>25</sup> na que trata de conciliar unidade, eficacia, orde e economía con liberdade cidadá fronte a un poder en exceso “robusto e forte” e co desexo de non “extinguí-la vida local, os intereses de pobo e as afeccións íntimas e case familiares de nacemento ou veciñanza”.

E é curioso neste punto advertir como na 2ª edición do seu *Derecho Administrativo* lle engade á frase final de Cormenin con que en 1850 concluía o parágrafo (“Elixir é asociarse e asociarse é centralizar”) este significativo parágrafo:

“Mas esta doctrina sufre menoscabo en los pueblos donde el Gobierno carece de la prudencia necesaria para respetar la libertad del sufragio, sustituyendo la voluntad personal de los ministros al voto común de los electores, porque entonces la centralización muda con el abuso de naturaleza, y deja de ser instrumento de Gobierno. En tales casos elegir es nombrar, y nombrar es corromper las costumbres públicas y privadas”.<sup>26</sup>

A busca do ansiado equilibrio apreciase desde os primeiros escritos. Colmeiro sinala, xa na 1ª edición, que “no hay una medida exacta del radio da acción administrativa central, ningún punto fijo por donde trazar la linea demarcatoria de las funciones propias de la existencia común e de la vida local”. E en sentido semellante a Posada Herrera (intereses xerais, intereses menores)<sup>27</sup>, perfila cun certo xeometrismo a doutrina dos círculos de interese que será tan grata máis adiante na regulación do réxime local e do repartimento de competencias entre os poderes centrais e locais: hai si “una regla de conveniencia para los pueblos, a saber: sujetar a una centralización máxima los negocios de importancia suma, a una centralización media los de mediano interés, e los leves a una centralización mínima, o excentralizarlos completamente”.<sup>28</sup>

### 3. A tutela e outras técnicas

Estas expresións vanse repetir en esencia nas sucesivas edicións, ata alcanzar na cuarta (1876) a formulación técnico-xurídica do principio de tutela. “Entre la absoluta independencia –di en 1876– de la Administración local (...) y la intervención de la autoridad superior en sus actos de menos importancia, suponiendo que constituyen una parte integrante e indivisible de la nación y representan intereses generales, caben diferentes grados de intervención

<sup>25</sup> Esta contraposición é usual en tódolos autores do medio século XIX. Posada Herrera efectúa nestes termos: “resultado de todo es, que la centralización produce la gran ventaja de que las leyes se ejecuten con regularidad, de que no haya dilapidaciones, de que haya unidad en el poder, de que sea más fuerte el gobierno, y tenga más energía de acción para resistir a los enemigos interiores y exteriores: causando por el contrario los inconvenientes del aumento del número de empleados, la dificultad de resolver muchos negocios que no puedan decidirse, sino en la localidad en que han nacido, y por último el de apagar el amor de los ciudadanos a su localidad, a su provincia y a su patria, y hacer triunfar la ambición y el deseo de influir en los negocios generales del país”. Cfr. cit. *Lecciones...*, p. 39.

<sup>26</sup> COLMEIRO, cit., *Derecho...*, 2ª edición, p. 27.

<sup>27</sup> Cit, *Lecciones...*, p. 41.

<sup>28</sup> *Derecho...*, 1ª edición, 1850, p. 19.

en la Administración provincial y municipal. En efecto, puede el Gobierno ejercer una autoridad perfecta y positiva sobre los asuntos de interés local; puede contentarse con un derecho de mera inspección y vigilancia para que se guarden y cumplan las leyes; y, en fin, puede optar por el temperamento de reputar menores las corporaciones populares y someterlas a la tutela del Estado”.<sup>29</sup> Como destacó Royo Villanova en 1944:

“Colmeiro adopta una posición intermedia. La centralización administrativa raya en lo absurdo, cuando desconoce que el municipio tiene derechos propios anteriores a la organización del Estado, y que negar a los pueblos una intervención en el manejo de sus intereses comunes equivale a disolver la comunidad. Hay un principio de justicia, que deslinda las atribuciones del Gobierno en sus relaciones con la Administración local: *suum cuique*. Todo lo que es general, pertenece al Gobierno, y a la provincia y al municipio lo particular o privativo de estas corporaciones populares”.<sup>30</sup>

En 1881, Colmeiro é aún más contundente:

“Aparte de que el principio en que descansa el sistema de la tutela administrativa no está fuera de controversia, es lo cierto que entre la completa absorción de las existencias locales y la necesaria subordinación a un poder central, hay mil grados distintos de autoridad del Gobierno en sus relaciones con la administración provincial y municipal. Y como ni todas las instituciones se prestan a igual organización del poder ejecutivo, ni todos los pueblos son igualmente aptos para regirse por sí propios, ocurre la dificultad de escoger el temperamento que permite el desarrollo de los intereses comunes sin menoscabo de la unidad nacional.

No hay, pues, una medida cierta del grado de centralización administrativa como regla de buen gobierno. La monarquía propende a la concentración del poder y a la ubicación de su representación multiplicando las autoridades unipersonales. La aristocracia, fuerte con sus privilegios de nacimiento, su espíritu de clase y su grande propiedad, defiende la diversidad del poder favorable a su influencia. La democracia, fiel a su dogma de la soberanía del pueblo, proclama al individuo soberano, y siendo el municipio con respecto al gobierno central una persona como otra cualquiera, solicita en nombre de sus principios la autonomía de la Administración local”.<sup>31</sup>

“Los intereses provinciales y los municipales son distintos, y distintas deben ser las autoridades que los pro-

<sup>29</sup> *Derecho administrativo*, 4ª edición, 1876, p. 22.

<sup>30</sup> Cfr. ROYO VILLANOVA, S., “Colmeiro y la Ciencia administrativa”, *REUL*, nº 14, 1944, p. 244.

<sup>31</sup> COLMEIRO, cit., *Elementos...*, p. 117.

mueven y ordenan, cada una dentro de los límites de su propia competencia. Trace la ley, la línea divisoria, dando a la provincia y al municipio aquello que según la naturaleza de una y otra comunidad les pertenece, y el Gobierno en quien reside el poder ejecutivo, vigile y modere la acción de las Diputaciones y de los Ayuntamientos.

Las libertades municipales, tan cercanas a las del hogar doméstico y a las del individuo, dejar de existir, cuando las oprime un poder arbitrario, llámase rey por derecho divino, o pueblo constituido en autoridad por sufragio universal".<sup>32</sup>

Non quero estenderme en novas citas, pois todas elas conducen a unha conclusión inequívoca: o pensamento de Colmeiro sobre a centralización e a descentralización amosa unha clara liña evolutiva. Os primeiros fervores centralizadores, achegados ós xuristas franceses do primeiro cuarto de século e en boa medida condicionados pola perspectiva política da urxencia de consolidación da unidade do Estado, se ben nunca foron extremados<sup>33</sup>, atempéranse logo, sucesivamente, ata producir unha posición de maior sensibilidade ás libertades locais. O seu pensamento está sen dúbida influído polos avatares da convulsa sociedade española do XIX e do noso réxime local. Non é obviamente o mesmo, como dicía ó principio, escribir en 1845 que de 1870 en diante, tralas leis municipais e provinciais deste ano ou a lexislación local da Restauración, por máis que a impronta centralista siga impregnando estes textos. O último Colmeiro amosa, coa súa elevada dose de ecuanimidade, comprender moi ben a dificultade de solucións extremas e radicais na dialéctica centralización-descentralización. Entre a defensa das libertades individuais ou as libertades locais –aínda “oligarquía e caciquismo” que convertía as leis en puro papel mollado– Colmeiro opta por unha prudente centralización precuadora que, tratando de preservar a vida local, non impida unha forte acción e impulso do Goberno central.

É así, cando vai apuntar xenialmente non fórmulas políticas, senón verdadeiras técnicas xurídico-administrativas. Anticipa o concepto de tutela, chega a perfilar unha correcta distinción entre as técnicas de descentralización e de desgregación, resalta, como técnica de fiscalización dos entes locais, “la facultad del superior para suspender, modificar y revocar los actos de los delegados de su au-

<sup>32</sup> *Ibidem*, p. 118.

<sup>33</sup> “La administración –dicía xa en 1858– debe proteger la vida general y común, propia de la nación, subordinando los intereses de corporación al principio de la unidad; pero debe proteger también “la vida particular o local”, dictando las reglas de la prudencia y altas razones de bien público que el poder central propenda a disminuirla o moderarla, “pero sin sofocarla o extinguirla enteramente”. Cit. *De-recho...*, pp. 129-30.

toridad" e, en fin, concreta-la figura da delegación, sempre –di– coa posibilidade, nela, de esixencia da devolución da competencia por parte do delegante. O que el mesmo cualificara a mediados de século, a centralización, como necesidade irrefragable, aparece en 1876 como "uno de los más arduos problemas de la Ciencia administrativa"<sup>34</sup>. E, consecuentemente, aplícalle conceptos técnicos xurídico-administrativos. Esta é a súa grande achega que, plena de rigor xurídico e anticipación, fai que teñamos que realizar periodicamente o san exercicio do que en expresión consagrada chamamos "volta a Colmeiro"

#### IV.

### Reflexión conclusiva

Se houbese que extraer unha conclusión verbo do posicionamento de Colmeiro na cuestión que nos ocupa, atreveríame a resaltar, aínda a risco de excesiva simplificación, tres notas que me parecen definitivas: moderación ou equilibrio, evolución acompasada ás esixencias, sobre todo constitucionais, do longo período histórico en que escribe e, finalmente, a achega dunha avanzada conceptualización e tecnificación xurídica capaz de encauzar a tensión centralización-descentralización.

O primeiro, a moderación, é notorio no seu pensamento. Podo recoller algunhas citas reveladoras. "Toda virtude extremada, trócase en vicio", di ampulosamente no seu Discurso de ingreso na Real Academia da Historia. E critica acerbadamente, por contraposición ós políticos sabios, ós arbitristas dos séculos XVI e XVII, os que aluma de "curandeiros da república" e "inventores de quimeras". Porque "los principios –conclúe– no se asientan sino es al cabo de larga observación del orden natural de las cosas, como medio necesario para descubrir las reglas generales y constantes que gobiernan el mundo".<sup>35</sup>

Compréndese que, desde este posicionamento mental e ideolóxico, se foxe das imprevisións e dos radicalismos ó trata-la desagradable contraposición centralización-descentralización. Meilán destacou con razón que, sendo toda a súa obra "unha vía media entre o puro empirismo e

<sup>34</sup> *Derecho...*, 4ª edición, 1876, p. 19.

<sup>35</sup> Cit., *Discurso sobre los políticos...*, pp. 407, 419 e 423.



a especulación abstrata”, no tocante a esta cuestión acen-túa unha clara liña de equilibrio<sup>36</sup>. É así inevitable que as súas palabras non lembren o desencanto dalgúns autores franceses do primeiro tercio do XIX antes os excesos centralizadores derivados da Revolución e da súa ansia dunha síntese equilibrada. Así, aquel Bechard que 1836 escribía:

“Diminuír, sen destruír, a vida local, particular en beneficio da vida xeral e común. Este é sen dúbida o problema da sociedade humana. Pero o que nós condenamos é o abuso do sistema, é a extinción de todo espírito de especialidade, de localidade, é a absorción de tódolos elementos sociais en proveito do poder central; é, nunha palabra a concentración do todo o Reino na capital e nos departamentos ministeriais”.<sup>37</sup>

O segundo, ese carácter evolutivo do seu pensamento, está tamén arraigado na súa profunda filosofía e trae consigo consecuencias metodolóxicas. Na segunda edición do seu *Dereito administrativo* hai unha admirable declaración sobre a inestabilidade desta ciencia, a súa conexión “co político” e a conseguinte necesidade de apear-se de verdades absolutas e modula-las técnicas xurídicas ás esixencias de cada momento, sen perde-lo norte dos principios. Di así Colmeiro:

“La ciencia administrativa enseña pocas reglas fijas y verdades absolutas para dirigir ellas la acción del Gobierno con respecto a lo intereses públicos. Mil géneros de necesidades todas distintas, la movilidad constante de los elementos sociales, su combinación tan varia, hacen que tal nación exija cuidados muy diversos respecto de otra al parecer semejante, y que un pueblo hoy no se administre de igual manera que mañana. Así como el individuo se renueva a cada momento de la vida, así también cambian los estados, sucediéndose unas a las otras las generaciones como las olas en el mar, trayendo siempre algo nuevo la que se acerca, y llevando algo suyo la que se extingue. Por eso la ciencia de la administración debe ser variable, y el poder que la aplica muy flexible”.<sup>38</sup>

Esta experiencia aplícaa á súa propia análise e ás evolucións propostas. No tema que nos ocupa sempre pensou Colmeiro que “el espíritu dominante en la Constitución debe transmitirse a la Administración local”<sup>39</sup>. Isto explica tamén o fundamento da evolución da súa doutrina e ata as aparentes contradiccións en que incorre. Pouco ten que ve-lo Colmeiro que apela a Thiers no Se-

<sup>36</sup> MEILÁN GIL, J. L., *El proceso de la definición del Derecho administrativo*, ENAP, Madrid, 1967, pp. 13 e 57.

<sup>37</sup> BECHARD, F., *Essai sur la centralisation administrative*. Marsella-París, 1836, T.I, p. 64.

<sup>38</sup> Cit. *Derecho...*, 2ª edición, p. 13-14.

<sup>39</sup> Cfr. ROYO VILLANUEVA, cit. “Colmeiro...”, p. 247.

nado, en 1871, para reforza-las facultades de intervención do Goberno nos concellos con aquel outro que, dez anos máis tarde, escribirá sobre a centralización de maneira tan escéptica que esta aparece case como un “mal necesario”:

“En resumen –di–, la centralización administrativa no ha penetrado en la sociedad moderna como una doctrina regeneradora y con la autoridad de un principio. Ha venido como una necesidad del orden después de los horrores de la anarquía y de las violencias de un despotismo militar. Los tiempos normales piden corporaciones que sirvan de refugio al individuo y magistraturas populares, para impedir que toda la Administración pase al menos del Gobierno a título de que todos los negocios públicos son negocios de Estado.

Enhorabuena sea el Gobierno el centro de toda autoridad, mas no la fuente única de donde toda autoridad se derive”.<sup>40</sup>

E cando Colmeiro, xa ó final da súa vida, preparaba a nunca aparecida 5ª edición do seu *Derecho administrativo español*, o inacabado manuscrito (non chega máis que ó libro IV), redactado entre 1892 e 1894, contén a formulación máis evolucionada do seu pensamento nesta cuestión:

A liberdade política –escribe– “corre peligro si el poder supremo no se haya contenido por instituciones populares.

Poco importa proclamar que la soberanía reside en la nación y consultar su voluntad acudiendo a las urnas, si el Gobierno se propone impulsar los resortes de la centralización para corromper o violentar a los ciudadanos convocados a ejercer el derecho de sufragio. Una especial red de autoridades y agentes a quienes puede exigir ciega obediencia y multitud de corporaciones sometidas al régimen de tutela administrativa bastan para trastornar las bases del sistema representativo. Entonces encontramos que el Gobierno, salvando las formas de la libertad, se hace arbitrario, pues si frustra la independencia de los hombres que lleva la voz del pueblo, no hai temor a las consecuencias de sus actos ni la más leve sombra de responsabilidad”.<sup>41</sup>


O terceiro, aquela que chamei avanzada tecnificación do xurídico-administrativo, é tamén un rasgo evidente. Desde hai tempo é común acordo o recoñecemento de

<sup>40</sup> Cit. *Derecho...*, 2ª edición, p. VI.

<sup>41</sup> Libro I, cap. VI, “De la centralización administrativa”, parágrafo 39, do manuscrito que debía servir para darlle á imprenta a 5ª edición do *Derecho administrativo español*. Biblioteca da Real Academia de Ciencias Morais e Políticas.

que a obra de Colmeiro é un tratado científico do dereito administrativo español, quizais o primeiro, e que a súa sistematización das diversas institucións administrativas é a máis avanzada da época, por máis que a súa proverbial humildade lle atribúa todo o mérito “da novidade do estilo” a Cormenin, a quen –di– lle pertence todo “o mérito da invención”.

Desde este global rigor técnico, as súas apreciacións sobre a tutela, a desagregación ou a delegación –que quedan expostas– teñen unha innegable capacidade de anticipación como técnicas de articulación entre os poderes centrais e locais. E tamén, como non, este indicio que Royo Villanova detectou nos seus escritos de que a diferenza entre centralización e descentralización é máis cuantitativa que cualitativa<sup>42</sup>, apreciación tan desenvolvida pola doutrina moderna.

E conclúo xa. Nada me disgustaría máis que non ter interpretado correctamente a Colmeiro en tan concreta pero difícil cuestión como é a permanente tensión centralización-descentralización. En todo caso, se así fose, sempre me quedaría o conforto de poder acollerme á benevolente temperanza e magnamidade científica de que sempre fixo gala o Mestre. 

<sup>42</sup> Cit. “Colmeiro...”, p. 243.

**NOTAS E  
COMENTARIOS**



Xaime  
Rodríguez-Arana  
Muñoz

Catedrático de dereiro  
administrativo.  
Universidade da Coruña

## Manuel Colmeiro: un ilustre administrativista galego (1884-1994)

**H**ai algún tempo, en 1950, o daquela titular da cátedra de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela, o profesor López Rodó, organizou unhas Xornadas de estudio xurídico-administrativo en honra do profesor Colmeiro, con motivo do centenario do seu famoso *Tratado de derecho administrativo*. Daquela, como ben saben os vellos profesores españois, chegouse a postula-la volta a Colmeiro, por entender que as ensinanzas, certamente moitas, do profesor compostelán facían aconsellable a mirada cara atrás e o detemento na obra deste insigne galego, que lle dedicou a súa vida, pódese dicir, á ciencia xurídica no seu sentido máis estricto. É máis, esa volta a Colmeiro tiña un claro significado, como comentaremos, de fomenta-la investigación histórica no marco do estudio das institucións xurídico-administrativas.

Colmeiro administrativista, economista, historiador, académico... é realmente un home pouco coñecido en Ga-

licia e quizais tamén no mundo dos xoves administrativistas. Sen embargo, como é ben sabido, a súa produción científica é tan ampla que é moi difícil reconducila a uns criterios xerais. Entre outros, cómpre agora salientar, por suposto, o seu *Derecho Administrativo español* de 1850, o *Tratado Elemental de Economía Política Ecléctica* de 1845, o *Derecho Constitucional de las Repúblicas Hispano-Americanas* de 1858, a *Historia de la Economía Política de España* de 1863, *De la Constitución y del Gobierno de los Reinos de León y Castilla*, de 1855...

A Escola Galega de Administración Pública quixo desde o comezo, –empezou a funcionar en 1990– a máis de pór a disposición dos servidores públicos galegos a formación que hoxe demanda a nosa sociedade, enraizarse no propio, no especificamente galego. Por iso se celebran na Escola os aniversarios do noso Estatuto de autonomía, e de aí as conmemoracións do Día das letras galegas. Desde os comezos tentouse aproximar ó conxunto da Administración pública galega a nosa propia realidade, conscientes de que unha función pública identificada coa engrenaxe dos valores e das peculiaridades que conforman a nosa personalidade, é a función pública que mellor poderá servir ós intereses colectivos especificamente galegos.

Tamén dende o principio desta Escola se quixo afianza-la súa función de centro oficial de docencia e de investigación en Administración pública e dereito público, tal e como establece un dos preceptos do decreto que regula a organización e funcionamento da EGAP. De aí a política de promoción de estudos e de investigacións, a edición da *Revista Galega de Administración Pública* –que xa vai no sétimo número– e a convocatoria do Premio de investigación Manuel Colmeiro, ata o de agora con tres edicións, gañadas por Manuel Aguilar en 1992, Pablo González Mariñas en 1993 e Francisco Javier Sanz Larruga en 1994.

A institución do Premio Manuel Colmeiro, a máis do interese que provoca nos centros de investigación, supón tamén a rehabilitación e a recuperación de ilustres galegos que, cos seus escritos e ensinanzas, souberon deixa-lo nome de Galicia e a súa condición de galegos moi alto. O caso de Manuel Colmeiro, ilustre compostelán e profesor, da Universidade de Santiago e máis tarde da Compluten-

se de Madrid, é un fiel reflexo dun galego que pasou á historia da ciencia do dereito administrativo e da Administración pública, por dereito propio.

Manuel Colmeiro naceu en Compostela en mil oitocentos dezaoitto, o 1 de xaneiro. Courseu na universidade compostelá os tres anos da facultade de Filosofía e mailos cursos correspondentes á carreira de dereito. Ó remata-los seus estudos xurídicos dedicouse preferentemente á economía, cátedra que ocupou en calidade de interino entre 1840 e 1843, logo de obte-lo doutoramento en dereito en 1841. En 1842 obtivo un premio convocado pola Sociedade de Amigos do País de Santiago sobre o *Método más adecuado de remediar el mal inherente a la extrema subdivisión de la propiedad territorial en Galicia*. Uns meses antes, segundo nos conta o ilustre profesor Paulino Pedret, o xove profesor compostelán, xa traducira os *Principios de economía* de Francisco Droz. Moi pouco despois, ós vinteseite anos, en 1845, publica en dous volumes un interesante *Tratado Elemental de Economía Política Ecléctica*, escrito no que, segundo a opinión de Pedret Casado, Colmeiro apunta esas aptitudes que farán del un típico sabio galego e un excelente español. En 1847 gaña a cátedra de Dereito Político e Administrativo da Complutense de Madrid, a onde se trasladará ata a súa xubilación en 1881. Foi fiscal do Tribunal Supremo, deputado, senador electo e vitalicio, académico da Real Academia da Historia, académico tamén da Real Academia das Ciencias Morais e Políticas. Pertenceu ó Instituto de Francia, á Real Academia de Bélxica, foi vicepresidente do I Congreso de economistas realizado en Bruxelas en 1856, inspector xeral de instrución do Consello de Estado, etc.

A Real Academia da Historia deulle os seus votos para individuo de número, o 6 de febreiro de 1857, sendo elixido tesoureiro o 22 de decembro de 1872 e censor o 11 de decembro de 1874, cargo que desempeñou ata a súa morte.

Foi nomeado tamén académico de número da Academia de Ciencias Morais e Políticas o 26 de novembro de 1857 e bibliotecario o 12 de abril de 1859, foi reelixido tres veces e o cinco de xaneiro de 1875 declarado perpetuo. A Universidade de Kharcoff, en Rusia, e a de Cracovia en Polonia, honrárono elixíndoo individuo dos consellos universitarios o 21 de decembro de 1859.



No verán de 1894, o 11 de agosto, morreu en Madrid, despois dunha vida de traballo fecundo e constante. Entre os seus escritos, que son innumerables, gustaríame salientar neste momento o seu célebre *Tratado de Derecho Administrativo*, coa primeira edición de mil oitocentos cincuenta. Manuel Colmeiro, figura recordada e recomendada hai xa bastantes anos polo profesor Jordana de Pozas, autor da famosa “volta a Colmeiro”, foi un profesor ben coñecido e é un autor dos máis importantes do século XIX na configuración da ciencia xurídico-administrativa española. En concreto, Colmeiro pasou á historia polo seu pragmatismo erudito. Como o padre Feixoo no século XVIII e outros galegos posteriores, a erudición de Colmeiro, xunto ó seu bo sentido, son admirables. O seu *Tratado de Derecho Administrativo* supón unha vía media entre o puro empirismo e a especulación abstracta, no que demostra a fondo o seu coñecemento das institucións xurídico-administrativas. Para Batbie, a obra de Colmeiro non ten parangón e trátase do libro sobre a Administración máis amplamente escrito e razoado.

Colmeiro profesor, historiador ou académico foi un galego de singular peso específico na ciencia da Administración pública española. Por iso, a EGAP quixo que o primeiro premio que se institúe en Galicia leve, é toda unha honra, o nome deste ilustre compostelán. Por iso, non hai nada mellor que reproducir un dos parágrafos de maior contido que, na miña opinión, se pode atopar no seu *Tratado de Derecho Administrativo* sobre a funcionalidade da Administración pública:

“Nada hay indiferente para la Administración, desde lo más grande hasta lo más pequeño, o mejor dicho, nada parece pequeño a los ojos de una Administración solícita por el bien del Estado, porque las cosas mínimas en la vida privada adquieren gigantescas proporciones en la vida social; de lo que se infiere que su mirada debe ser penetrante, su voluntad firme, permanente a su acción y a su perseverancia infatigable”.

A verdade é que a obra do administrativista, historiador, constitucionalista, economista, académico ou político, revela unha dedicación científica e un afán por busca-la verdade que dignifica o oficio universitario. O número e a claridade das súas obras así o manifestan.

Colmeiro foi, sobre todo, un home do seu tempo, un-

ha figura do dereito administrativo do século XIX como Olivan, Posada Herrera, Ortiz de Zúñiga, De la Serna e tantos outros. Foi un profesor comprometido co seu tempo e cun claro desexo de mellora-la vida do home a través da ciencia. Polo menos, así me parece que se deduce dun parágrafo coñecido da súa Memoria –que lle valeu o Premio da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela– sobre a propiedade agrícola:

“¿Habrà por ventura amanecido el ansiado día en que por buena fe piense el Gobierno y quieran los diputados de la Nación promover los intereses materiales, los morales e intelectuales de España? (...) porque para dictar reformas no basta querer; es preciso también saber dic-tarlas”<sup>1</sup>.

Este parágrafo, ademais, reflicte algo moi importante. Manuel Colmeiro era un home consciente da grandeza que encerra a xestión dos servizos públicos, que comprendeu cabalmente que o dereito administrativo non é só o ordenamento xurídico propio e peculiar da Administración pública senón algo máis, un dereito que debe posibilita-lo libre desenvolvemento da persoa.

Certamente, como froito do seu tempo, non é xusto, nin lícito metodoloxicamente, querer atopar en Colmeiro aproximacións ó sistema democrático propio do século XX porque non lle son esixibles a Colmeiro estas concepcións nin a ningún dos seus contemporáneos. Sen embargo, sabemos ben da afección dalgúns á descualificación sen máis, ás veces superficial, a partir de frases ou de opinións. Colmeiro escribiu varios miles de páxinas, moitos libros e pronunciou numerosísimas conferencias. En materia de economía, como recoñeceu o profesor José Larraz “hasta ahora, el único estudio histórico de conjunto concerniente a las edades pasadas de la economía hispánica lo constituye la obra de D. Manuel Colmeiro (...) de la que nos hemos amamantado cuantos por la materia sentimos atracción y curiosidad”<sup>2</sup>.

A volta a Colmeiro, como sinalara o profesor López Rodó, significou o retorno ás investigacións histórico-administrativas<sup>3</sup>. A volta a Colmeiro supón tamén volver unha e outra vez ó estudio dos nosos profesores de séculos pasados, pois non poucas veces é francamente útil metodoloxicamente a investigación histórica das nosas institucións administrativas e as doutrinas dos autores es-

<sup>1</sup> M. COLMEIRO, *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial de Galicia*, Imprenta de la Viuda e Hijos de Compañel, Santiago, 1843, p. 68, en nota 1.

<sup>2</sup> J. LARRAZ, *La época del mercantilismo en Castilla*, Madrid, 2ª edición, 1943, prólogo.

<sup>3</sup> L. LÓPEZ RODÓ, *Traducción y notas al Tratado Elemental de Derecho Administrativo de M. Caetano*, Santiago de Compostela, 1947, p. 21.

pañois. Neste sentido, o profesor Álvarez Gendin escribiu en 1951 que Colmeiro estimaba que non se podía descoñecer-la historia para ensina-las institucións políticas e administrativas coetáneas á súa época, as que en anteriores séculos rexeron en España para comparar coas presentes merecen a súa conservación ou rectificación<sup>4</sup>.

O caso de Colmeiro, neste sentido, é paradigmático. Como é ben sabido, e así o puxo de manifesto o mestre Segismundo Royo-Villanova nas célebres Xornadas do antigo Instituto da Administración Local sobre os nosos administrativistas, realizadas en Madrid en 1944, ó sinalar que os seus contemporáneos Batbie, Telesio ou Laferriere recoñeceron publicamente as súas excelencias. É máis, o propio Batbie escribiu na súa *Introducción Generale au Droit Public et Administratif*, publicada en 1961, “no conozco ningún libro sobre la Administración máis ampliamente escrito y razonado que el del señor Colmeiro. Así que he procurado inspirarme en su método”<sup>5</sup>.

O seu *Tratado de Derecho Administrativo* foi moi coñecido. Así, o mestre Gascón y Marín lembraba en 1950 que “cuando se quería ampliar los conocimientos y buscar elementos de mayor estudio, se acudía de un lado a Colmeiro y de otro a la traducción realizada por el profesor Posada de la obra de Meyer”<sup>6</sup>.

Colmeiro, como lembrou o profesor Gascón y Marín durante as xornadas realizadas en Santiago en 1950 por iniciativa do profesor López Rodó, tiña unha idea clara do que se debe esperar da universidade e da importancia do oficio universitario. Así, sinala Colmeiro, parafraseado por Gascón y Marín, a institución universitaria, representación viva dos coñecementos humanos, debía iniciar-la xuventude nos misterios da ciencia; crear homes aptos, non só para exercer unha profesión especial, senón para penetrar no enlace íntimo dos feitos, coñece-las súas causas e medi-los seus efectos<sup>7</sup>.

En fin, Colmeiro foi un galego ilustre, un home sabio, un catedrático coñecido fóra de España<sup>8</sup>, un administrativista consciente dos límites do poder público. Para rematar, nada mellor que recoller un parágrafo da páxina 20 do seu *Tratado de Derecho Administrativo* na súa primeira edición, referido precisamente ós efectos do intervencionismo administrativo:

<sup>4</sup> S. ÁLVAREZ GENDIN, “Colmeiro historiador”, no libro *Estudios en honor de M. Colmeiro*, Santiago de Compostela, p. 11.


<sup>5</sup> S. ROYO VILLANOVA, “Colmeiro y la ciencia administrativa”, Conferencia pronunciada no Instituto de Administración local en maio de 1944, p. 92.

<sup>6</sup> J. GASCÓN Y MARÍN, *Tratado de Derecho Administrativo*, 11ª edición, Madrid, 1950, p. 25.

<sup>7</sup> J. GASCÓN Y MARÍN, “Colmeiro, profesor y académico”, no libro *Estudios en honor de M. Colmeiro*, Santiago de Compostela, 1951, p. 26

<sup>8</sup> Neste sentido, sorprenden as referencias de profesores estranxeiros que recolle M. SALVA na *Necrología del Excmo. Sr. D. Manuel Colmeiro*, Madrid, 1898.

## NOTAS E COMENTARIOS

“Mezclarse sin necesidad en la vida social es acostumbrar a la nación a vivir en perpetua minoría y a mendigar la tutela del gobierno en los actos más sencillos de su existencia. A fuerza de ver que nada se hace sino por orden o mediante la autorización del poder central, la actividad individual se adormece y los particulares se habitúan a no contar con sus propias fuerzas y a requerir protección e impulso donde sólo debe otorgárseles libertad. El espíritu público también se vicia y la opinión se corrompe, haciéndose a considerar como regla de todos los actos administrativos, no la legalidad, sino la voluntad de la administración. Entonces, el respeto al poder sustituye en los ánimos al respeto a la ley, cuya idea se oscurece y al fin se eclipsa ocultándose detrás del magistrado”. 



Gonzalo  
Diéguez  
Cuervo

Catedrático de  
dereito do traballo.  
Universidade de  
Santiago de Compostela

# Sobre o capítulo I do proxecto de Lei de Folga

## I.

### **Introducción**

A confusión que, verbo do recto entendemento do dereito de folga, introduce o proxecto ó falar nos seus artigos 2, 3, e 3.1, de dous contidos, individual e colectivo, do mesmo, obriga a substituír eses conceptos polos de titularidade dese dereito e do seu exercicio. Estes acláranse, pola súa vez, coa consideración de dúas ideas que se enuncian no artigo 4.1-2, como renuncia individual do exercicio do dereito e do compromiso, por convenio colectivo, de non recorrer á folga. Resulta entón que todo o contido do capítulo I do proxecto, obxecto deste relatório, se pode distribuír en tres epígrafes sobre o concepto de folga e a súa relativa indefinición (II), a titularidade do dereito e o seu exercicio (III), e o apartado das folgas ilegais, ilícitas ou abusivas (IV).

II.**Relativa indefinición do concepto**

Malia a optar polo procedemento dialéctico da definición –e sen esquecer que, en dereito, *omnis definitio periculosa est*–, hai que recoñecer que a que ofrece o Proxecto de lei de folga, non é só ampla senón difusa. Porque aínda que, dunha banda, diga que é a folga á que se refire o art. 28.2 CE, como un dereito, doutra, reproduce exactamente o abstracto obxectivo que ese artigo lle asigna á mesma, da “defensa” dos “intereses” dos traballadores. Neste sentido, o proxecto só lle engade ó enunciado da CE sobre o dereito de folga a noción desta, como “cesamento” ou “alteración do normal desenvolvemento do traballo”.

Esa vontade de conserva-la abstracta redacción do texto constitucional é, sen embargo, deliberada, pois obedece ó propósito, polo demais patente na CE, de mante-lo dereito de folga desvinculado doutros dereitos colectivos dos traballadores, como son o de negociación dese nome, pero tamén o de constituír sindicatos. Porque destes últimos díxose sempre que teñen por obxecto defende-los intereses dos traballadores, e daquel, que é o medio ordinario para levar a cabo esa defensa. Cumprindo así ese obxectivo defensivo, o da folga non podería ser outro que o de afianzar pola forza a súa consecución, esta é –e á parte do excepcional suposto de sindicatos que non fosen recoñecidos– a conclusión e asinamento dos convenios no sentido que pretenden os folguistas. De ter en conta isto, o proxecto tería concretado, é dicir, definido, esa defensa dos intereses dos traballadores da CE, pero, con iso, tería vinculado o dereito de folga ó de negociación colectiva, o que, como xa sabemos, non sería ortodoxo desde a perspectiva constitucional, ó configurarse o primeiro como un dereito “fundamental”, e o segundo, como un simple dereito “dos cidadáns”, en definitiva, non fundamental. Neste sentido, pódese concluír que os traballadores defenden os seus intereses mediante a folga: 1) forzando a aceptación das súas propostas polos empresarios nun convenio, a negociación do cal se rompeu, 2) declarándoa –ou convocándoa– en relación con colectividade carentes de convenio *ad hoc*. A todo iso conduce a calculada in-

definición do obxectivo do dereito de folga no artigo 2.1 do proxecto.

Desta indefinición é un complemento a aludida amplitude do concepto de folga no mesmo artigo, ó comprender, como xa sabemos, non só o “cesamento”, incluído o “parcial”, do traballo, senón tamén a “alteración” do seu “normal desenvolvemento”. A disxuntiva ten que ver coa rexistrada polo TC na Sentencia do 8 de abril de 1981 (f.x. 10) da folga como “cesamento ou paro do traballo” e como “perturbación no normal desenvolvemento” do “proceso de produción de bens ou servizos (...) mediante un acordo dos traballadores”, e que o propio tribunal refunde a través da expresión “modalidades”. A folga –conclúe– é, si, “un cesamento do traballo”, pero admite diversas “manifestacións ou modalidades”. A idea será ben recibida no proxecto, ó incluí-la “modalidade de folga” (art. 3.1) como un elemento do dereito en cuestión, así como cando di que o escrito de comunicación da convocatoria conteña a “modalidade de folga” (art. 6.2.a); pero non a vincula coa detención ou paro no traballo, como se comprobará despois en relación coas folgas chamadas de “celo” ou “regulamento”. Débese dicir, sen embargo, que esta clase de alteracións da normalidade laboral ten un pésimo concepto no vixente R.D.-1 RT que, a este respecto, fala de “calquera xeito de alteración colectiva no réxime do traballo” como acto ilícito ou abusivo (art. 7.2), a máis da “modalidade de irregularidade colectiva no réxime do traballo” que “impida gravemente o proceso normal de produción”, como causa do pechamento patronal (art. 12.1.c). Con todo, débese reparar en que, como se comprobará mellor despois, o proxecto considera, do mesmo xeito que o vixente R.D.-1 RT, actos abusivos, e eventualmente ilícitos, as folgas “rotatorias”, as relativas a “sectores estratéxicos” e as de “celo ou regulamento”, pero con certos requisitos, o que permite deducir que non as considera así, se eses requisitos faltan. Por outra banda, non inclúe nesa enumeración, como tampouco o fai o R.D.-1 RT, as folgas intermitentes, pois xa foran legalizadas coa ausencia deses mesmos requisitos polo Tribunal Constitucional; e fai o mesmo coas que se reducen a un descenso do rendemento (*perlées*, na terminoloxía francesa). Por último, e en contra agora do real decreto, non prohíbe a ocupación das dependencias



da empresa como circunstancia que eventualmente acompañe a folga, se ben se debe entender que se manteñen as condicións fixadas a ese respecto polo Tribunal Constitucional.

Como se pode comprobar, todas esas variedades, aínda cos seus condicionamentos, ofrecen un material máis que abundante para ensaiar esa ampliación do tradicional concepto de folga que é a “alteración” da normalidade do traballo. E sen esquece-las posibles concomitanzas ou interferencias que se poidan dar entre elas. Así, por exemplo, unha folga de celo ou regulamento só é tal pola presión que leva consigo, pero non supón, pola contra, ningún cesamento do traballo; así tamén, unha folga “rotatoria” comporta inevitablemente unha redución da actividade da empresa, ou, o que é o mesmo, un descenso do rendemento; e o mesmo se pode dicir doutra intermitente, que, pola súa vez, se pode executar con ocupación da empresa porque os folguistas non abandonen os seus postos de traballo. Sobre todo iso, que a máis constituirá eventual materia dos pronunciamentos dos tribunais, volverase despois. Porque, agora convén pasar a outra ampliación, non xa obxectiva, como a que se acaba de considerar, o concepto de folga, senón subxectiva, é dicir, en relación cos suxeitos ós que se refire este dereito.

Como xa se puido adiviñar, eses suxeitos serían, en palabras sempre do art. 2.1 do proxecto, os que “o sexan dunha relación funcional ou estatutaria ó servizo das distintas administracións públicas, e non só dunha “relación laboral”, como se podería pensar do termo “traballadores” que o art. 28.2 CE menciona en solitario. Por iso se fala de ampliación. Porque, efectivamente, se trata de que funcionarios e persoal “estatutario” dispoñan do mesmo dereito constitucional de folga cós traballadores propiamente ditos, é dicir, ós contratados ou dependentes, pois, como se sabe, o proxecto éo, e así o di o seu art. 1, dunha lei orgánica reguladora do exercicio do dereito de folga “recoñecido na Constitución”. Dise isto porque, desde 1984 –e sen esquece-lo precedente de máis de medio cento de sentencias da Sala 5ª do TS, a partir de 1982– non estaba claro que o “dereito de folga”, regulado sumariamente na LRFP fose o do art. 28.2 CE., pois, aínda coas inclusións pola LOLS de 1985 dos funcionarios como traballadores con dereito a sindicarse e do dereito de folga

como forma de “exercicio da actividade sindical” (arts. 1º.2 e 2.2.d), aínda a Sentencia do TC 99/1987, entendía que LRFP non podía desenvolver ó respecto o mencionado art. 28.2 CE, pois non era lei orgánica, de onde a razoable dubida de que “o seu” dereito de folga non fose o constitucional (o que, despois de todo, non deixa de ser insensato, ó admitirse así, aínda que indirectamente, a creación dun dereito de folga por unha lei non constitucional). Pero, co proxecto, a cuestión quizais se conclúa definitivamente; aínda que non de xeito ortodoxo, porque, como observou A. Olea, aínda se pode argumentar que, malia o seu rótulo de “orgánica”, a lei continúa a ser “ordinaria” en todo o relativo ós funcionarios, etc. É moi previsible, con todo, que o dereito de folga relativo a estes acabe por ser do mesmo rango có constitucional que se lles recoñece ós traballadores propiamente ditos, e con todas as súas consecuencias.

É imposible dar un xuízo definitivo sobre esta ampliación -que así resulta ser para os laboristas- subxectiva do dereito de folga. Pero quizais non o sexa ofrecer catro consideracións que axuden a formalo. Estas son: 1ª) o CLS da OIT declarou reiteradamente que a xeneralidade dos ordenamentos non lles recoñecen o dereito de folga ós funcionarios públicos; 2ª) o concepto de funcionario relacionouse sensiblemente, polo menos no noso país, como consecuencia do progresivo crecemento do número dos que reciben esa denominación, e de aí que tódolos que non exerzan funcións de “autoridade” se achen socioloxicamente próximos ós traballadores contratados; 3ª) das 16 actividades ou servicios que o art. 11.2 do proxecto cita como “esenciais da comunidade”, e suxeitas polo tanto a unha forte restricción das folgas que nelas se declaren, 13 polo menos, son atendidas por funcionarios públicos, e 4ª) o diferente réxime xurisdiccional ó que, en relación cos traballadores contratados, se someten os funcionarios públicos e asimilados, pode ocasionar unha ordenación peculiar do seu dereito de folga, só en parte amortecida polos previsibles criterios comúns que fixe a este respecto o Tribunal Constitucional.

## II.

### Titularidade do dereito e do seu exercicio

O proxecto non se refire para nada á titularidade do dereito de folga, senón, en todo caso, á dunhas facultades que enumera no seu art. 3.2, e que integran o que o 3.1 denomina “contido colectivo” dese dereito. Este contraporíase a outro que o artigo 2.3, cualifica de “individual”, pero a posibilidade non é viable, pois cando se examinen as facultades que integran este último, comprobarase que non son máis que unha “participación” –e a palabra emprégaa o artigo en dúas ocasións– do individuo no citado “contido colectivo” do dereito de folga. E é que se este inclúe a convocatoria da folga –coa elección da súa modalidade–, a súa “desconvocatoria” e a adopción das medidas necesarias para o seu desenvolvemento, aquel fai o mesmo coa participación nas actividades de preparación e de desenvolvemento da folga, a adhesión a esta unha vez que foi convocada, e a decisión de dar por rematada esa “participación”. Deste xeito, o chamado “contido individual” do dereito de folga tradúcese nunha simple liberdade para adherirse ou non ó exercicio das facultades que compoñen o “colectivo”, e que, no fondo, non é máis que a liberdade de traballo á que se refire o art. 7.2 do proxecto. Convén saber agora quen son os titulares desas facultades “colectivas”.

A este respecto, o art. 3.2 alude ás organizacións sindicais “máis representativas” ou “con presenza” no ámbito da folga, os órganos de representación que refire o título II do ET, é dicir, os comités de empresa ou delegados de persoal –co conseguinte esquecemento das “xuntas” e “delegados” nas “unidades electorais” da función pública (Lei do 12 de xuño de 1987)– e, por último, os traballadores dunha empresa ou centro de traballo, “cando así o decida a maioría dos mesmos”

Da consideración destes últimos titulares dedúcese claramente que, como ocorría xa no “contido individual”, o “colectivo” non pasa dun simple *flatus vocis*, pois a ningún se lle ocorre pensar que a colectividade de traballadores dunha empresa ou centro de traballo se pode constituir por unha decisión maioritaria en título de ningún

dereito; esa titularidade tense, quizais, porque así o sancione o ordenamento, pero non porque o decida a maioría duns interesados en adquirila. O que si se decide por maioría é o exercicio dese dereito nun momento determinado, de onde se deduce que a chamada titularidade do dereito de folga no seu “contido colectivo” sexa en realidade a titularidade do seu exercicio. Neste sentido, as organizacións sindicais que se mencionan, os representantes legais dos traballadores na empresa ou centro de traballo e estes mesmos, non son titulares de ningún “contido” do dereito de folga, senón do simple exercicio deste.

Con todo, a conclusión non é moi congruente co enunciado do art. 4.2 do proxecto, segundo o teor do cal, os convenios colectivos –e os “acordos e pactos” dos funcionarios– “poderán establece-lo compromiso de non recorrer á folga durante o seu período de vixencia”. Este compromiso, que, como se verá despois, se pode desvirtuar radicalmente coa aplicación do art. 5.1.b) *in fine* do proxecto, debe entenderse implícito en todo convenio; pero, en calquera caso, supón unha renuncia ó exercicio do dereito de folga, que só pode proceder dos titulares dese exercicio. Estes deberían entón coincidir exactamente cos lexitimados oficialmente por parte dos traballadores para negocia-los convenios que traducen aquel compromiso: e aquí é onde se produce o desaxuste, pois, agás a interpretación que os tribunais lle dean a este precepto, a coincidencia pode crebar en calquera dos convenios oficiais. Así, por exemplo, nos de empresa, centro de traballo ou unha división inferior, que, negociados como son polos representantes dos traballadores ou os sindicatos con implantación neses ámbitos, poden ter, sen embargo, a contrapartida de folgas declaradas directamente polos traballadores que actúan nos mesmos (aínda que non, paradoxalmente, a dunha folga de ámbito inferior á empresa, vetada no proxecto), salvo que deduzan outra cousa os tribunais da idea de cesamento “parcial” *ex art.* 2.1; así tamén, nos convenios supraempresariais que sexan negociados por unha coalición de sindicatos máis representativos, e en relación coa folga convocada por un deles. Non hai pois, como se ve, unha correspondencia substancial entre os titulares do exercicio do dereito de folga e os lexitimados para renunciar a ese exercicio me-

diante convenio colectivo, o que non deixa de ser unha incongruencia notable; aínda que, se se mira ben, a incongruencia é pola súa vez “congruente” con aquela independencia das colectividade en relación coas cales se poden exercer ámbolos dereitos: o de folga e o de negociación colectiva.

Pero o mesmo artigo que admite ese compromiso –no nº 2– prohíbe –no 1– outro en certo modo similar, posto que declara nulas as cláusulas dos contratos individuais ou as declaracións subscritas polo traballador “que supoñan a renuncia ó exercicio” ou “calquera outra restricción” do dereito de folga. Preceptos coma este son case unha cláusula de estilo na nosa lexislación, pero a súa redacción dista de ser afortunada, ó impedir unha renuncia individual que, pola contra, outros preceptos consenten, coma no caso visto da “participación” nos actos de folga que o traballador podía iniciar e suspender *ad libitum*. Esta liberdade de participación indica que o traballador pode renunciar ó que cabe denominar cota de exercicio do dereito de folga, o que indica pola súa vez que aquela cláusula contractual ou declaración de renuncia de ningún modo se refire a ese exercicio, precisamente por lle estar vedada. E é que ó que renunciaría con ela, sería á súa cota na titularidade mesma do dereito. Porque, en contra do que se repite continuamente, o dereito de folga non é de titularidade individual, senón colectiva: é un dereito que o traballador comparte con outros, e de aí que non poida renunciar a el sen defraudalos cotitulares. Por iso xustamente se lle impide a renuncia. Pero, ¿quen son eses titulares?

Neste punto, o proxecto non lle engade nada á vontade constitucional de asignarlle-lo dereito de folga ós “traballadores”, o que comporta, como sabemos, a inmuniidade de todos eles, é dicir, contratados e funcionarios, fronte ós despedimentos e demais sancións que o empresario ou a Administración lles poida impoñer conforme ó dereito ordinario ou a lexislación. Cómpre entón concretar esa asignación abstracta, pois é impensable que tódolos traballadores no sentido indicado, é dicir, os do territorio nacional, poidan asumir pola súa vez esa titularidade. Para iso, nada máis práctico que partir daquel precepto que recoñecía pola súa vez diversas titularidades para o exercicio do dereito de folga.

O caso máis simple é, sen dúbida, aquel no que o exercicio se decide pola maioría dos traballadores dunha empresa ou centro de traballo, pois entón, son estes os titulares do dereito que dese xeito van exercitar. A titularidade do dereito coincide así coa do seu exercicio, e de aí que non se precise de ningunha “convocatoria”, así chamada por se referir a un acto polo cal os titulares dese exercicio “convocan” os do dereito, para que pola súa vez, exerciten este, mediante a súa “participación” nos actos de preparación, desenvolvemento, etc., ós que se fixo referencia. Isto é xustamente o que ocorre no demais casos: que os sindicatos máis representativos ou con “presencia” ou implantación no ámbito do conflito, ou os representantes legais dos traballadores nas empresas ou centros de traballo, convocan os seus “representados”. É lóxico que sexa así, pois por algo os convocantes son “representantes” ou “máis representativos”. Aínda que esta representación non se confira polo procedemento xurídico da toma de poder, senón polo político dunhas eleccións, está claro que, no segundo caso, a elección é directa, e así, os elixidos por maioría como “representantes” dos traballadores na empresa ou centro de traballo convocarán á folga os seus electores, que eses son os compoñentes que integran a colectividade do persoal das mesmas. Esta resulta así o titular do dereito de folga que exercitan os seus representantes, e a elección, o título que lexítima ese exercicio.

Pero nos demais casos non ocorre igual, pois a colectividade que aparece como titular do dereito de folga, e que, neste sentido, resulta convocada ó seu exercicio, non elixiu en principio o seu convocante, que exerce, sen embargo, esa titularidade do exercicio, ben por ter obtido unha porcentaxe mínima de votos a nivel nacional ou de CA (10 ou 15), ben por reunir unha cifra de afiliados tamén reducida (ó redor do 25%) en relación cos traballadores eventualmente implicados na folga. Ocorre entón que, agás se estas minorías se volven maiorías, o dereito de folga dunha colectividade –neste caso, supraempresarial– exercítana os suxeitos non elixidos por ela, que carecen así do ordinario título de lexitimación para ese exercicio. Esta é a conclusión final da distinción que se tentou facer entre a titularidade do dereito de folga e a do seu exercicio.

#### IV.

### O apartado das folgas ilegais, abusivas ou ilícitas

Por último, o apartado destas folgas, que, como se sabe, non significan o mesmo, pero a consideración conxunta das cales se explica porque se inclúen nun mesmo artigo do proxecto: o 5.

A distinción arrinca da citada Sentencia do TC do 8 de abril de 1981 (Ord. 10), que, a propósito das folgas consideradas polo art. 7.2, R.D.-LRT, como “actos ilícitos ou abusivos”, declarou que a súa diferenza coas ilegais residía en admiti-la proba en contra da súa legalidade, precisamente por afectarlles unha presunción *iuris tantum* de ilegalidade, tal e como se considerará mellor máis adiante. Isto ocorre coas folgas rotatorias, as de “sectores estratéxicos” e as de celo ou regulamento. Pero convén comezar polas outras, é dicir, as “ilegais”. Delas, as dúas primeiras que menciona o proxecto, sono en razón do seu obxectivo; a terceira, polo xeito de se levar a efecto. Veñen así en primeiro lugar as “folgas que teñan por obxecto subverte-la orde constitucional”.

A isto quedaron relegadas as chamadas “folgas políticas”, nas que se adoitaba incluí-las que tiñan como destinatario principal o Estado –non como empresario, naturalmente–, ademais das que atentaban contra a comunidade social, ó privala de bens ou de servicios esenciais para a súa subsistencia. As primeiras aínda encaixaban na dicción do R.D.-LRT de folgas iniciadas ou sostidas por “motivos políticos ou con calquera outra finalidade allea ó interese profesional dos (...) afectados”. Pero dúas circunstancias contribuíron a invalidalas: 1ª) a de que, por desvincula-lo interese profesional da negociación colectiva, unha xurisprudencia desnortada entendese que certas folgas esixentes de cambios lexislativos, non eran políticas, xa que o seu obxectivo era precisamente promover-los intereses profesionais dos que as declaraban e executaban; e 2ª) a de que, efectivamente, o Estado as tolerase ata o punto de dar paso, tralo seu remate, a un acordo social cos axentes das mesmas, para prepara-los pertinentes proxectos de lei que acollesen os cambios esixidos. Verbo das folgas que privaban a comunidade de bens ou

de servicios esenciais, non só se inclúen nun apartado distinto do artigo –o c)– senón que se atopan sometidas a un complexísimo réxime descrito noutro capítulo do proxecto, o III; por esta razón só se considerarán moi brevemente cando proceda.

Dese xeito, as folgas para “subverte-la orde constitucional” preséntanse como un residuo –aínda que indispensable– da antiga categoría das “folgas políticas”, e de aí que non deixe de convírllle-la súa conexión co delicto de sedición relativo ás folgas declaradas “co fin de atentar contra a seguridade do Estado, prexudica-la súa autoridade ou perturba-la súa normal actividade” (art. 222 CP). Aínda que ámbolos textos cualifiquen as folgas que tipifican con base na súa intención (“co obxecto de...”, “co fin de...”), non é posible descarta-la posibilidade de folgas que causen de feito ese efecto “subversivo” que as caracteriza. Así, por exemplo, unha folga prolongada en tódolos servicios esenciais do país subverterá realmente a orde constitucional, aínda que os seus promotores negasen esa intención. Pero, neste caso, o concepto de “ilegal” que se lles adxudica vólvese abstracto, pois está claro que, fronte a elas, de nada serviría unha declaración de “ilegalidade” pronunciada polo tribunal competente nun xuízo entre privados, senón que requiriría unha acción directa e executiva do Goberno –a mecánica da cal se pode esbozar aquí– precisamente para impedir ou palia-la “subversión”, e do que o proxecto ofrece unha mostra case evanescente no seu art. 16 sobre certas “medidas” que a “autoridade governativa” poderá adoptar en relación precisamente coas folgas declaradas nos “servicios esenciais”: un residuo, como se ve, daquel concepto de “políticas”, que recibían. Está claro, pois, que o propósito ou a intención –en última instancia, o obxectivo– nestas folgas é pouco menos que irrelevante.

Obxectivo ilegal é tamén o que figura no apartado b) do mesmo art. 5.1 do proxecto, de “alterar durante a súa vixencia” o establecido nun convenio colectivo –ou acordo ou pacto dos funcionarios– ou nun *laudo arbitral*. Poucos preceptos máis estereotipados ca este, no sentido de non deixar de figurar en tódalas ordenacións dispostas sobre este tema, e poucos tamén máis ignorados, como demostra a ausencia practicamente total de xurisprudencia a este respecto. Todo isto ten que ver naturalmente



con aquela falta de coincidencia entre os lexitimados para exercer-lo dereito e para renunciar a el por convenio colectivo, e que non era máis ca un capítulo da máis xeral de entre as colectividades, respecto das cales se exercían os dereitos de folga e de negociación.

Desta confusión é unha manifestación máis, pero xa aberrante, a disposición do mesmo apartado b) sobre o feito de que non se considerasen “alteradoras” do convenio as folgas realizadas con motivo de reclamar unha interpretación do mesmo. O precepto transcribe case literalmente un temerario, por non dicir enlouquecido, *dictum* do Tribunal Constitucional na súa programática Sentencia do 8 de abril de 1981 (Orde 14). Porque é unha contradicción, case diría ontolóxica, o feito de que un tribunal, formalmente constituído como xuíz colexiado, renuncie e faga renunciar a outros a unha tarefa que, como a interpretación do dereito, está no miolo da función xudicial; e nada menos que para abandonala nas mans de quen podería ser parte nun litixio, constituído precisamente de conformidade co dereito. Porque o que vén dicir ese *dictum* e o correspondente inciso do proxecto que o transcribe é que os que propugnan unha interpretación do convenio, naturalmente por convirilles así ós seus intereses, non necesitan recorrer ó xuíz para impoñela, pois pódeno facer directamente pola forza da folga que vaian convocar. Semellante permisión supón un claro regreso a estadios xurídicos nos que se lexitimaba a violencia privada para facer vale-lo propio dereito, pero cunha desvantaxe aínda: que neles a conducta violenta podía ser desaprobada *a posteriori* polo xuíz, mentres que no actual resulta xa aprobada con anticipación pola lei. Son imprevisibles as secuelas que se poden derivar da aplicación desta permisiva regra, pero hai unha clara aínda que sexa lateral, isto é, a fraudulenta utilización para pretender, baixo a capa de interpretación do convenio, verdadeiras modificacións deste, co cal o precepto que a contén pode vir invalidar como por osmose o seu antecedente, en por si moi lesionado, sobre a ilegalidade das folgas para alterar durante a súa vixencia o convenio colectivo.

Como unha exclusión tamén da prohibición destas folgas, o mesmo inciso do apartado b) do artigo 5.1 declara, pola contra, legais as realizadas para “esixi-lo cumprimento do estipulado” –naturalmente no convenio–, así como pa-


ra “reivindicar aspectos non contidos neste”. Ámbalas dúas legalizacións tómanse tamén da Sentencia constitucional do 8 de abril de 1981 (Orde 14) –a primeira non exactamente–, cando afirma que nada impide a folga para “esixir reivindicacións que non impliquen modificación do convenio”; ou tamén, que é posible reclamar unha alteración deste “cando fose incumprido pola parte empresarial”. Respecto desta segunda, débese tratar dun incumprimento radical, pois, noutro caso, non se lle podería opoñer, como se lle opón, a folga a modo de *exceptio inadempti*, é dicir, un remedio tamén radical; á parte de que só procedería porque a súa emenda polos xuíces resultase un grave atranco pois, doutro xeito, non parece que se poida excluír a este respecto a “xurisdicción” destes.

E verbo da folga sobre materias non previstas no convenio, a súa licitude resulta xuridicamente irreprochable, se non fose porque, ó se tratar tecnicamente de conflitos para o complemento do convenio, non se pode excluí-la súa solución a partir do contexto normativo deste, ó que, dese xeito, pretende completar. O conflito podería ser, pois, de interpretación, pero xa se sabe que o proxecto legaliza a folga para forzar esta última.

Coas folgas que infrinxen “deliberada e gravemente o réxime legal ou convencional” para asegura-lo mantemento dos servicios esenciais da comunidade ábrese o capítulo das que resultan ilegais ou abusivas polo xeito ou maneira de efectualas. Por se tratar de temas considerados *in extenso* noutros capítulos do proxecto, non parece pertinente deterse sobre eles aquí; quizais só expresar respecto do primeiro que o réxime legal de execución da folga é o contido nos artigos 6 a 10 sobre preaviso, convocatoria e a súa execución, etc. E respecto do segundo, que supón unha desvirtuación do concepto tradicional de “servicios esenciais” pois non hai ningún destes que quede libre da convocatoria e execución de folgas; á parte de facilitarse a súa extensión a actividades que non son tan esenciais, co argumento de que, despois de todo, o dereito de folga só se impide nelas en relación con mínimos, é dicir, os “servicios mínimos”.

Quedan para o final aquelas folgas ilegais ou abusivas, ás que xa se aludiu a propósito da ampliación do concepto tradicional de folga no proxecto, e que este cita no seu ar-

tigo 5.2. Como xa se suxeriu entón, con estas folgas, o Tribunal Constitucional, a través da xa coñecida Sentencia do 8 de abril, pero tamén das 72/1982 e 41/1984, abéirase no criterio utilizado respecto das intermitentes, pero nunha orde inversa. É dicir, que se estas se presumían lícitas, a non ser que lle causasen un dano grave á organización productiva e fosen desproporcionadas en relación co sacrificio que lles reportasen ós folguistas, as efectuadas en sectores estratéxicos, as rotatorias e as de celo ou regulamento –concreta agora o proxecto– considéranse “actos abusivos e, de se-lo caso, ilícitos, sempre que supoñan unha grave desorganización da actividade productiva e un dano desproporcionado”. Esta inversión acúsase na carga da proba, de maneira que se nas intermitentes era o empresario quen debía proba-la desproporción e a desorganización grave na produción para acadala súa ilegalización, nas que se consideran agora son os traballadores os que probarán a inexistencia destes requisitos a prol de excluí-la súa cualificación como actos abusivos ou ilícitos.

A verdade é que resulta moi difícil concibir unha folga deses tipos que non desorganice a empresa e sexa pola súa vez “proporcionada”, pois é precisamente a desorganización a que revela a desproporción; comezando polas de celo, as consecuencias das cales resultan imprevisibles, pois non son “folgas” que deteñan o traballo senón que o incrementan. Pero tamén as “estratéxicas”, desproporcionadas por definición, como de feito reconece o Tribunal Constitucional cando fala do seu “efecto multiplicador”; e verbo das rotatorias, son en por si “desorganizadas” e ademais, “parciais”, como quere a xurisprudencia norteamericana e apuntou o meu colega Martínez Girón, pois non comprometen a tódolos traballadores, senón a grupos deles, que se alternan sucesivamente. E postos así, nesta “parcialidade”, ocrreseme para rematar que as folgas con ocupación da empresa, absoluta e deliberadamente silenciadas no proxecto, poderían encaixar ben nesta categoría, pois resultan incompletas na súa execución, ó non levar consigo o abandono do lugar de traballo que naturalmente se segue do cesamento deste. 

Miguel  
Beltrán  
Villalva

## A igualdade dos cidadáns ante as administracións públicas\*

Catedrático de  
socioloxía.  
Universidade  
Autónoma de Madrid

**A** cuestión da que me ocupo nestas páxinas ten, ó meu entender, unha importancia extraordinaria: a igualdade dos cidadáns ante as administracións públicas é esencial na mesma configuración e razón de ser do Estado moderno, tanto desde o punto de vista político (na medida na que a súa especificidade respecto do antigo réxime radica na eliminación dos privilexios vinculados á regulación da sociedade estamental), como desde o punto de vista ético, xa que a igualdade (polo menos a de oportunidades, que lexitima a desigualdade de resultados) rematou consagrándose como obxectivo moral de toda convivencia.

Non vou referirme aquí, sen embargo, á igualdade ou desigualdade xurídicas: desde o triunfo da *égalité* revolucionaria na erradicación dos privilexios ós que antes me refería, ata os logros feministas deste século contra as discriminacións establecidas por un dereito dictado desde

\* Publicado en *Opinión pública, vida cotidiana y desigualdades*, volumen VI de las *Actas del I Simposio sobre la igualdad y la distribución de la renta y de la riqueza*, Fundación Argenteria, Madrid, 1993.

a óptica masculina, a loita pola igualdade ante a lei percorreu un camiño espectacular, aínda que non poida considerarse aínda completo en moitos países. Pero aquí, como digo, non faremos cuestión dun asunto de tanto calado, e si en cambio do que poderíamos considera-la súa aplicación de feito e cotiá: a igualdade dos cidadáns no seu contacto e relación coas administracións públicas.

■ Os de non admisión do recurso de casación (art. 92.2 e 100.5 LX). Loxicamente, os autos de admisión do recurso de casación tampouco admiten recurso de súplica. Ámbolos dous autos non se deben confundir co auto de denegación da remisión dos autos –perdón pola redundancia– á Sala Terceira do Tribunal Supremo, se non se cumpren os requisitos sinalados no artigo 96 ou a resolución impugnada non é susceptible do recurso de casación (art. 97.2). Auto contra o que se poderá, sen embargo, interpoñer recurso de queixa. Pola súa banda, o artigo 48 da LX exclúe deste (enténdase do recurso de súplica) e de calquera outro, o auto do tribunal denegando ou accedendo á acumulación ou ampliación.

**b) Procedemento.** O recurso de súplica interponse por escrito no prazo de cinco días, que comezan a contar desde o día seguinte ó da notificación da resolución impugnada.

Do escrito de interposición darase traslado ás demais partes, xeralmente de tres días, co fin de que aleguen o que lle conveña ó seu dereito. Transcorrido o devandito

prazo, con alegacións ou sen elas, o tribunal decidirá (art. 92.3 LX, reformada).

Especial importancia neste procedemento teñen tanto os prazos que se deben observar para interpoñer este recurso coma para dar traslado ás demais partes, unha vez interposto, xa que a súa inobservancia pode levar consigo, ben a firmeza da resolución que se pretende combater, ben a perda do dereito a formula-las alegacións que de se-lo caso conveñan.

Evidentemente, o prazo para interpoñer este recurso –como xa sinalamos– é de cinco días; deste xeito, a Lei 10/92 soluciona o problema de se o devandito prazo era de cinco días en todo caso (que é o que establece o art. 402 da LAC) ou se era de tres días cando se impugnan providencias ó abeiro do art. 377 da LAC. A cuestión resolveuna o Tribunal Supremo por auto do Pleno con data do 16 de outubro de 1986, ó sinalar que o devandito prazo non é outro que o que establece o art. 402 do citado texto legal.

c) Efectos. A súa estimación pode levar consigo a modificación da resolución combatida; pola contra, a súa desestimación pode levar consigo a confirmación da mesma.

3. Recurso de casación ordinario. Na LOPX, como sabemos, é unha das novidades máis relevantes nesta orde xurisdiccional o recurso de casación –sinala Aragoneses Beltrán–. En efecto, o artigo 53 establece que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo coñecerá: 2º Dos recursos de casación que se interpoñan contra as sentencias dictadas pola Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional. 3º Dos recursos de casación que estableza a lei contra as sentencias dictadas en única instancia polas salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza en recursos contra actos e disposicións procedentes de órganos da Administración do Estado.

4. Dos recursos de casación que estableza a lei contra as sentencias dictadas en única instancia polas salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza en relación con actos e disposicións das comunidades autónomas e sempre que o devandito recurso se fundamente en infracción de normas non emanadas dos órganos daquelas.

Agora ben, a súa disposición transitoria 34ª estableceu, ata a aprobación da Lei de planta, a continuación da organización e competencias que tiñan os órganos xurisdiccionais existentes na data de entrada en vigor desta lei.

A promulgación da Lei de planta formulou a cuestión de se desde ese momento se achaba vixente ou non o recurso de casación, o que resolveu negativamente o Pleno do Tribunal Supremo por Auto do 20 de marzo de 1990 con base nun triple razoamento:

a. As previsións do artigo 58 precisan o complemento de detalle da lei procesual, que non pode resultar do carácter supletorio da Lei de axuizamento civil, pois a disposición adicional 6ª da LX non se podía referir a un recurso como o de casación do que expresamente se prescinde.

b. O artigo 58.1 da Lei de planta dentro das disposicións de orde procesual para a efectividade da planta xudicial, establece unha normativa específica para o recurso de apelación contra as sentencias dos tribunais superiores de xustiza, o que demostra a súa subsistencia.

c. A vixencia da casación como está regulada na Lei de axuizamento civil agravaría seriamente a situación de atraso na tramitación dos asuntos do Tribunal Supremo.

Deste xeito, a virtualidade do recurso de casación quedou condicionada ó establecemento dese complemento procesual por medio da Lei 10/92 no que á orde xurisdiccional contenciosa se refire.

Segundo a exposición de motivos da mesma (punto 4) foi necesario, en efecto, abordar sen maior demora a regulación do recurso de casación na orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Sen embargo, iso non obsará para que se continúen realizando tódalas actuacións que sexan necesarias para a mellor adecuación deste procedemento.

O recurso de casación nesta orde –importante novidade no noso ordenamento, como sinalamos–, que sen dúbida ofrece algunhas importantes peculiaridades, mantense, sen embargo, dentro da liña típica destas accións de impugnación, a finalidade básica das cales é a protección da norma e a creación de pautas interpretativas uni-

formes que presten a máxima seguridade xurídica conforme ás esixencias dun Estado de dereito.

O seu réxime esixe distinguir tamén uns requisitos, un procedemento e uns efectos.

a) *Requisitos.* Verbo dos requisitos, estes refírense principalmente á competencia do órgano xudicial que ha de coñecer dos mesmos, á lexitimación e ás resolucións que son susceptibles de impugnación.

En efecto, deste recurso coñecerá a Sala Terceira do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo; están lexitimados para a súa interposición os que fosen parte no proceso no que se dictou a resolución obxecto do recurso (art. 96.3 LX), pero non abonda con ser parte no proceso senón que cómpre que a resolución do tribunal *a quo* lle sexa desfavorable na súa totalidade ou polo menos en parte; neste suposto, ámbalas partes estarían lexitimadas.

De existir en varios suxeitos lexitimados activamente e só algún deles recorrer, os demais non se poderán adherir á casación, ó non se considerar esta posibilidade na nova lei, e sobre a lexitimación do coadxuvante a xurisprudencia considera que o artigo 95.2 da LXCA foi derogado por inconstitucionalidade sobrevida, recoñecéndolle polo tanto lexitimación ó coadxuvante para recorrer con independencia da parte principal. Así, entre outras, as sentencias do 10 de novembro de 1989 e a do 12 de novembro de 1991.

No tocante á parte que non se ve agravada pola resolución do tribunal *a quo*, estará, sen dúbida, lexitimada pasivamente para se opoñer ó recurso, formulando alegacións sobre a súa non procedencia co fin de defende-la resolución que lle supón beneficio ou polo menos lle impide un prexuízo.

Verbo da representación e defensa das partes, o artigo 97 no seu apartado 1 *in fine*, impón o emprazamento das mesmas para a súa comparecencia mediante procurador ante a Sala do Contencioso-Administrativo; por conseguinte, unha vez preparado o recurso de casación, a súa presentación así como a súa formulación esixe a intervención do procurador, que deberá ser asistido dun avogado, esixencia que introduce a partir dun determinado momento da tramitación do recurso, polo que ata o momento haberá que averse ás normas xerais que o art. 33 da LR establece.

En canto ós requisitos obxectivos, son susceptibles de impugnación en casación:

1. As sentencias da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional e as dictadas en única instancia polas salas do Contencioso-Administrativo dos tribunais superiores de xustiza (art. 93 da LR reformado).

Agora ben, percíbese en seguida a distinción, para os efectos deste recurso, entre sentencias da Audiencia Nacional e as dictadas en única instancia polos tribunais superiores de xustiza, pois no caso da Audiencia Nacional todas parecen ser recorribles e no caso dos tribunais superiores de xustiza só as que dicten en única instancia, recolléndose así a terminoloxía da Lei orgánica do poder xudicial (art. 58, puntos 2, 3 e 4).

Deste xeito, só acceden á casación as sentencias dictadas en única instancia polos tribunais superiores, que son as recaídas nos recursos comprendidos no nº 1 do artigo 74 da Lei orgánica (contra actos e disposicións dos órganos da Administración do Estado que non estean atribuídos ou se atribúan por lei a outros órganos desta orde xurisdiccional; contra os actos e disposicións administrativas do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma, do seu presidente e dos conselleiros, excepto que confirmen pola vía administrativa de recurso ou en procedemento de fiscalización ou tutela os dictados por órganos ou entidades distintos; contra as disposicións de goberno da Asemblea Lexislativa da Comunidade Autónoma e dos seus comisionados, en materia de persoal e actos de administración).

Polo tanto, segundo a lei orgánica, o recurso de casación queda limitado ás sentencias dictadas en única instancia en procesos contra actos da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas, quedando excluídas as dictadas en segunda instancia, no caso de recorrerse as resolucións dos xulgados do contencioso-administrativo con sede na Comunidade Autónoma, unha vez que os mesmos entren en funcionamento. Sen dúbida, este mecanismo que considera o artigo 74.2 da Lei orgánica do poder xudicial impide que as sentencias recaídas en recursos contra actos e disposicións da Administración local accedan á casación –como advirte Aragonese Beltrán–, pero como aínda os devanditos xulgados

non se crearon, dos recursos que no seu día coñecerán en primeira instancia os xulgados do contencioso-administrativo, transitoriamente por aplicación do art. 57 da Lei de planta, as resolucións que dicten os tribunais superiores, en exercicio da competencia daqueles, estarán suxeitos ó réxime xeral de recursos, e de momento é admisible o recurso de casación con suxeición ó devandito réxime.

Sen embargo, exceptúanse do establecido no apartado 1 do artigo 93 citado:

a. As sentencias que se refiran a cuestións de persoal ó servicio da Administración pública, salvo que, estrictamente, afecten á extinción da relación de servicio dos que xa tivesen a condición de funcionarios públicos, excepción que contraexcepciona a presente excepción e coa que o lexislador pretende corrixir-lo exceso de certas interpretacións da xurisprudencia que configurou como supostos de extinción da relación de funcionarios, entre outros, os seguintes: a imposibilidade ou impedimento de acceso á función pública, a excedencia voluntaria por incompatibilidade dun posto de traballo con outro no sector público ou privado, de se-lo caso.

b. As recaídas, calquera que fose a materia, en asuntos cunha contía que non exceda os seis millóns de pesetas. Dese xeito, a Lei 10/92 eleva a contía mínima de 500.000 pesetas para admiti-lo recurso de apelación de conformidade coa LR (texto non reformado) a seis millóns, ó mesmo tempo que substitúe o recurso de apelación polo de casación.

c. As dictadas no recurso contencioso-administrativo regulado no artigo 7.6 da Lei 62/78, do 21 de decembro. A propósito, ha de indicarse que as resolucións dictadas no recurso contencioso, tramitado polo procedemento especial previsto e regulado na LPXDF serán susceptibles de recurso de casación nos mesmos casos en que o son as dictadas en procesos ordinarios, sen embargo o artigo 7.6 exceptúa desta regra a resolución recaída no brevísimo procedemento que se incoe con motivo da prohibición ou da proposta de modificación de reunións previstas na Lei reguladora do dereito de reunión e manifestación, do 15 de xullo de 1983.

d. As dictadas en recursos contencioso-electorais. Iso



non é senón unha reiteración do previsto no artigo 114.2 da Lei orgánica 5/1985, de réxime electoral xeral, trala súa reforma pola, tamén, Lei orgánica 8/1991, do 13 de marzo.

Por último, tampouco serán recorribles, *a sensu contrario* do que dispón o artigo 93 no seu punto 4, as sentencias dictadas polas salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza, non comprendidas no apartado 2, respecto de actos e disposicións das comunidades autónomas, cando o recurso se funde en infracción das normas emanadas dos órganos daquelas ou se por non emanar das mesmas a infracción non é relevante nin determinante do fallo da sentenza.

2. As sentencias que se dicten en virtude do recurso interposto ó abeiro dos parágrafos dous e catro do artigo 39 da LXCA, pois de conformidade con este precepto non só se poden impugnar directamente disposicións de carácter xeral que emanen da Administración competente, senón que tamén é admisible a impugnación dos actos que se produzan en aplicación das mesmas, fundada en que tales disposicións non son conformes ó dereito.

A falta de impugnación directa dunha disposición ou a non admisión do recurso que fronte a ela se interpuxese non impedirá impugnar os actos de individual aplicación, cando se funde en que as mesmas non son conformes ó dereito. As sentencias que recaian, evidentemente, nos correspondentes recursos de impugnación serán recorribles en todo caso en casación.

3. As sentencias que dictan en única instancia os tribunais superiores, non comprendidas no punto 2 do art. 93 en recursos contra actos e disposicións dunha Comunidade Autónoma, cando o recurso de casación se funde en infracción de normas non emanadas dos órganos daquelas e esta infracción non só sexa relevante senón tamén determinante do fallo da sentenza.

4. As resolucións do Tribunal de Contas en materia de responsabilidade contable nos casos que prevé a Lei 7/1988, do 5 de abril.

Por outra banda, o recurso de casación é admisible tamén contra autos nos seguintes supostos:

a. Os que declaren a non admisión do recurso contencioso-administrativo ou fagan imposible a súa conti-

nuación. Interposto o recurso, entre outras actividades, verifícanse as seguintes:

1º Anuncio do recurso nos boletíns pertinentes.

2º Reclamación do expediente á Administración.

3º Admisión do recurso, podendo o tribunal decreta-la súa non admisión cando conste de xeito inequívoco e manifesto: a falta de xurisdicción; deducirse o recurso contra algún dos actos excluídos de impugnación; ter caducado o prazo de interposición, etc...

O tribunal, loxicamente, antes de decreta-la non admisión, faralles saber ás partes o motivo en que se poida fundar, para que aleguen o que estimen procedente e acompañen os documentos que proceda, acordando -como se anticipou- a admisión ou, de se-lo caso, a non admisión do recurso por auto, contra o que se pode deducir recurso de casación (art. 62 en relación co art. 94.1. a reformado).

Outro suposto de non admisión do recurso pode ter lugar, cando efectuadas as alegacións previas, antes de responde-la demanda, e realizado o traslado dos razoamentos ó respecto pola parte demandante, o tribunal dicta auto estimando as alegacións, auto que impide continuo-lo proceso contencioso-administrativo; de aí que contra o mesmo caiba tamén recurso de casación (art. 71 en relación co art. 94.1.a reformado).

Verbo dos autos que fan imposible a continuación do proceso, pódese cita-lo auto polo que se considera o demandante desistido do recurso contencioso-administrativo (art. 88 da LR) ou o auto polo que se acorda a caducidade, de se dete-lo procedemento durante un ano, unha vez presentada a demanda, por culpa do demandante (art. 91 da LR), autos que se poden recorrer en casación, de se teren dictado con infracción da legalidade e de haber algunha parte con interese lexítimo en que o proceso continúe -sinála González Pérez-.

b. Os que lle poñan termo á peza separada de suspensión, xa se acceda ou xa se denegue a mesma.

c. Os recaídos en execución de sentenza, se resolven cuestións non decididas, directa ou indirectamente, na sentenza ou o auto contradiga o executado, precepto en liña co disposto no punto 2º do art. 1.687 da LAC no

que, ademais, se refire a aqueles autos que resolvan puntos substanciais non controvertidos no preito.

Os requisitos obxectivos esixen examinar non só as resolucións contra as que o recurso de casación procede, senón tamén os motivos en que se ha de fundar.

Estes son limitados, xa que a casación só se pode fundar nalgún dos motivos que enumera o artigo 95 da LR, trala súa reforma pola Lei 10/92.

O primeiro motivo que pode permitir fundalo merecido recurso é: o abuso, exceso ou defecto no exercicio da xurisdicción.

Desde o punto de vista xurídico-procesual, a xurisdicción é un presuposto que se ha de dar no momento de se inicia-lo proceso, non podendo corrixirse a súa falta, falta que se ha de apreciar, mesmo de oficio, ou na tramitación de admisión (art. 61), ou no de alegacións previas (art. 71) ou finalmente ó dictarse a sentenza (art. 82.a).

A mesma ten unha extensión e uns límites, pois o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo unicamente ha de coñecer das pretensións que se deduzan en relación cos actos da Administración pública suxeitos ó dereito administrativo e coas disposicións de categoría inferior á lei (art. 1 da LR). Evidentemente, se o dito órgano coñece pretensións non atribuídas ou se abstén de coñecerlas atribuídas, incorrerá en exceso ou defecto de xurisdicción; loxicamente, a falta manifesta de xurisdicción constitúe un dos supostos de nulidade que enumera o art. 238 da LOPX.

Ó abeiro deste motivo, pódese denunciar –como indica González Pérez– a falta de xurisdicción por razón do territorio, cando a reclamación presentada corresponde a un tribunal estranxeiro; a falta de xurisdicción, cando a cuestión formulada estea atribuída ó Tribunal Constitucional ou a outro órgano xudicial pertencente a distinta orde xurisdiccional. Sen dúbida, o que recorre haberá de explicar en que sentido o órgano xurisdiccional contencioso invade competencias daqueles órganos, co fin de apreciar-lo abuso ou exceso de xurisdicción que denuncie ou en que medida se abstén de coñecer-la pretensión deducida ante o mesmo, tal como sinala a Sentencia do TS do 12 de febreiro de 1991.

O segundo motivo que enumera o art. 95 para fundalo recurso de casación é a incompetencia ou non adecuación de procedemento.

A incompetencia pode ser xerárquica ou territorial e débese citar no escrito de interposición do recurso o precepto da LOPX ou da LXCA en que se fundamenta a incompetencia. En efecto, como sinala o artigo 117.3 da CE, o exercicio da potestade xurisdiccional correspóndelles ós xulgados e tribunais segundo as súas normas de competencia que as leis establezan, competencia que se pode definir como o conxunto de procesos en que un tribunal pode exercer, conforme á lei, a súa xurisdicción (Gómez Orbaneja).

Podendo se-la mesma xerárquica ou obxectiva, cando se lle atribúe a un determinado xulgado ou tribunal o coñecemento dun proceso en función da natureza ou contía da pretensión do actor e territorial, cando o dito coñecemento se lle atribúe a un órgano xudicial de igual ou distinto rango ou tipo, con exclusión doutros nun determinado territorio en función duns criterios legais ou convidados, denominados foros, pódese da-la circunstancia de que un determinado tribunal coñeza procesos non atribuídos, nin por razón da materia nin por razón do territorio, o que é factible denunciar por este motivo, igual que a non adecuación do procedemento, no caso de se tramita-la pretensión deducida por procedemento distinto do legalmente previsto.

O terceiro motivo no que se pode fundalo recurso de casación é o quebrantamento das formas esenciais do xuízo por se teren infrinxido as normas reguladoras da sentenza ou por se teren infrinxido as normas que rexen os actos e garantías procesuais, sempre que, neste último caso, se producise indefensión para a parte.

No tocante á infracción das normas reguladoras da sentenza, esta pode ter lugar, se non se observa o disposto no art. 248.3 da LOPX que derroga o artigo 372 da LEC, e se non se observa o disposto no artigo 359 deste último texto legal, o disposto na LX e no texto constitucional (art. 24 e 120.3), e se ben resulta difícil precisar con rigor esas infraccións, polo menos hanse de entender comprendidas esas precisións neste inciso do motivo de casación os supostos de falta de claridade e precisión da

sentencia, os casos de incongruencia, a omisión de pronunciamiento, ausencia ou insuficiencia de motivación, inobservancia da cousa xulgada, contradicción na parte dispositiva, etc.

Verbo da infracción das normas que rexen os actos e as garantías procesuais, sempre que neste caso se lle producise indefensión á parte, hase de sinalar que entrarían neste inciso do motivo de casación a falta de empraçamento e de audiencia, a falta de personalidade nas partes, a falta de personalidade no procurador coa conseguinte falta de asistencia e defensa daquelas, a falta de recibimento, a proba ou a denegación dunha dilixencia probatoria que fose admisible, falta de citación para a práctica da mesma ou falta de notificación de sinalización para sentencia, defectos na constitución do órgano que ha de dicta-la mesma, ben porque concorran menor número de maxistrados dos que procede ou ben porque algún fose recusado e así se acordou, etc. Neste sentido debemos lembrar que o artigo 238.3 da LOPX sinala que a infracción dos principios de audiencia, asistencia e defensa sempre que efectivamente se producise indefensión, comporta a nulidade de pleno dereito dos actos xudiciais.

Entre as normas que rexen as garantías procesuais destaca o artigo 24.2 da CE, segundo o cal todos teñen dereito ó xuíz ordinario predeterminado pola lei, á defensa e á asistencia de letrado, a un proceso público sen dilacións indebidas e con tódalas garantías, a utilizarlos medios de proba pertinentes para a súa defensa, etc..., normas a infracción das cales leva consigo normalmente indefensión e que, no caso de ser transcendente e non corrixida, malia terse pedido a corrección da devandita falta ou transgresión, como así o impón o art. 95.2 da LR reformada, poden funda-lo recurso de casación.

A estas infraccións hase de engadi-la infracción das normas que regulan o acceso ó proceso, pois con base niso establece o artigo 12.3 da LOPX que os xulgados e tribunais, de conformidade co principio de tutela efectiva consagrado no artigo 24 da Constitución, deberán resolver sempre sobre as pretensións que se lles formulen, e só poderán desestimalos por motivos formais cando o defecto non se puidese corrixir ou non se corrixise polo procedemento establecido nas leis.

O cuarto motivo que pode facer factible a interposición do recurso de casación é a infracción das normas do ordenamento ou a xurisprudencia que fosen aplicables para resolve-las cuestións obxecto de debate, como sinala a LXCA no artigo 95.1,4º reformado.

No relativo ás normas do ordenamento xurídico, a infracción do cal se pode denunciar neste recurso están, en primeiro lugar, os preceptos constitucionais, que mereceron especial tratamento na LOPX, artigo 5.4, no que se indica que “en tódolos casos en que, segundo a lei, proceda recurso de casación, será suficiente para fundamentala infracción do precepto constitucional. Neste suposto, a competencia para decidi-lo recurso corresponderalle ó Tribunal Supremo sempre, calquera que sexa a materia, o dereito aplicable e a orde xurisdiccional”.

Na orde xurisdiccional contencioso-administrativa, o recurso de casación non só se ha de fundar, como nas demais ordes xurisdiccionais, na lei ou nas normas legais, senón tamén en normas de carácter regulamentario ou en principios xerais de dereito, sen necesidade de que unha lei ou doutrina legal así o sancione –como pon de manifesto González Pérez–. O que si parece admisible é a esixencia, segundo a xurisprudencia civil, de que a norma violada teña carácter substantivo. Na casación civil, ata a reforma de 1984 subsistía unha distinción: violación, interpretación errada ou aplicación indebida das leis ou doutrinas legais aplicables ó caso; sen embargo, trala dita reforma aquela distinción desapareceu, polo que a Lei 10/92 non fai caso da mesma, aínda que si se poida invocala infracción das normas sobre interpretación unicamente para funda-lo recurso de casación, se se invocan para demostralas indebida interpretación da norma aplicada. Por último, na interposición do recurso hanse de respecta-los feitos da resolución recorrida e as infraccións hanse de articular en motivos separados –conclúe González Pérez–.

Respecto da infracción da xurisprudencia, esta pode fundar tamén o recurso de casación; a mesma constitúea a doutrina do Tribunal Supremo de xeito reiterado, ó aplicar de modo constante e uniforme o dereito, ou o que é o mesmo, ó interpretar e aplica-la lei, o costume e os principios xerais do dereito (art. 1.6. do Código civil). Debemos matizar que só constitúen xurisprudencia as con-

sideracións que formen a *ratio decidendi* da sentenza, pero non as que sexan simples *obiter dicta*, esixindo o Tribunal Supremo, no tocante á reiteración, que deben terse producido polo menos dúas resolucións concordantes.

En canto ós requisitos de actividade destaca o prazo para presenta-lo escrito de preparación do recurso que será de dez días. Transcorrido ese prazo sen se ter preparado o recurso, a sentenza ou resolución quedará firme. O dito prazo computarase desde o día seguinte á notificación da sentenza ou da resolución recorrida, cómputo no que se haberán de observa-los días que son non hábiles no territorio do tribunal *a quo*, ante o que se prepara o recurso, os días que o sexan no tribunal *ad quem*, ante o que se interpón.

**b) Procedemento.** A LXCA, trala reforma que sufriu pola Lei 10/92, do 30 de abril, sistematiza o procedemento do recurso de casación en cinco momentos fundamentais: preparación, interposición, admisión, substanciación e decisión (art. 96 a 102).

**Preparación.** O que se propoña interpo-lo recurso presentará ante a sala que dictase a sentenza ou resolución recorrida, no prazo de 10 días, desde que aquela se lle notificou –como se sinalou– un escrito manifestando a súa intención de interpoñelo cunha breve exposición de que se dan os requisitos esixidos. O devandito escrito, por conseguinte, constitúe o acto de iniciación deste proceso de impugnación, que é a casación. Para iso hanse de cumprir os requisitos que son esixibles, isto é: estar lexitimado para interpoñelo (art. 96.3) e preparalo ante o mesmo órgano xurisdiccional que dictase a resolución recorrida (art. 96.1) mediante escrito no que debe manifesta-la súa intención de interpoñelo e expresar que se dan estes requisitos, incluído o feito de que a resolución recorrida é susceptible do recurso de casación. Este escrito presentárase ante o tribunal *a quo* no prazo indicado.

No suposto de que sexan obxecto de casación as sentencias dictadas en única instancia polas salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza non comprendidas no apartado 2 do art. 93, respecto de actos ou disposicións das comunidades autónomas, cando o recurso se funde en infracción de normas non emanadas dos órganos daquelas, hase de xustificar que

a infracción desa norma non emanada dos órganos da Comunidade Autónoma foi relevante e determinante da resolución da sentenza (art. 96.2 en relación co art. 93.4 reformados).

O tribunal *a quo* deberá verificar se se cumpren ou non os requisitos que a lei esixe; polo tanto, se o escrito presentado cumpre estes requisitos, a Sala do Contencioso da Audiencia Nacional ou do Tribunal Superior de Xustiza terao preparado e dentro dos cinco días seguintes remítelle os autos á Sala Terceira do Tribunal Supremo, deixando testemuño bastante dos autos e da resolución recorrida para proceder á súa execución (art. 98.2 LX). Ó mesmo tempo, emprazará as partes para que comparezan, mediante procurador, no prazo de 30 días ante a citada sala do Tribunal Supremo (art. 97.1 LX).

De non se cumpriren os devanditos requisitos, o tribunal *a quo* denegará tanto a remisión dos autos como o emprazamento das partes ante o tribunal *ad quem* (art. 97.2 LX); sen embargo, de conformidade co artigo 129.2 da LX, se o defecto fose corrixible, mediante providencia deberáse adverti-lo dito defecto ó que recorre e concederlle un prazo de 10 días para que o corrixa; no suposto de que non o fixese así, dictarase auto de denegación, contra o que poderá interpor recurso de queixa que se substanciará na forma prevista na LAC (art. 97.2 LX).

Interposición. O recurso interponse ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, mediante escrito no que se contén a pretensión de impugnación, expresándose o motivo ou motivos do recurso e citando con precisión e claridade a lei ou doutrina legal que se considera infrinxida (art. 99.1 LXCA).

Loxicamente, o recorrente hase de presentar e formaliza-lo recurso dentro do termo da convocatoria, transcorrido o cal sen formalizalo, se declara deserto e se ordena a devolución das actuacións á sala de procedencia (art. 99.2 LR)

Se o recorrente fose o avogado do estado ou o fiscal, a sala do Tribunal Supremo, en canto reciba os autos da sala *a quo*, dictará unha providencia, dándolle o traslado dos mesmos a aqueles por un prazo de 30 días, para que se manifesten se sosteñen ou non o recurso e en caso afirmativo formalizarán o recurso; se non, declárase deserto.



■ Admisión. Antes de examinarse o recurso en canto ó fondo do asunto, quere a lei que se provexa sobre a súa admisión.

Para iso, unha vez interposto, pasaránselle as actuacións ó maxistrado poñente para a súa instrución, co fin de que someta de palabra á deliberación da sala a resolución sobre a súa admisión ou non admisión; polo tanto, é a Sala do Contencioso do Tribunal Supremo a que decide sobre a súa admisión ou non, trámite este de vital importancia, porque do mesmo depende de que se satisfaga ou non o dereito á tutela xudicial efectiva, un dos dereitos fundamentais do cidadán que considera o art. 24 da CE.

Sen dúbida procederá á súa non admisión e así o acordará por auto a sala cando non se preparase ante o mesmo órgano xurisdiccional que dictou a resolución recorrida; cando o interpoña a parte non lexitimada; cando a resolución impugnada non sexa susceptible do recurso de casación; que non se prepare en prazo (art. 96 e 97 LR); que non conteña o recurso a pretensión de impugnación; que non exprese os motivos en que se ha de fundar ou, no caso de expresa-los mesmos, non sexan estes ningún dos que enumera o art. 95; que no suposto de invocar infracción das normas que rexen os actos e garantías procesuais, sempre que lle produza indefensión, non teña pedido corrección da falta ou da transgresión na instancia de existir momento procesual oportuno para iso; que non cite as normas ou a xurisprudencia que considere infrinxidas ou no caso de cita-las mesmas, non garden ningunha relación coa cuestión debatida; entón a sala acordara a súa non admisión –como se sinalou–, aínda que pode ocorrer que sexa admisible, non por tódolos motivos alegados, pero si por algúns, neste caso así o acordará.

Pode darse, por outra banda, a circunstancia de que o recurso careza manifestamente de fundamento ou se desestimase no fondo outros recursos substancialmente iguais; neste caso, antes de acordarse a non admisión do recurso oírase a parte recorrente no prazo de dez días, facéndolle sabe-la posible causa de non admisión e a continuación resolverá o que proceda. Evidentemente, esa audiencia previa legalmente non é extensible ós casos a e b, punto 2 do art. 100, co que a tutela xudicial efectiva pode crebar, resultando por outro lado nesos puntos re-

trógrada a norma, se a comparamos co artigo 129 da LR; de aí que de conformidade co art. 5 da LOPX haxa que interpretala segundo os preceptos e principios constitucionais.

De se admiti-lo recurso, pasarase á tramitación seguinte, que é a substanciación. A substanciación do recurso de casación verifícase a través das oposicións e, de se-lo caso, da vista.

En efecto, unha vez admitido, entrégase copia do mesmo á parte ou partes recorridas e presentadas para que formalicen o escrito de oposición no prazo de 30 días. Con ese fin, poranse de manifesto as actuacións en secretaría para que se poida instruír e efectua-las alegacións que estime pertinentes para a non admisión por incumprimento dos requisitos procesuais e á improcedencia do mesmo, por non se daren as infraccións denunciadas.

Transcorrido o prazo, teñan ou non presentado escrito de oposición, a sala sinalará día para a vista ou, de se-lo caso, para votación e resolución.

A devandita vista realizarase cando as partes o pidan ou a sala o estime necesario, atendendo á índole do asunto. A solicitude da vista efectuarase nos escritos de interposición ou de oposición.

■ **Decisión.** Mediante sentenza, que se dictará no prazo de 10 días desde a realización da vista ou do sinalado para a votación e resolución.

c) **Efectos.** Son diferentes segundo o contido da sentenza. Así, se a sentenza é estimativa do 1º dos motivos do artigo 95: ter incorrido en abuso, exceso ou defecto de xurisdicción.

Neste motivo imponse distinguir, pola súa vez, se o motivo estimativo é o exceso de xurisdicción, isto é, o terse pronunciado sobre unha pretensión, deducida polo recorrente, o coñecemento da cal non estaba atribuído ó tribunal *a quo*; neste caso, o Tribunal Supremo anulará a sentenza e indicará a concreta orde xurisdiccional que fose competente, preservándolle deste modo ó recorrente o seu dereito a exercer-la pretensión ante quen corresponda e polo procedemento axeitado.

Se, pola contra, o tribunal *a quo* non coñeceu o asunto que lle fora atribuído, neste caso o Tribunal Supremo, tras anula-la sentenza, por razóns de economía procesual

o propio tribunal dicta sentenza sobre o fondo do asunto. Neste suposto o motivo estimativo serao por defecto de xurisdicción.

De estimarse a sentenza do tribunal *a quo* polo 2º dos motivos do art. 95, isto é, cando o tribunal se considere competente e non o sexa, por razóns de economía procesal o Tribunal Supremo deberase pronunciar sobre a cuestión de fondo. Se o procedemento non fose o axeitado, anulará a sentenza e indicarlles ás partes cal é o proceso correcto mediante o cal exercerán as súas pretensións, con tódalas garantías, ante o tribunal *a quo*, que será quen se pronuncie sobre a cuestión de fondo.

No caso de que a sentenza fose estimativa do 3º motivo do apartado 1 do artigo 95, ou o que é o mesmo, se estimase que se incorreu en infracción de normas reguladoras da sentenza polo tribunal *a quo*, o art. 102.1.2º da LR remite ó que se establece no artigo nº 3 sobre sentenza estimativa por motivos de fondo. Se se estimase que se incorreu en infracción das normas que rexen os actos e as garantías procesuais, “mandaráselle repoñer as actuacións ó estado e no momento en que se incorrese na falta”.

No suposto de que se estime o motivo 4º, do punto 1 do art. 95, o Tribunal Supremo resolverá o que corresponda dentro dos termos en que apareza formulado o debate (art. 102.1.3º LR), polo tanto, casará a recorrida, resolvendo nunha soa sentenza conforme ó dereito.

■ Se a sentenza do tribunal *ad quem* fose non estimativa, declarará que non procede o recurso.

■ Costas. Na sentenza que declare que procede o recurso, a sala resolverá en canto ás costas da instancia conforme ás regras xerais, e en canto ás do recurso, que cada parte satisfaga as súas. Cando a sentenza declare que non procede o recurso, imporalle as mesmas ó recorrente (art. 102.2 e 3 LR).

#### 4. Recurso de casación para a unificación de doutrina

Con anterioridade á Reforma do 30 de abril de 1992 pola Lei 10/92, a contradicción que puidese existir entre resolucións das salas do contencioso-administrativo ou con sentencias do Tribunal Supremo respecto dos mes-

mos litigantes ou doutros diferentes en idéntica situación, onde, en méritos a feito, fundamentos e pretensións substancialmente iguais, se chegue a pronunciamentos distintos, constitúan un dos motivos para funda-lo recurso extraordinario da revisión (art. 102.1.b LX). Despois da reforma este motivo de casación permite funda-lo recurso de casación para a unificación da doutrina.

Con anterioridade sinalouse que un dos motivos que podía fundamenta-la casación ordinaria era a infracción da xurisprudencia que fose aplicable para resolve-las cuestións obxectos de debate (art. 95.1.4º da LX); iso comporta a existencia da doutrina xurisprudencial, doutrina legal, pero se aínda non existe esta doutrina, a contradicción dunha sentenza con outra só é denunciabile mediante este recurso de casación para a unificación da doutrina (art. 102.a LX).

Verbo dos requisitos subxectivos deste recurso, o propio art. 102-a.3 sinala que coñecerá do mesmo, dentro da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, a sección que corresponde de acordo coas regras xerais de organización da mesma sala. Non obstante, cando se trata de sentencias dictadas en única instancia polo Tribunal Supremo, coñecerá o recurso unha sección composta polo presidente do Tribunal Supremo, o da Sala Terceira e cinco maxistrados desta mesma sala, que serán os dous máis antigos e os tres máis modernos, regra esta que a González Pérez lle parece de dubidosa legalidade, xa que iso se establece por lei ordinaria. Sen embargo, o Acordo da Sala de Goberno do Tribunal Supremo, do 14 de maio de 1992 establece que a Sección Primeira da Sala Terceira coñecerá os recursos de casación para a unificación de doutrina a "excepción dos casos en que o seu coñecemento lle corresponda á sección que dirixe o presidente do TS e a composición da cal detalla o nº 3 do devandito artigo".

No tocante ós requisitos obxectivos, son susceptibles de se impugnar neste recurso aquelas sentencias que non sexan susceptibles de recurso de casación ordinaria a teor do art. 93.2, sempre que a súa contía exceda de un millón de pesetas. Sen embargo, en ningún caso serán recorribles as sentencias ás que se refiren os apartados a), c) e d) do apartado 2 do artigo 93, polo que exclúe todas, excepto as do apartado b), se ben fixa un mínimo na contía para que sexa admisible este recurso.

Recompilando, serán susceptibles deste recurso as sentencias dictadas en única instancia polo Tribunal Supremo; as sentencias dictadas en única instancia pola Audiencia Nacional, segundo o artigo 66 da LOPX; as sentencias dictadas en única instancia polos tribunais superiores, sempre que haxa contradicción dunha sentenza con outra da mesma sala ou doutras salas do contencioso coas do Tribunal Supremo (art. 102-a.1, apartado segundo)

En canto ós motivos de impugnación, unicamente se dará o recurso para a unificación da doutrina, cando “respecto dos mesmos litigantes ou doutros diferentes en idéntica situación e, en mérito a feitos, fundamentos e pretensións substancialmente iguais, se chegase a pronunciamentos distintos sen existir doutrina legal”.

Verbo do procedemento, o escrito de preparación presentarse no prazo de 10 días contados, a partir da notificación da sentenza ante a Sala do Contencioso do tribunal que emita a sentenza e deba conter o fundamento da infracción legal cometida na sentenza impugnada, con relación clara e precisa da contradicción alegada. Ó mesmo tempo, achegarse certificación da sentenza ou sentencias que se estimen contradictorias, se ben o feito de non achegala será un defecto corrixible no prazo de 10 días, a non ser que a parte a solicítase en tempo oportuno e non lle fose expedida, caso no que a sala a reclamará de oficio. En todo caso, achegarse copia sempre do texto completo da sentenza ou sentencias alegadas.

Presentado o escrito ante a Sala do Contencioso do tribunal sancionador, esta remitirallo ó órgano competente xa mencionado ante o que se formalizará por escrito o recurso e unha vez interposto substanciarase igual que a casación ordinaria.

Efectos: Se a sentenza declara que procede o recurso, casará e anulará a impugnada e resolverá o debate formulado con pronunciamentos axeitados ó dereito, modificando as declaracións contidas e as situacións creadas pola sentenza impugnada. O mesmo fará resolvendo as cuestións obxecto do recurso conforme ó dereito, cando non haxa doutrina previa. Por último, os ditos pronunciamentos en ningún caso acadarán as situacións xurídicas creadas polas resolucións precedentes á impugnada.

## 5. Recurso de casación en interese da lei

Vén substituí-lo recurso extraordinario chamado “apelación” en interese da lei, análogo ó que regula a LAC, sen embargo o recurso de casación en interese da lei que introduce na orde contencioso-administrativa a LMURP difire do anterior extraordinario chamado de apelación en interese da lei, pois nel non só se lle recoñece lexitimación ó avogado do Estado, senón tamén ás entidades ou corporacións que exercen a representación e defensa dos intereses de carácter xeral ou corporativo e tivesen interese lexítimo no asunto. Por conseguinte, caracterízase porque: 1) procede contra sentencias firmes, non susceptibles doutro recurso ordinario, 2) só serve para formar xurisprudencia, sen que a súa decisión altere a situación xurídica particular derivada da sentenza que se recorre.

Segundo a LX, art. 102-b, o seu réxime xurídico pode exporse distinguindo os seus requisitos, procedemento e efectos.

**a) Requisitos.** En canto ós requisitos subxectivos, pode interpoñelo tanto o avogado do Estado como as entidades ou corporacións que exercen a representación e defensa de intereses de carácter xeral e tivesen interese lexítimo no asunto.

Verbo dos requisitos obxectivos, só pode interpoñerse contra as sentencias dictadas en única sentenza polas salas do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional e dos tribunais superiores de xustiza non susceptibles de recurso de casación. E só procede cando se estimen gravemente daniñas para o interese xeral e errada a resolución dictada.

En canto ó requisito do tempo, o recurso en interese da lei deberase interpoñer no prazo de 3 meses que se computará, segundo regras xerais, a partir do día seguinte ó da notificación da sentenza.


**b) Procedemento.** O recurso interponse directamente ante a Sala do Contencioso do TS por escrito, ó que acompañará copia certificada da sentenza impugnada. O TS reclamaralle os autos á sala de instancia, e sen máis tramitacións, resolverá o que proceda. A devandita tramitación e resolución terá carácter preferente, e a sentenza que se dicta respectará, en todo caso, a situación

xurídica particular derivada da sentenza recorrida –como se sinalou– e cando fose estimativa fixará na sentenza a doutrinal legal, tales son os efectos do presente recurso.

## 6. Recurso de revisión

Admítese este recurso contra as sentencias firmes das salas do contencioso-administrativo do TS da Audiencia Nacional e dos tribunais superiores de xustiza nos casos seguintes:

- a. Se despois de dictada a sentenza se recobrasen documentos decisivos, detidos por forza maior ou por obra da parte en favor do cal se dictase.
- b. Se recaese a sentenza en virtude de documentos que, ó tempo de se dictar aquela, ignoraba unha das partes ter sido recoñecidos e declarados falsos ou a falsidade dos cales se recoñecese ou declarase despois.
- c. Se téndose dictado a sentenza en virtude de proba testifical, as testemuñas fosen condenados por falso testemuño dado nas declaracións que lle serviron de fundamento á sentenza.
- d. Se a sentenza se gañase inxustamente en virtude de suborno, violación ou outra maquinación fraudulenta.

Todos estes motivos son similares ós da casación civil trala reforma operada pola Lei 10/92, polo que tamén no referente a termos e procedementos o art. 102-c remite ás disposicións da LAC, se ben en canto ó recurso de revisión en materia de responsabilidade contable, haberá que adaptarse ós casos que se establecen na Lei 7/1988, do 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Contas. 

***Bibliografía***

GONZÁLEZ PÉREZ, "Los recursos en el proceso Contencioso-Administrativo", en *Cuadernos de Derecho Judicial* (Tomo "Jurisdicción contencioso-administrativa: aspectos procesuales"), Consejo General del Poder Judicial, 1992.

ARAGONESES BELTRÁN, "Las últimas medidas urgentes de reforma do proceso contencioso-administrativo", *Tribunal* nº 6, xuño 1992.





**X** URISPRUDENCIA



Pablo  
González  
Mariñas

Profesor titular de dereiro  
administrativo.  
Universidade de  
Santiago de Compostela

## **Dúas sentencias sobre o respecto ós principios de mérito e capacidade no acceso e promoción á función pública e o control xudicial da discrecionalidade técnica das comisións xulgadoras: STS do 4 de novembro de 1993**

(Sala 3ª, ponente: Sr. Burón Barba) e STC 353/1993,  
do 22 de novembro (ponente: Viver y Pi-Sunyer).

### **1. Consideración xeral**

O tema do acceso e promoción ás funcións públicas con respecto ós principios de mérito e capacidade (artigos 23.2 e 103.3 da CE) é sempre cuestión de actualidade e conta xa cun referente na xurisprudencia ben coñecido e consolidado. Del debe partirse cando se trata, coma neste momento, de comentar dúas sentencias, un do Tribunal Supremo, outro do Tribunal Constitucional, que achegan na miña opinión matices e consideracións importantes na sempre lenta e difícil decantación na casuística de criterios precisos para a efectiva vixencia de mandatos constitucionais como aqueles ós que me refiro.

Nesa base xurisprudencial pode salientarse, sen ánimo exhaustivo ningún, a seguinte doutrina sentada polo Tribunal Constitucional:

“Hase de lembrar que o principio de igualdade no acceso ás funcións e cargos públicos consagrado no artigo 23.2 da Constitución, que ha de pórse en necesaria conexión cos principios de mérito e capacidade no acceso ás funcións públicas do artigo 103.3 da Constitución (STC 193/1987, do 9 de decembro), refírese ós requisitos que sinalen as leis, o que lle concede ó lexislador unha ampla marxe na regulación das probas de selección e na determinación de cales han de se-los méritos e capacidades que se tomarán en consideración. Esta liberdade está limitada pola necesidade de non crear desigualdades que sexan arbitrarias en canto alleas, non referidas ou incompatibles cos principios de mérito e capacidade”. (STC 67/1989, do 18 de abril).

No mesmo sentido, a STC 50/1986, do 23 de abril, sinala que

“aínda que a esixencia de que o acceso á función pública se faga conforme ós principios de mérito e capacidade, figura no artigo 103.3 e non o 23.2 da Constitución, a necesaria relación recíproca entre ámbolos preceptos, que unha interpretación sistemática non pode descoñecer, autoriza a concluír que, a máis da definición xenérica dos requisitos ou condicións necesarias para aspirar ós distintos cargos e funcións públicas, o artigo 23.2 da Constitución impón a obriga de non esixir para o acceso á función pública requisito ou condición ningunha que non se refira ós indicados conceptos de mérito e capacidade, de xeito que se puidesen considerar tamén violadores do principio de igualdade todos aqueles que, sen esa referencia, establezan unha diferenza entre españois.”

Resumindo, a doutrina que cabe extraer das sentencias citadas é que, en opinión do Tribunal Constitucional, existe unha evidente conexión entre o principio xeral de igualdade consagrado no artigo 14 da Constitución e o de acceso en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, considerado no artigo 23.2 –que opera non só no momento do acceso senón ó longo da duración da relación funcional– o cal, pola súa vez, se pon en necesaria conexión cos principios de mérito e capacidade no acceso ás funcións públicas recollidos no seu artigo 103.3; e se ben o lexislador goza dunha ampla marxe para a determinación dos méritos e capacidade, a devandita mar-

xe vén limitada pola necesidade de non crear desigualdades que sexan arbitrarias en canto alleas, non referidas ou incompatibles cos principios citados, o que se traduce na imposición constitucional de non esixir ningún requisito ou condición que non se refira ós indicados conceptos de mérito e capacidade.

■ As transformacións da función e efectos dos portos na cidade e no territorio. Salientou o relator que son os

<sup>2</sup> Dictames do 19 de maio 1952 e 14 de febreiro de 1957.

<sup>3</sup> SSTS do 20 de maio de 1961 e 2 Outubro de 1967.

<sup>4</sup> BOQUERA OLIVER, J. M. "As licencias urbanísticas nas zonas marítimo terrestre, marítima portuaria", *Revista de Estudios da Administración Local e Autonómica*, Abril-Xuño de 1985.

<sup>5</sup> En Andalucía, por exemplo, hai plans subrexionais; plans de medio físico; en marzo de 1989 creáronse, por lei, os plans de ordenación de recursos naturais.



enxeñeiros os que teñen a palabra nesta cuestión e citou como referencia obrigada a J. Pozueta Echevarri.<sup>6</sup>

O porto deixou de ser monopolizador da cidade para integrarse nunha realidade económica complexa, converténdose nun elemento ineludible na ordenación do territorio, planificación económica e protección medioambiental; derivou nun elemento dinámico pola continua necesidade de readaptación das estruturas, de acordo coas circunstancias; o municipio tende á revalorización dos antigos espazos portuarios, cunha vocación de ocupar as zonas libres; salientou tamén a actual tendencia á expansión da planificación urbanística na zona portuaria e a aparición de usos portuarios e non portuarios (para potencia-los servizos portuarios, feiras comerciais, asentamentos industriais...).

■ A atribución constitucional de competencias en materia de portos, ordenación do territorio, urbanismo, medio ambiente e costas. En principio débese partir do recoñecemento de que son competencia do Estado os portos de interese xeral, costas e o relativo ó dominio da zona marítimo-terrestre.

Pero a atribución de competencias non é pacífica, pois dáse un conxunto de títulos de intervención moi difuso: as CCAA, en materia de ordenación do territorio e urbanismo; o Estado, en medio ambiente, obras de interese xeral, portos de interese xeral, planificación económica e zona marítimo-terrestre.

Isto deriva nunha dificultosa concorrencia de normas: lei xeral, lei sectorial, lei plena, lei básica, lei autonómica... Os recursos de inconstitucionalidade presentados son numerosos.

A doutrina do TC senta o principio de que a atribución dunha competencia administrativa nun ámbito físico determinado non impide o exercicio doutras competencias.

Quen predomina cando chocan diversos planos de competencias semella a grande pregunta aínda por constatar.

¿Ata que punto se pode permitir que o Estado imponha un proxecto de obra contra un plano municipal a través do Consello de Ministros? A STC 56/1986, do 13 maio, recoñéceo como posible, baseándose na confluencia de títulos de intervención e no feito de que o Estado non pode ser freado nas materias que se lle atribúen.

<sup>6</sup> POZUETA ECHEVARRI, J. "O planeamento ante o espazo portuario. Situación e problemática da integración dos portos na ordeación territorial e urbana", en *A ordenación do litoral*, Temas de Administración local. Centro de Estudios e de Cooperación interprovincial, Granada, 1992.

Posteriormente, o TC<sup>7</sup> fala do “vínculo relativo á competencia estatal”, e di que este vínculo só existe respecto das cuestións xenuinamente fieis á materia en que o Estado ten atribuída a competencia (noutro caso non haberá vínculo). A xurisprudencia a este respecto é enorme.

Seguidamente, o relator falou do que el chama “conceptos constitucionais elásticos”; refírese a títulos de intervención estatal non definidos constitucionalmente e cunha grande “vis atractiva”, utilizados para lexitimala intervención estatal, especialmente a planificación económica e a protección do medio ambiente.

Así o TC, na STC 227/1988, sinalou que todo o que é planificación sectorial se integra na planificación económica e así este convértese nun título indirecto de intervención estatal (a través non só de lei senón tamén de regulamento).

O artigo 9 da LOHAPA, que prevía que no caso destes conflitos se acudiría ó consello do artigo 131 CE, declarouse inconstitucional por considerarse interpretativo da CE.

Pero tamén se dá xurisprudencia para avanzar na teoría da organización. Atopámo-la STC 45/1991, do 28 de febreiro, que salienta as técnicas de coordinación.

■ A LPEMM do 24 de novembro de 1992. Pretende ser unha lei unificadora, que derroga o dereito anterior e amosa certa tendencia á desburocratización. Quere axilizar, proxectando entidades como as autoridades portuarias e o ente público Portos do Estado.

Os artigos 2 a 5 son definidores. Do termo “portos de interese xeral” ofrece un concepto dinámico e no seu anexo I relaciónanse os portos que se integran nesa categoría. Por outra banda, a disposición adicional 8ª, ó falar de mante-las titularidades recoñecidas, parece non quere-la ruptura do status xa recoñecido para as CCAA<sup>8</sup>. Unha cuestión interesante é determinar como se sae do status de porto de interese xeral.

Os portos son estatais pero pódense adscribir. O TC modificou algún artigo (art. 107 do Regulamento da Lei de costas) pouco respectuoso coas competencias dos concellos e das CCAA.

Os artigos 14 ó 16 establecen o réxime de adscripción e reversión. Deste xeito, as CCAA deben estar atentas ós

<sup>7</sup> STC 144/1991, 4 de xuño.

<sup>8</sup> Da 8ª LPEMM “... a entrada en vigor da presente lei non afectará á titularidade das comunidades autónomas sobre todos aqueles portos ou instalacións marítimas incluídos expresamente nos correspondentes decretos de transferencia ou nas actas de adscripción do dominio público marítimo-terrestre suscritas pola Administración do Estado e a correspondente Comunidade Autónoma.

criterios do artigo 5 para ser porto de interese xeral pois pódese dar un cambio de cualificación.

Verbo da zona de servicios, presenta grandes problemas xurídicos e é motivo de recurso de inconstitucionalidade. A teor do parágrafo primeiro do artigo 15, inclúe "... as superficies de terra e de auga necesarias para a execución das súas actividades, as destinadas a tarefas complementarias daquelas e os espacios de reserva que garantan a posibilidade de desenvolvemento da actividade portuaria". A súa delimitación, como acto de deslindamento e fixación só conceptual, farase a través do Plan de utilización dos espacios portuarios. Este é aprobado polo Ministerio de Obras Públicas, cun informe do ente público Portos do Estado e das administracións urbanísticas sobre aspectos do seu interese, no prazo de un mes. A aprobación leva consigo a afectación ó uso portuario dos bens de dominio público. Posteriormente, esíxense tramitacións de notificación e publicación no DOG.

E, de non existir Plan especial da zona de servicios, actuarase respectando os plans de utilización dos espacios portuarios; córrese así o risco de que non haxa este plano especial e, polo tanto, de que se minimize a intervención da Comunidade Autónoma e o concello.

O Plan especial da zona de servicios dótese dunha natureza urbanística, o que non é novidade no noso ordenamento. O porto sempre se haberá de tratar coma un sistema xeral. O artigo 18, que regula a iniciativa, tramitación e aprobación, é longo e controvertido; a iniciativa correspóndelle á autoridade portuaria, a tramitación e aprobación á autoridade urbanística; pero non se pode obvia-lo dictame previo e favorable do Consello de Ministros, a Comunidade Autónoma só poderá non aproba-lo plan; iso é, a xuízo do relator, o máis dificultoso.

Finalizou este punto cunha referencia ó esquecido "círculo de intereses municipais", do que fala o artigo 2 da LRBRL, e que carece de contido pola tendencia avara das leis estatais e das CCAA. Lembrou aquí a derogación da licenza municipal para a realización de obras por parte das autoridades portuarias no dominio dos portos, que se ve substituída por un informe no artigo 19 LPEMM. Tamén salientou o artigo 244 do LS, que innova o artigo 180.1 do texto anterior, ó derroga-la esixencia de licenza

municipal para os actos promovidos polas administracións, en caso de urxencia ou excepcional interese público.

De seguido, reflexionou sobre os conflitos de competencias nas zonas francas e a situación da cidade gaditana, cun réxime peculiar.

■ O último punto destinouno a destaca-lo papel da cooperación como principio básico das relacións de competencias. Partiu dos principios de unidade e continuidade como básicos na organización administrativa. Pero, a necesidade de pensar no cidadán e non nas cotas de poder administrativo tradúcese no dereito que aquel ten á actuación administrativa baseada na eficiencia e a eficacia; e estes dous principios tradúcense no de cooperación.

O principio de cooperación aparece recollido en numerosas leis<sup>9</sup> e o TC aréngao.

É algo que nace xuridicamente como norma esixible e faise preciso acrecenta-lo concepto xurídico-administrativo (que non político) de cooperación, como unha actuación conxunta. Trátase dunha directriz xurídica, que presenta dúas variantes: a colaboración (que é voluntaria) e a coordinación (imposta pola lei)

Rematou cun recordatorio do principio de subsidiariedade, proclamado no Tratado da Unión Europea, do que destacou a nota de que debe actua-la Administración máis próxima ó cidadán, a máis rendible; significa que se debe derivar do sistema o mellor para servir ó cidadán (acorde coa necesidade de servizo do artigo 103 CE).

E concretou a necesidade de cooperación na máxima seguinte: “Se non traballamos unidos, podemos morrer separados”.

Á exposición do profesor Pérez Moreno seguiulle un pequeno *coloquio* no que se formularon cuestións tan dispares como a idea do Senado como órgano corrector e contrapeso para unificar criterios e chegar a unha Administración única (o relator considera que se trata dunha boa solución, xa intentada pola LOHAPA, e sinalou a este respecto que o Estado autonómico aínda se atopa nunha fase de expansión, que debería ser presidida pola racionalidade); a peculiaridade de que nun mesmo porto concorran as condicións de porto de interese xeral e porto deportivo –competencia das CCAA– (Pérez Moreno con-

<sup>9</sup> Así, a LRBRL, a Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común,...

sidera que aí entraría en xogo a dinámica expansiva dos títulos elásticos, á que fixo referencia no seu relatorio, aínda que non estima que sexa unha saída correcta desde o punto de vista constitucional); ou a valoración do feito de que a clase política critique as leis (o relator cualificou o feito de san sempre que se faga racionalmente, e considerou que debe se-lo experto o que presente solucións para que o político elixa entre elas).

■ En segundo lugar desenvolveuse a intervención de D. Francisco Xosé Serna Gómez, director xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, baixo o título “Competencias da Comunidade Autónoma galega en materia de portos. O recurso de inconstitucionalidade contra o artigo 18 da lei”.

Partindo da consideración de que o artigo 18 da nova Lei de portos non foi o único impugnado pola Comunidade Autónoma galega e de que ía desenvolver-la temática do recurso á marxe da súa fundamentación teórica, o Sr. Serna dividiu a súa exposición en dous tempos.

Nun primeiro achegamento, fixo referencia á distribución de competencias en materia de portos, desde a perspectiva da Constitución española (CE, en diante) e o Estatuto de autonomía galego (en diante, EAG), nos seguintes termos.

A CE non atribúe competencias en materia de portos de forma global, senón que o fai por materias. Así, o artigo 148.1. CE: “As CCAA poderán asumir competencias nas seguintes materias: 6ª portos de refuxio, os portos... deportivos e, en xeral, os que non desenvolvan actividades comerciais”; tamén o artigo 149.1: “O Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias: 20ª mariña mercante e matriculación de buques; iluminación de costas e sinais marítimos; portos de interese xeral...”.

Considera así que, se a CE quixese clasificarlos portos dedicados ó comercio marítimo como de competencia exclusiva do Estado, teríao establecido expresamente no artigo 149.

Partindo dos artigos 148.2 e 149.3 CE, o EAG atribúelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva sobre “portos... non cualificados de interese xeral polo Estado e os portos de refuxio e portos... deportivos” (art. 27.9) e o desenvolvemento lexislativo e a execución da

lexislación estatal en materia de “portos pesqueiros” (art. 28.6).

Tomando como base estes artigos, o relator senta as conclusións que seguen:

■ Correspóndenlle á Comunidade Autónoma plenamente as potestades lexislativas e de execución nas materias portos de refuxio, deportivos e, en xeral, os que non desenvolvan actividades comerciais. A CE defínenos como de interese autonómico sen discriminar se son ou non de interese xeral estatal.

O EAG define os portos non cualificados de interese xeral polo Estado, os de refuxio e deportivos, como de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, e non cabe, polo tanto, establecer competencias estatais.

■ A declaración de “portos de interese xeral” só se lles pode aplicar ós portos comerciais que reúnan os requisitos establecidos.

■ A atribución ás CCAA galega e andaluza<sup>10</sup> de competencia para o desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación estatal en materia de “portos pesqueiros”, supón unha ampliación da competencia inicialmente atribuída polo artigo 148.1.6 CE. Se o porto en cuestión carece de actividades comerciais, sería de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma; e, se son comerciais, a competencia será tamén exclusiva para a Comunidade Autónoma, sempre que non sexan de interese xeral do Estado.

Para explica-los artigos 28.6 EAG e 15.6 do Estatuto andaluz (que se expresa nos mesmos termos) fórmulanse catro hipóteses.

1. As CCAA galega e andaluza quixeron reduci-las súas competencias sobre portos pesqueiros e compártenas co Estado. O relator non considera aceptable esta conclusión.

2. A competencia compartida estatal refírese ó desenvolvemento e adaptación das estruturas do sector pesqueiro. Pero isto parece encadrarse na ordenación do sector pesqueiro, que é unha materia distinta.

3. Os portos pesqueiros constitúen un *tertium genus* porque supoñen unha concorrencia necesaria entre Estado e Comunidade Autónoma, aínda que non sexan de in-

<sup>10</sup> Artigos 28.6 EAG e 15.6 Estatuto de autonomía andaluz.

terese xeral. Pero esta visión non se abeira en ningún criterio constitucional ou estatutario en materia de portos.

4. A solución que apunta o Sr. Serna Gómez considera, por exclusión, que os portos pesqueiros do EAG son os que figuran entre os de interese xeral do Estado.

A partir de aquí, o relator centrou a súa exposición nos aspectos da nova Lei de portos que o recurso presentado pola Comunidade Autónoma galega reputa inconstitucionais.

Pártese da consideración de que a Lei de portos préntase, de forma encuberta, como unha verdadeira lei de harmonización.

No artigo 149.1 CE non se fala de normativa básica en materia de portos. Pero o artigo 150.3 CE prevé un procedemento extraordinario para dictar leis de harmonización. Xa o TC<sup>11</sup> sinalou que o artigo 150.3 CE non pode ser interpretado de forma illada, senón que cómpre relacionalo cos preceptos de distribución de competencias; e de aquí deriva o seu carácter excepcional e restrictivo.

A LPEMM non se autodenomina Lei de bases ou de harmonización, pero é unha lei reguladora de tódolos portos, á marxe do sistema de distribución de competencias; vén reformula-lo ámbito de competencias das CCAA en materia de portos.

O recurso de inconstitucionalidade presentado pola Xunta de Galicia impugna os seguintes artigos da LPEMM, do 24 de novembro de 1992:

■ Artigos 2.1, 2.2 e 2.4, referidos á definición de porto marítimo, requisitos para selo e clasificación.

A definición establécese de xeito xeral, aplicable ás CCAA, polo tanto. A expresión “para os efectos desta lei...” non é suficiente, deberíase empregar-lo termo “estatais”, pois, de non facelo, parecen incluídos tamén os portos autonómicos.

O parágrafo cuarto do artigo 2 fala de portos “comerciais ou non”, cando os portos non comerciais nunca son de interese xeral.

Non se lles pode impoñer ás CCAA a definición e requisitos do porto marítimo; invade a súa competencia exclusiva e correspóndelle a cada Comunidade Autónoma legislar sobre isto.

<sup>11</sup> STC 5 agosto 1983  
-LOHAPA-.

■ Artigo 2.6, sobre a definición de “instalacións portuarias”; apártase do sentido empregado na lexislación anterior e, ó varia-la definición, modifícanse as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma galega no Decreto de trasposos de xullo de 1982. A definición, polo tanto, debe restrinxirse ós portos do Estado.

■ Artigo 3.1, 3.2, e 3.3. A definición de portos comerciais, ó non se referir exclusivamente ó Estado, invade as competencias exclusivas das CCAA sobre portos comerciais que non sexan de interese xeral.

O apartado 4 do artigo 3 exclúe da consideración de portos comerciais os portos pesqueiros, os destinados a proporcionarlles abrigo ás embarcacións en caso de temporal e os destinados, exclusiva ou principalmente a embarcacións deportivas ou de recreo. Pero débese ter en conta que, na maioría dos casos, nun mesmo porto coexisten diversas funcións. Por outra banda, considérase que as definicións establecidas neste parágrafo cuarto son de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma.

■ Artigo 3.6, sobre definición e xestión de plataformas pesqueiras en portos estatais. A administración e xestión de plataformas pesqueiras de portos estatais correspóndelle á Comunidade Autónoma.

■ Artigo 3.5, parágrafo 2º. Este precepto condiciona a realización de operacións comerciais en portos de competencia autonómica ó informe favorable de determinados ministerios; isto supón unha inxerencia no exercicio das competencias exclusivas das CCAA.

■ Artigo 4 e disposición transitoria 8ª. As instalacións marítimas que non respondan á definición de portos marítimos da lei, subtráenselles ás CCAA. Pero, de non ser de interese xeral, serán competencia autonómica.

Parece que as CCAA non poderán considerar como porto os que si o sexan de acordo coa súa lexislación, pero non segundo a lei estatal.

■ Artigo 2.4, 2.5; artigo 5.1, 5.2; artigo 10. Todos eles supoñen unha indebida extensión da definición do interese xeral do Estado.

A extensión do interese xeral ós portos non comerciais é contraria ó artigo 148.6 CE.

Doutro lado, o cambio de criterio para que un porto sexa ou non de interese estatal déixase en mans do Esta-



do, e na recualificación portuaria a intervención autonómica redúcese a un dictame.

■ Artigo 14.4 parágrafo 2. O parágrafo primeiro do 14.4 determina que as concesións ou autorizacións que as CCAA outorguen no dominio público marítimo-terrestre adscrito, recoñecerán o correspondente canon de ocupación a favor da Administración do Estado<sup>12</sup>. O parágrafo segundo exclúe deste canon soamente as referidas ós portos e instalacións portuarias estatais transferidas ás CCAA e que figuran expresamente nos correspondentes reais decretos de traspaso en materia de portos. Pero, ¿que ocorre cos portos e instalacións que as CCAA constrúan trala correspondente adscrición demanial? Parece que segundo a Lei de portos si xeran a obriga de pagar canon e isto semella inconstitucional.

■ Artigo 15.2, parágrafo 4, relativo á delimitación das zonas de servizo. A delimitación da zona dous, se quedan incluídos os portos autonómicos, pode afectarlle á competencia da Comunidade Autónoma.

■ Artigo 16.1, parece limita-la competencia autonómica, ó non poder realiza-la totalidade dos seus servizos.

■ Artigo 16.3, cando fala da delimitación da zona de servizo portuaria; trátase dunha competencia autonómica.

■ Outro bloque de inconstitucionalidade da Lei de portos relaciónase coa materia de salvamento marítimo, na que se fai preciso partir dos artigos 149.1.20 CE e 30.1.3 EAG<sup>13</sup>. Nesta liña impúgnanse os seguintes preceptos da lei: 6.1.e); 86.2; 87; 89.1; e 90.

■ E un bloque final é o que supón unha invasión de competencias en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

Impúgnanse os artigos 15.2 (insuficiente participación da Administración urbanística na elaboración dos plans de utilización das zonas de servizo); artigo 18.2 (invade a competencia exclusiva autonómica en materia de ordenamento e urbanismo, pola esixencia dun informe vinculante). Parece así que realmente non se están a buscar verdadeiras solucións de cooperación.

No breve *coloquio* que seguiu a esta intervención, fíxose referencia a un artigo do profesor Jiménez de Cisneros, no que impugna, un a un, os argumentos dos re-

<sup>12</sup> Baseándose na titularidade estatal.

<sup>13</sup> Artigo 149.1 CE: "O Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias: o 20º mariña mercante e abandeiramento de buques; iluminación de costas e sinais marítimos; portos de interese xeral; ...". Artigo 29 EAG: "Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado nas seguintes materias: 3. Salvamento marítimo".

cursos de inconstitucionalidade presentados contra a Lei de portos, e unha STC do ano 1980, que parece ter resolto algunha das cuestións debatidas.

■ A sesión da tarde do día 15 comezouna D. Fernando García Agudín, avogado do Estado na Delegación de Facenda da Coruña, cunha disertación sobre “A intervención do Estado no ámbito portuario: problemas prácticos en materia de urbanismo”.

Os portos son costas españolas e polo tanto sonlles aplicables as instrucións da Lei de costas de 1988. Non aparece clara a fronteira lexislativa entre costas e portos e así, en caso de lagoa na Lei de portos, parece lexítimo acudir á lexislación de costas, sempre máis omnicompreensiva.

Na LPEMM, os sinais marítimos e iluminación, xunto ás súas instalacións e obras, adscribenselle á autoridade portuaria. Os funcionarios que se encargaban deles pasan a integrarse nas autoridades portuarias, segundo dispoña o ministerio. Neste contexto, o relator pregúntase sobre a posibilidade de utiliza-lo desafiuzamento administrativo para os funcionarios que non queren integrarse nas autoridades portuarias.

A CE relaciona a mariña mercante e abandeiramento de buques dentro das competencias exclusivas do Estado.

Como innovación atopámo-la distinción entre autoridade portuaria e Mariña Mercante; a desmilitarización da primeira supón a súa adscrición á Administración civil (Ministerio de Obras Públicas ou autoridade portuaria). A distinción baséase quizais en que a autoridade portuaria estende a súa competencia sobre terra firme, e a Mariña Mercante sobre o mar territorial. Sen embargo, este criterio non parece de todo de erradicación; por exemplo, a Lei de portos atribúelle á autoridade portuaria todo o relativo ós remolcadores de buques; no mesmo sentido, pódese cita-la regulación dos prácticos, case obsoleta. Non parece que haxa unha regulación racionalizada destes servicios na actualidade.

A Lei de portos pretende establecer un modelo de organización e explotación do sistema portuario de titularidade estatal. Este modelo supón que o Estado asume a xestión do servizo público en conxunto, pero fóra da Administración, nun réxime de empresa que utiliza os criterios empresariais a prol dunha maior eficacia.

A autoridade portuaria concentra tódalas funcións e a autonomía, e o ente público Portos do Estado exerce facultades de control; este último non só é un *holding*, senón que tamén fixa obxectivos e directrices para as autoridades portuarias e asigna recursos, entre outros cometidos.

Ó se-la autoridade portuaria empresa mercantil, faise difícil distinguir cando actúa como tal e cando como autoridade dotada de *imperium*. Parece que por esta vía se lesiona dalgunha maneira a autonomía desta figura.

Na Lei de creación de portos dotados do Estatuto de autonomía de 1968, a maioría configurábanse como organismos autónomos e os portos grandes tiñan un Estatuto de autonomía; tratábase de entidades públicas suxeitas ó dereito privado, dotadas de personalidade xurídica propia, e non sometidas á lexislación de contratos nin á de entidades estatais autónomas. A súa xestión é de dereito privado. Esta lei prevé así un sistema similar.

Hoxe tamén se lles aplica a lexislación de contratos ós entes públicos como as autoridades portuarias, feito que o Sr. García Agudín considera un contrasentido.

Por outra banda, cómpre felicita-lo sistema portuario, dado que na actualidade conseguiu o autofinanciamento, mesmo no capítulo dos investimentos. Tamén se loita por abarata-los custos en beneficio do usuario.

■ A regulación e xestión do dominio público e o sistema de financiamento de cánones.

A Lei de portos de 1992 di que o dominio público é de titularidade estatal e a súa xestión encoméndaselles ás autoridades portuarias, mentres que, respecto das CCAA, a técnica empregada é a da adscrición.

Pero se o dominio está xestionado pola Comunidade Autónoma ou a autoridade portuaria, en materia de cánones o suxeito activo é o Estado<sup>14</sup>.

O artigo 49 da lei refírese á desafectación dos bens de dominio público dun xeito un tanto anormal. Polo xeral, os bens afectados, ó perderen tal condición, volven ó dominio público; pero neste precepto establécese que, en caso de desafectación, se incorporan ó patrimonio da autoridade portuaria (onde non estaban), que poderá proceder á súa permuta ou alleamento.

<sup>14</sup> Coa excepción dos portos e instalacións obxecto de transferencia no correspondente R.D. de traspaso.

No réxime económico atopámonos cunha innovación básica. Dispónse que, sen prexuízo dos prezos públicos dos cánones da concesión, están as tarifas (de dereito privado, se ben se intervén para fixa-lo seu máximo e mínimo). Preséntase un problema respecto da posibilidade de esixencia dos créditos das tarifas portuarias: haberá que acudir á xurisdicción ordinaria; a lei faculta as autoridades portuarias para suspende-lo servizo dos clientes dúbidosos.

Hai que ter en conta tamén que no porto conflúen competencias doutros organismos públicos: tribunais económico-administrativos (artigo 24 da lei), Ministerio de Defensa, Ministerio de Economía e Facenda (por exemplo, na definición das zonas francas), CCAA, aduanas (comercio exterior)...

A última parte da exposición centrouse no tema do urbanismo, no que as colisións entre autoridades portuarias, CCAA e concellos presentan o máximo interese.

Débase ter en conta o artigo 180.2 do Texto refundido da Lei do solo de 1976, en relación coa posibilidade de impedir unha obra de interese estatal público; o Consello de Ministros decide, mesmo contra plan; esta medida xa superou o xuízo de constitucionalidade.

Ó abeiro desta solución desenvólvese unha interesante xurisprudencia do TS en torno ó artigo 180 da Lei do solo: distínguense as grandes obras públicas –autoestradas, portos–, que non precisan licenzia municipal, das que si a precisan.

Nunha liña progresista, a Sala de Conflictos do TS considera que unha obra pública non pode inmovilizarse por causa dun interdicto ou a través de xuízo declarativo. Parece que a nova Lei de portos recolle estas ideas ó establecer como instrumento urbanístico axeitado o plan especial. O Plan xeral de ordenación urbana debe considera-lo sistema portuario como sistema xeral. O porto non pode facer ningunha obra non incluída no plan especial; as obras de nova construción, reparación e conservación, non precisan licenzia municipal.

Para o relator, o Plan de utilización dos espazos portuarios non é unha figura urbanística; trátase dun deseño de actividade empresarial, dun plan de actuación, que ten que ser aprobado pola Administración central e vincula

as actividades da autoridade portuaria. Non o considera urbanismo; a través deste mecanismo poderíase burla-la distribución de competencias. E considera unha idea brillante que, unha vez incluída no plan especial unha actuación, non sexa precisa a licenza municipal. A colisión municipio-autoridade portuaria semella inevitable. Como exemplo falou do caso da cidade de Vilagarcía, na que o conflito entre o Plan xeral de ordenación e o Plan especial do porto ante a xurisdicción contenciosa, se saldou co éxito da posición municipal.<sup>15</sup>

O *coloquio* posterior foi reflexo das diferentes reaccións fronte á nova lei.

Houbo quen manifestou as excelencias da lei, especialmente respecto da xestión cotiá e do deseño dos novos equipos, que repercute na posibilidade de atender tódolos aspectos da actividade portuaria. O relator sinalou que no sistema anterior tamén houbo eficacia e preguntouse acerca da necesidade desta nova lei.

Outras posturas reflectiron a necesidade de que o porto se integre na cidade e reivindicaron un papel máis importante para os concellos; deste xeito, a cuestión primordial centraríase na coordinación de competencias.

Tamén se falou da excesiva produción normativa e da necesidade de simplificar e reduci-lo intervencionismo a prol dunha maior funcionalidade. O Sr. García Agudín considera que cómpre diferenciar entre proliferación normativa (e non cre que sexa excesiva) e simplificación de tramitacións.

Rematouse cunha valoración negativa das técnicas de coordinación, ineficaces nas relacións interadministrativas.

■ D. Xosé M<sup>a</sup> Gómez e Díaz-Castroverde, maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, rematou a primeira xornada cunha reflexión sobre “O porto como sistema xeral e a súa incidencia no réxime económico-financieiro portuario”.

O porto, como ben de dominio público, inclúese no debate xurídico que, dende a Lei de augas de 1985<sup>16</sup>, se iniciou sobre o alcance da configuración que o lexislador fai dos bens do dominio público do artigo 132.2 CE.

Nel conflúen as competencias das administracións central, autonómica e local.

<sup>15</sup> Considerouse que os viais do porto non poden ter unha vida completamente independente dos viais municipais.

<sup>16</sup> E continuado polas leis de estradas e de costas de 1988.

O porto xa non se pode seguir considerando como ámbito alleo á cidade e hoxe é manifesto o desexo da Administración municipal de integralo na cidade e beneficiarse das vantaxes que xera.

Jiménez de Cisneros<sup>17</sup> alude á planificación urbanística como principal instrumento no diálogo porto-cidade; pero este non é o único instrumento e con el non se define a distribución de competencias.

A exposición divídese en tres temas fundamentais, derivados das seguintes reflexións:

1. A existencia do porto únese indivisiblemente a un espazo territorial determinado, rexido pola Administración municipal, que estende a el as súas potestades<sup>18</sup>, saíliendo a potestade tributaria.

2. Cómpre aludir ás novidades introducidas pola Lei de portos no ámbito da organización portuaria e as súas repercusións nos cidadáns.

3. Ademais, o porto destácase como centro de prestación de servizos a través da ocupación temporal de espazos demaniais. Aquí encádrase o estudo das tarifas portuarias.

*1. As potestades municipais e o espazo portuario, en especial, a potestade tributaria.*

Cómpre concreta-lo ámbito físico do porto e establecela súa definición na planificación urbanística.

Hai que situar no seo do municipio o concepto de porto que se desprende do artigo 2 da LPEMM<sup>19</sup>. Xorde aquí a cuestión da determinación do límite último do exercicio das competencias municipais dentro do territorio propio do seus límites; neste sentido, a STS do 19 xuño de 1987 considera que as competencias municipais sobre ordenamento urbanístico non se estenden ó mar litoral; non é posible así entender que hai ordenación urbanística municipal naqueles elementos do dominio público portuario que carecen de soporte territorial. Isto ten grande importancia no ámbito tributario.

O planificación xeral municipal debe incluí-la determinación do espazo portuario (artigo 72.2 d) LS). Ademais, o artigo 18.1 LPEMM ordena que os plans xerais e demais instrumentos xerais de ordenación urbana cuali-

<sup>17</sup> JIMÉNEZ DE CISNEROS CID, F. J., "A ordenación xurídica da zona de servizo dos portos de interese xeral" *Revista de Dereito Urbanístico*, nº 134.

<sup>18</sup> Cfr. artigo 4.1 Lei 7/1985, do 2 abril, reguladora das bases do réxime local.

<sup>19</sup> Este artigo denomina porto marítimo o conxunto de espazos terrestres, augas marítimas e instalacións, que reúna as condicións de situación, físicas, naturais ou artificiais, e de organización nel mencionadas.

fiquen a zona de servizo dos portos estatais como sistema xeral portuario, sen interferir no exercicio das competencias de explotación portuaria, que son obxecto de desenvolvemento polo plan especial.

En consecuencia, faise posible que os espazos portuarios sexan clasificados nalgunha das categorías de solo establecidas na lexislación urbanística, cousa que, de acordo con Jiménez de Cisneros, non debería poder ser.

Outro factor que repercute no exercicio da potestade tributaria das corporacións locais é a esixibilidade de licenza municipal. O artigo 244.1 LS, suxeita a licenza ós actos de edificación e uso do solo en terreo de dominio público realizados polos órganos das administracións públicas ou entidades de dereito público, “se así se require na lexislación aplicable”. Esta lexislación aplicable é aquí a LPEMM que, no seu artigo 19.3, exixe de tal licenza (tanto a de obras coma a de apertura).

Por outra banda, o exercicio de actividades no espazo portuario está suxeito, non só á intervención administrativa, senón tamén á previa autorización ou outorgamento de concesión, en ambos casos correspondente á autoridade portuaria.<sup>20</sup>

Este primeiro apartado péchase cunha sucinta análise da repercusión dos tributos municipais no ámbito portuario.

a) *Taxas* (artigo 26 Lei xeral tributaria). Defínense<sup>21</sup> por contraposición ó imposto, a través das notas de divisibilidade do servizo público e individualidade do custo.

Partindo da determinación do feito impositivo das taxas<sup>22</sup> que realiza o artigo 20, Lei reguladora das facendas locais de 1988 (LRHL, en diante), os concellos poderían esixir taxas polo servizo de expedición de licenzas urbanísticas. Pero os artigos 244 TRLS e 19.3 da Lei de portos eximen deles ás administracións públicas e entidades de dereito público. Os particulares si estarán sometidos á licenza e, polo tanto, á taxa.

b) *Imposto sobre construcións, instalacións e obras*. Tributo indirecto, de exacción obrigatoria; a súa esixencia non subsume a taxa, por teren distinto feito impositivo.

A súa regulación no artigo 101 LRHL desvincúlao cla-

<sup>20</sup> Artigos 57.1 e 63.1 LPEMM.

<sup>21</sup> SÁINZ DE BUJANDA, F. *Leccións de dereito financeiro*, Servizo de Publicacións. Facultade de Dereito da Universidade Complutense, Madrid, 1993.

<sup>22</sup> Prestación dun servizo público ou realización dunha actividade administrativa de competencia local, que se refira, afecte ou beneficie de modo particular ó suxeito pasivo cando concorran estas circunstancias: a) que sexan de solicitude ou recepción obrigatoria; b) que non sexan susceptibles de ser prestados ou realizados pola iniciativa privada.

ramente da obtención da licenza e, en principio, da obriga de obtela.

Este artigo da pé a dúas posibles interpretacións:

- considerar que pretende obxectiva-la obra que se debe realizar, apartándoa da persoa e do ámbito.
- referilo ó ámbito total da normativa urbanística correspondente, de forma que a autoridade portuaria non quede suxeita ó imposto.<sup>23</sup>

O relator defende a segunda postura partindo da consideración de que, para que exista feito impositivo, cómpre que a obra, instalación ou construción obteña a licenza (de ser preciso).

c) Imposto sobre actividades económicas. Non se debe formular dúbida ningunha respecto do ámbito territorial de aplicación deste imposto, e a cuestión queda reducida á posibilidade de que as actividades que se desenvolven neste espazo sexan realizadas por algún dos suxeitos exentos mencionados no artigo 83 LRHL.

d) Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana. O artigo 106.2 f) LRHL exige aqueles incrementos de valor cando a obriga de satisfacerlo imposto recaia sobre os titulares de concesións administrativas susceptibles de reverteren respecto dos terreos afectados ás mesmas. Deste artigo caben dúas interpretacións:

Só hai exención no caso de reversión á Administración concesionaria. Parece avalar esta postura o propio fundamento do imposto.<sup>24</sup>

A exención alcanza tamén ás transmisións anteriores á reversión<sup>25</sup>. O autor inclínase por esta, dado que o artigo citado coincide co 353.1 g) do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local de 1986, e este foi precisamente o criterio xurisprudencial ó respecto.<sup>26</sup>

e) Imposto sobre bens inmoables. Non hai coincidencia entre solo urbano no plan urbanístico e solo suxeito a este imposto (que se estende ó urbanizado e susceptible de urbanización e ó fraccionado en contra da lexislación agraria).

Están exentos os bens de dominio público marítimo-terrestre estatal, os portos e instalacións portuarias estatais. ¿Que pasa cos de titularidade non estatal? Parece que

<sup>23</sup> Artigos 244 LS e 19.3 LPEMM.

<sup>24</sup> Gravar aquelas plusvalías percibidas polo transmitente que non obedecen propiamente á súa actuación, senón ó total das actuacións, alleas a el, da comunidade en que se desenvolve.

<sup>25</sup> Así como as autorizacións son intransferibles –salvo as de ocupación de dominio público para os supostos de vertidos–, as concesións poden transmitirse nos termos do artigo 64.1 LRRL.

<sup>26</sup> STS do 28 de maio 1993.



tamén deben quedar exentos; trátase dunha exención obxectiva.

## 2. A nova fórmula de organización.

Menéndez Rexach<sup>27</sup> sinala que a nova Lei de portos e da Mariña Mercante de 1992 distingue entre Administración "marítima" (capitanías de mariña) e Administración portuaria (autoridades portuarias e o ente público Portos do Estado).

O fenómeno da descentralización administrativa dá lugar á chamada Administración institucional, de carácter instrumental, que acomoda a súa actuación ó dereito privado a prol dunha maior flexibilidade; é un fenómeno en clara expansión.

A exposición de motivos da LPEMM establece a necesidade de elimina-las rixideces propias da estrutura administrativa para logra-la realización dos principios de eficiencia, axilidade e flexibilidade, propios da xestión empresarial que se desenvolve nos portos.

Aparecen así os entes de dereito público: a autoridade portuaria (competente na xestión dos servicios portuarios) e o *holding* Portos do Estado, dependente do Ministerio de Obras Públicas e que controla e coordina a primeira.

A novidade radica na xestión presupostaria, posto que xa antes existían as xuntas de porto (organismo autónomo de carácter comercial) e os portos autónomos.

Malia que o artigo 66.4 LPEMM establece que as actividades e servicios prestados polas autoridades portuarias se rexen polas normas de dereito privado, hai tamén notas que poñen de manifesto o carácter público da súa función:

O outorgamento da concesión ou autorización para a ocupación ou aproveitamento do dominio público portuario, xera a obriga de recibir canon a favor da autoridade portuaria; este canon é un prezo público.

As autoridades portuarias poden utilizar, para a efectividade dos seus débitos con natureza de dereito público, o procedemento administrativo de constrinximento.

O asesoramento, defensa e representación en xuízo do ente público Portos do Estado e das autoridades portua-

<sup>27</sup> MENÉNDEZ REXACH, A., "Os servicios portuarios: a súa xestión directa ou indirecta", *Comentarios á nova Lei de portos, Consorcio da Zona Franca de Vigo*, Vigo, 1993.

rias, pódennles ser encomendados ós avogados do Estado integrados no Servicio Xurídico do Estado, por medio de convenio.<sup>28</sup>

O ente público Portos do Estado e as autoridades portuarias quedan sometidos ó réxime tributario que lle corresponde ó Estado (artigos 33 e 51 da Lei de portos). Deberíase establecer unha compensación correspondente ás facendas locais<sup>29</sup>, pero non prevé tal cousa a nova lei.

### *3. A configuración das tarifas por servicios portuarios.*

O artigo 68.1 da LPEMM establece que “os ingresos das autoridades portuarias deberán responder ó obxectivo de logra-la rendibilidade global do conxunto do sistema portuario e de cada un dos portos”.

A configuración das tarifas atravesa por tres etapas.

Antes da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, as tarifas por prestación de servicios portuarios concéctanse co concepto de taxa, na medida en que se vinculan á contraprestación dunha actividade administrativa ou ó uso dos bens de dominio público en beneficio de suxeitos individuais.

En consecuencia, réxense por lei, constitúen un ingreso público (coa posibilidade de utiliza-lo procedemento administrativo de constrinximento) e o seu importe lígase ó custo do servico.

A Lei do 28 de xaneiro de 1966 sobre réxime financeiro dos portos, determina que as tarifas portuarias responderán ó principio de rendibilidade da explotación, de forma que, sumadas ós cánones por concesión administrativa, cubran os gastos desta explotación, conservación, depreciación de bens e instalacións portuarias e supoñan un rendemento razoable do investimento en activos fixos.

Nunha segunda fase, a partir da Lei 8/1989, varía a natureza das tarifas e da taxa, que pasan a configurarse como prezo público. En consecuencia, o custo real ou previsible do servico ou da actividade deixa de se-lo seu límite máximo e convértese no mínimo; ademais, a fixación de prezos públicos pódese facer por orde do departamento ministerial correspondente, e a autoridade portuaria po-

<sup>28</sup> R.D. 685/1993, 7 de maio, sobre a asistencia xurídica ós entes públicos Portos do Estado e autoridades portuarias.

<sup>29</sup> De acordo co artigo 142 CE e 9.2 LRHL.

de seguir utilizando elementos exorbitantes ó dereito privado, como o procedemento de constrinximento.

Na última etapa, a LPEMM, inspirada no principio de rendibilidade global do conxunto do sistema portuario e de cada un dos portos, configura as tarifas como prezos privados.

A xurisdicción competente agora é a civil, o que a xuízo do relator, perturba as posibilidades de impugnación dos interesados que, por se-lo Ministerio de Obras Públicas quen fixa os límites máximo e mínimo das tarifas<sup>30</sup> e porque a disposición ministerial só se pode impugnar pola vía contencioso-administrativa, estarán obrigados a litigar ante dúas xurisdiccións distintas.

Non se pode xa utiliza-lo procedemento de constrinximento e só se poderá acudir ó mecanismo de suspensión temporal da prestación do servizo (previsto no artigo 48.2 da Lei de portos).

A lei permítelle tamén percibir tarifas a quen presta servizos portuarios a través do sistema de xestión indirecta.

No *coloquio* seguinte a esta intervención, fíxose fincapé en que as exencións mencionadas na primeira parte do relatorio lle afectarían unicamente ó solo, de dominio público, e non ás construcións dos concesionarios deste solo, que non gozan dese carácter. En relación co imposto de bens materiais o Sr. Díaz-Castroverde rexeitou a posibilidade de limita-la exención ós portos de uso gratuíto (a lei, en relación coas estradas, utiliza este cualificativo).

■ D. Francisco Javier Jiménez de Cisneros Cid, profesor titular de dereito administrativo da Universidade Autónoma de Madrid, iniciou a xornada do día 16 cunha exposición sobre “Os plans especiais de ordenación dos espazos portuarios”.

Nos últimos anos, a relación porto-cidade foi tensa, non só en España senón tamén no seu contorno (xa anos antes xorde esta problemática en países da Unión Europea como Francia ou Gran Bretaña, aínda que, no país anglosaxón, ó ser distinta a regulación, tamén o é a solución), xa que sobre o mesmo espazo físico concorren distintas competencias de diferentes administracións públicas.

Ata o ano 1978 non houbo problema, salvo polo cre-

<sup>30</sup> Artigo 70.2 LPEMM.

cemento do porto sen ter en conta a cidade (primeiro tercio do século XX).

Tralo 78 a situación complicase, pois sobre ese espacio físico actúan, non só o Estado e os municipios, senón que aparece ademais a xestión levada a cabo polas CCAA.

A ordenación física do porto non presentaba problemas porque non tiña reflexo nunha ordenación xurídica (ata finais de 1980). Pero crecen as cidades, aparece a sensibilidade ecolóxica, xurídica e política, as actividades industriais dos portos, e isto obriga a buscar solucións entre tódalas administracións. A LPEMM intenta que o diálogo porto-cidade se organice dende parámetros racionais, evitando o conflito de competencias xurisdiccional. A planificación aparece como o mecanismo racional para agrupa-los intereses que están en xogo.

O relator non cre que o Estado deba prevalecer sempre; a cláusula de predominancia do artigo 149.3 CE non se lles aplica ás competencias exclusivas das CCAA.

Outra preocupación da lei é o problema do deslindamento físico do porto, que se debe establecer a través do Plan de utilización dos espacios portuarios. Desde o punto de vista autonómico combátese este plan.

Na súa opinión, a lei foi respectuosa ó planea-lo espacio urbanístico; a lei limítase a sinalar que os portos son sistemas xerais, non define nada; obriga a cualifica-los plans como sistemas xerais, pero isto supón, simplemente, elevar a rango normativo o que hai na realidade.

Antes, o espacio portuario cualificábase de moi diversos xeitos, e así soluciónase o problema cunha categoría como o sistema xeral. Como efecto, os plans impóñense á consideración municipal.

A lei obriga a que sobre ese sistema xeral se aprobe un plan especial; é a única posibilidade de regular un sistema xeral. O plan especial do artigo 18 é un plan urbanístico como calquera outro da Lei do solo. Aquí o protagonismo das autoridades portuarias é evidente. A zona de servizo abrangue a maioría das veces varios municipios e a máis é sufragada economicamente pola autoridade portuaria (estatal), e a titularidade, como dominio público, pertécelle ó Estado. Por isto non se poden deixar unicamente nas mans municipais e é así como xorden certas notas procedementais: a iniciativa está en mans

das autoridades portuarias; o informe vinculante do artigo 18 (transcrición dos artigos 112 e 117 da Lei de costas, nun mecanismo xa lexitimado polo TC en 1991).

O dominio público portuario é dominio público marítimo-terrestre estatal; a titularidade demanial do Estado obríga a garanti-la execución de tódalas actividades portuarias precisas; é necesaria a protección do dominio público marítimo-terrestre.

Se o informe é negativo, o plan faise nulo de pleno dereito. E, en todo caso, o municipio pode deixar de aproba-lo plan.

Para evita-lo baleiro e a inmovilización en caso de conflito de intereses, establécese un mecanismo de suplencia, o Plan de utilización dos espazos portuarios; como xa sinalou o TC, a titularidade dos bens de dominio público estatal leva implícitas tódalas medidas para a súa protección, incluído o deslindamento.

Cómpre ter en conta que ningún acto é inmune ó control xurisdiccional e esta é outra vía para o municipio e a Comunidade Autónoma.

Existe ademais a necesidade dunha ordenación lóxica pola autoridade portuaria; a lei obriga a ter unha idea racional de como é o porto; o plan de utilización debe se-la plasmación física da xestión portuaria, obriga a un directo vínculo co uso portuario; isto é relevante para os efectos da impugnación.

Por outra banda, o plan de utilización é un *prius* para a ordenación urbanística, é preciso para que logo se poida establece-lo plan especial. Aquí radica a conexión coa cidade. O plan de utilización é a información urbanística, pero non é unha ordenación (se ben na práctica algúns plans condicionan a posterior planificación urbanística) e proxecta os seus efectos *ad intra* a actividade portuaria.

Pero se non hai plan especial, o plan de utilización bastaralle á autoridade portuaria para dotar de legalidade a súa actuación.

A valoración desta medida que fai o relator é positiva, porque só será a inactividade municipal a que obrigue a este efecto para que o porto non vexa paralizada a súa actividade. As competencias estatais na materia non se

poden negar. Nestes casos, o plan de utilización si servirá como mecanismo de ordenación.

A lei só pretende establecer un mecanismo de obriga-da reflexión dos entes implicados, das tres administracións públicas, e non baleirar de competencias os municipios e as CCAA.

No coloquio posterior, preguntouse que ocorre coas obras no porto cando non hai plan especial, dado que o plan de utilización non contén ordenanzas, como serán os límites desas obras; o relator considera aquí lexítima a aplicación da LS e da LPEMM (que contén tamén algúns límites).

Falouse tamén de que a lei parece ampliar indirectamente a competencia municipal (en contra da xurisprudencia do TS de que o municipio remata no peirao), á hora de delimita-las augas portuarias e as zonas 1 e 2. Outra pregunta centrouse no significado do artigo 19 da lei e na determinación de quen é a autoridade urbanística da que fala (o relator sinalou que a competente, normalmente o concello) e da natureza do informe vinculante (que non xera taxa e inverte a carga da proba). Houbo tamén quen discrepou do relator, considerando que, máis que establecer mecanismos de diálogo, o que a lei pretende é aparta-los concellos dos asuntos portuarios. Rematouse cunha reflexión verbo dos informes preceptivos, que descoñecen moitas veces os plans de usos, instrumento de xestión portuaria fundamental, e da necesidade de que o sentido de patrimonio desapareza na xestión portuaria.

■ D. Eduardo Calvo Rojas, maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, rematou a sesión matinal cunha disertación verbo da "Ordenación portuaria e planificación urbanística: obras e instalacións no ámbito portuario".

Parte dun punto de vista crítico da Lei de portos, pois considera que o lexislador anulou as competencias urbanísticas municipais. Tanto en ordenación coma en control, preserváronse esaxeradamente as competencias estatais, a custa das competencias urbanísticas dos municipios e das CCAA.

No espacio portuario conflúen competencias diversas de diferentes administracións. Conflúen espacialmente dereito portuario e dereito urbanístico. Trátase dun en-

frontamento entre política sectorial (portuaria) e política horizontal (urbanística), de xeito que esta última é sacrificada pola lei.

A consideración de que o porto é cidade acaba por se converter en indubidable<sup>31</sup>; pero para os efectos urbanísticos o mar territorial non é municipal<sup>32</sup> –non cabe esixir licencia–. A esta cualificación xustaponse a do porto como dominio público estatal. E, ¿como articular ambas afirmacións?

O TS advirte que a concorrencia non dará lugar nunca ó menoscabo das competencias estatais. Pero isto non supón que o Estado teña que prevalecer sempre (a cláusula de predominancia do artigo 149.3 CE non se aplica nas competencias exclusivas das CCAA).

En ocasións, o TC aconsella solucións de cooperación para estes conflitos e, segundo o relator, na LPEMM non se segue esta advertencia.

A articulación podería vir dada co plan xeral e o plan especial<sup>33</sup>, sen a nova lei; sería suficiente coa lexislación urbanística.

Pero o artigo 18.1 da Lei de portos non se limita a reproducir este esquema, senón que vai máis alá; non lle permite á Administración urbanística optar entre esgotar a regulación portuaria co plan xeral, globalmente, ou complementala cun plan especial; imponse esta última solución. E non se debe esquecer que as determinacións do plan xeral veñen xa condicionadas, por exemplo, polo plan de utilización.

No procedemento de aprobación do Plan especial de ordenación do sistema portuario confíreselle unha intervención decisiva á Administración portuaria e, en último caso, ó Consello de Ministros; a propia LPEMM contén unha serie de determinacións substantivas e directas sobre o contido deste plan, a máis de establece-la súa total prescindibilidade.

Cómpre destacar algúns aspectos da tramitación do plan especial. A competencia estatal en materia portuaria non se discute, pero tampouco habilita para introducir especialidades nun procedemento (o de aprobación dos instrumentos de planificación urbanística) que lle corresponde á lexislación urbanística.

<sup>31</sup> STS do 28 xuño 1980: “todo o territorio nacional forma parte dos municipios”.

<sup>32</sup> SSTs do 4 de febreiro 1987 e do 19 xullo 1987.

<sup>33</sup> Trataríase dun plan especial do artigo 84.2 a) LS: un plan especial dictado en desenvolvemento das previsións do plan xeral acerca dun determinado sistema xeral.

A iniciativa e a formulación parecen corresponderlle á autoridade portuaria; ¿inclúe isto a aprobación provisional? Neste caso, ó non se-lo mesmo formulación e redacción, a resposta debe ser negativa. Así pois, formulación para a autoridade portuaria e tramitación e aprobación para a Administración urbanística competente.<sup>34</sup>

A Administración urbanística aproba o plan especial provisionalmente e dálle traslado do seu contido á autoridade portuaria para que se pronuncie "sobre os aspectos da súa competencia".<sup>35</sup>

A Administración urbanística non poderá aprobar definitivamente o plan especial se o citado pronunciamento é desfavorable e, de non chegar a un acordo no prazo de seis meses, o Consello de Ministros informará con carácter vinculante.

Tanto o pronunciamento da autoridade portuaria como o informe vinculante do Consello de Ministros, deben recaer sobre aspectos da súa competencia, procedendo, noutro caso, á súa impugnación pola vía contencioso-administrativa. Deste xeito, a aprobación definitiva do plan especial pola Administración urbanística competente aparece un tanto esvaída.

O plan especial ten por obxecto desenvolver as previsións do plan xeral sobre o sistema xeral portuario; pero este plan xeral xa vén predeterminado: é preceptivo que cualifique como sistema xeral toda "a zona de servizo dos portos estatais" (e a delimitación desta zona realízase a Administración do Estado no Plan de utilización dos espazos portuarios) e, en todo o referente a este sistema xeral portuario, "non poderá incluír determinacións que supoñan interferencia ou perturbación no exercicio das competencias de explotación portuaria".

Ademais, o plan especial aparece vinculado directamente ás previsións de explotación do porto formuladas pola autoridade portuaria e ás determinacións substantivas da Lei de portos. Tamén terá que observar as disposicións da lexislación de portos sobre delimitación e utilización do dominio público portuario, as disposicións contidas no regulamento de servizo e policía de cada porto e nas ordenanzas da autoridade portuaria.

Por outra banda, de non existir plan especial, a autoridade portuaria poderá realizar obras de superestructura

<sup>34</sup> Fronte a JIMÉNEZ DE CISNEROS CID, que sostén que a Administración portuaria podería ser competente non só para a redacción do plan especial senón tamén para a súa aprobación inicial e provisional.

<sup>35</sup> Artigo 18.2 c), parágrafo 1º, LPEMM.



e instalacións no dominio público da súa competencia, coa única limitación de que “deberán ser compatibles cos plans de utilización dos espazos portuarios”.

Respecto da posibilidade do control xudicial, a carga da proba xa aparece invertida e a Administración estatal ocupa sempre a máis cómoda posición de demandado.

Ó plan especial quédalle así pouca marxe de determinación nos aspectos estritamente urbanísticos, que mesmo podería ser desbaratada por vía de impugnación, negando o informe positivo. A lei parece propiciar estes abusos.

Chega a estar tan desvalorizado o plan que se declara prescindible.

Dise que a suplencia do plan de utilización é transitoria, pero esa transitoriedade pode eternizarse e a lei non establece límite temporal ningún.

Antes da Lei do 92 partíase de que a planificación urbanística vinculaba a particulares e tamén a autoridades e, en todo caso, hai suxeición ó principio xeral da esixencia de licenzia (que se formula en función do uso do solo que se vai facer), con dúas excepcións: o artigo 180.2 da Lei do solo –agora 244–, referido a razóns de urxencia ou excepcional interese público<sup>36</sup> (libérase da necesidade de licenzia pero non da intervención municipal); as obras que, pola súa envergadura, penetran no ámbito da ordenación do territorio, excedendo do ámbito puramente urbanístico<sup>37</sup>. Ademais, débese ter en conta que o mar territorial non forma parte do municipio.<sup>38</sup>

Este esquema aparece en principio reproducido nos artigos 242 e 244 LS. Pero cunha novidade: os actos enumerados no artigo 242, promovidos polos órganos das administracións públicas, estarán igualmente suxeitos a licenzia “... se así o establece a lexislación sectorial correspondente” (artigo 244). Isto foi agravado pola lexislación portuaria.

Aparece así unha serie de leis que tenden a subtraer do requisito da licenzia municipal as obras promovidas pola Administración estatal nos seus respectivos ámbitos.<sup>39</sup>

Na LPEMM distínguense obras de construción dun novo porto e as restantes obras e instalacións do ámbito portuario; pola súa vez, dentro destas últimas, diferén-

<sup>36</sup> A STS do 16 de febreiro de 1988 sinalou que o artigo 180.2 debía interpretarse de acordo coa distribución de competencias establecida pola CE. A mencionada excepción, STS do 14 de outubro de 1992, debe interpretarse estritamente.

<sup>37</sup> Criterio xurisprudencialmente establecido: SSTS 3 de decembro de 1982, 20 febreiro 1984, 28 de maio 1986, 4 de febreiro en 1987,...

<sup>38</sup> SSTS do 20 febreiro de 1984, 30 de marzo 1984, 4 de febreiro 1987, 19 de xuño 1987, 25 de xaneiro 1988.

<sup>39</sup> Lei 22/1988, 28 de xullo, de costas (artigo 11); Lei 25/1988, 29 de xullo, de Estradas (artigo 12).

ciáanse as obras promovidas pola autoridade portuaria das promovidas por terceiro titular dunha autorización ou concesión.

No caso de construción dun novo porto de titularidade estatal, o procedemento recóllese no artigo 20 LPEMM; este prevé un informe en relación coas competencias de ordenación do territorio e urbanismo da Comunidade Autónoma e do concello (substituíndo a licenza municipal); pero o informe non é vinculante.

As obras e instalacións que hai que realizar no ámbito portuario promovidas pola autoridade portuaria, cualifícanse, independentemente da súa envergadura, como obras de interese xeral e, polo tanto, libéranse dos actos de control preventivo municipal do artigo 84.1 b) LRBRL. Non haberá, así, outra vía de control urbanístico que non sexa a tramitación de informe previsto no artigo 19.1 LPEMM; este informe refírese á acomodación das obras ó plan especial. ¿E que pasa se este plan non existe? Poderíase pensar que se prescinde desta tramitación de informe, o que non resulta aceptable.<sup>40</sup>

Cando os que promovan estas obras e instalacións no ámbito portuario sexan os titulares de concesión ou autorización, e a teor do artigo 54.3 LPEMM, sempre será necesaria a previa licenza municipal, sen ter en conta a entidade obxectiva da obra.<sup>41</sup>

Por último, debemos sinalar que tanto a autorización coma a concesión se poden outorgar aínda que non exista plan especial, sempre que non se opoñan ó Plan de utilización dos servizos portuarios.

De seguido, tivo lugar un pequeno *coloquio* no que se trataron diversos puntos:

Opínouse que a nova Lei de portos non establece intervención de control ningún da autoridade portuaria respecto das competencias urbanísticas municipais. O Sr. Calvo Rojas sostén que o control por vía de plan especial é máis que suficiente.

O relator anterior, Sr. Jiménez de Cisneros, refutou as ideas do Sr. Calvo Rojas, por alusións. O punto de partida do relatorio parécelle moi discutible, pois non entende a causa por que o sistema anterior era mellor e máis respectuoso coas competencias municipais, ou por que é preferible a planificación urbanística cá sectorial.

<sup>40</sup> Sempre cabe o cotexo respecto ó planeamento urbanístico xeral e á legalidade urbanística.

<sup>41</sup> Neste punto é recomendable atende-las consideracións de BOQUERA OLIVER en "A edificación nos portos", *Revista Española de Dereito Administrativo*, nº80, outubro/décembro de 1993.

Considera tamén que a inactividade municipal non pode paraliza-la actividade portuaria.

Por outra banda, expuxo que o plan de utilización nunca condiciona o ordenamento urbanístico, dado que se limita a ordena-los sectores.

Houbo tamén quen considerou que a solución non está en mans municipais, e sinalou que a degradación das nosas costas foi permitida precisamente por esa Administración. O relator discrepou pois consideraba que recoñecer que a Administración municipal obrou mal nalgúns casos, non lexitima para quitarlle o poder das súas competencias.

Preguntouse, así mesmo, sobre a constitucionalidade do sistema do informe vinculante. O relator respondeu que así o determinou o TC, pero que o feito de ser constitucional non supón a súa bondade.

Outras preguntas referíronse a quen aproba en última instancia o plan especial (Administración urbanística), quen aproba o plan especial que afecta a varios municipios (debería se-la Comunidade Autónoma pero o que se fai é reparti-lo plan), que ocorre cos portos de competencia autonómica se a Comunidade Autónoma non legisla sobre a materia (implicitamente acéptase a lexislación estatal), que opción ten o concello cando a delimitación da autoridade portuaria afecta a ámbitos que el tiña reservados a outra cousa (cabe recurso, pero é difícil logra-la anulación xurisdiccional do plan) ou se, para os efectos do artigo 19 da lei, abonda que a autoridade portuaria sexa promotora para considera-la obra de interese xeral, aínda que a execución quede noutras mans (tal e como está redactada a lei, parece que si).

■ A última intervención das xornadas quedou a cargo de D. Pablo García Manzano, maxistrado do Tribunal Supremo, quen desenvolveu o tema dos “Instrumentos de ordenación no ámbito portuario”.

O relator comezou por sinalar que, dada a contraposición de posturas entre as dúas exposicións precedentes, poderíase pensar que o seu papel agora se limitaría a dicitar sentenza, pero que persoalmente non se adscribía a ningunha postura senón que concordaba cun ou con outro relator segundo as cuestións.

É frecuente que as leis sectoriais se vexan sometidas a

xuízos de constitucionalidade; a Lei de portos ten na actualidade multitude de aspectos impugnados neste sentido, o que parece triste xa que o cidadán non sabe ata que punto debe seguir esta lei, dado que se ignora se se consolidarán as súas liñas fundamentais.

Atopámonos pois nunha fase embrionaria e faise preciso partir de que, respecto desta lei, non hai xuízo de constitucionalidade nin xurisprudencia suficiente aínda. A partir desta precisión e dunha sucinta análise da sentenza de Pamplona-Iberduero, na que se discutía a necesidade de licenza municipal para a central termonuclear (apoiándose en dictames do Consello de Estado, nos que non se distingue entre municipio e zonas distintas dentro do territorio español, dictaminouse a favor da necesidade de tal licenza), o Sr. García Manzano sinalou os tres puntos que ía desenvolver na súa exposición:

- O porto como obra pública de interese xeral.
- Construcción de novos portos e ampliación dos existentes.
- Portos existentes e planificación urbanística.

O porto como obra pública de interese xeral. Nesta cuestión subxace unha tensión entre as potestades do titular do dominio (neste caso público) e o titular das potestades administrativas. Non é tanto un problema de distribución de competencias de xestión; e as administracións urbanísticas non contraponen outro dominio senón un imperio, unha potestade.

Implícanse aquí tres conceptos fundamentais (segundo a Tomás Ramón Fernández): obra pública, dominio público e servizo público.

A LPEMM xustifica moitos puntos dentro do concepto de obra pública de interese xeral, do que derivan importantes consecuencias xurídicas se temos en conta o establecido polo Tribunal de Conflictos na Sentencia do 21 decembro de 1993; nesta afirmase que, fronte ás obras públicas de interese xeral, non cabe utiliza-lo interdicto de obra nova (parte do principio de intanxibilidade da obra pública); queda calquera outro interdicto, pero non haberá posible paralización da obra.

Construcción de novos portos e ampliación dos existentes. Esta cuestión desenvólvese nos artigos 20, 21 e 22 da nova lei. A súa regulación está deliberadamente des-

vinculada da Administración territorial; con isto determínase a localización e caracterización dos novos portos e da ampliación dos existentes.

É aceptable o proxecto técnico, pero xa é máis discutible que a urxencia para a expropiación a determine só o ministro de Obras Públicas e Transportes e non o Consello de Ministros (e non hai suficiente xustificación). Si hai intervención, vía informe, das administracións urbanísticas, pero isto non soluciona o problema.

Respecto do estudio do impacto ambiental, o relator considera acertado o seu carácter preceptivo na construción, pero parécelle moi relativizado na ampliación.

Portos existentes e planificación urbanística. Neste apartado merecen estudiarse dúas grandes cuestións: o Plan de utilización dos espazos portuarios e o Plan especial da zona de servicios.

O Plan de utilización dos espazos portuarios parece ter dúas funcións: non cre que sexa un deslindamento administrativo, se ben pode ter elementos disto, pero ten máis aspectos ordenadores ca delimitadores.

Respecto das chamadas “reservas” (artigo 15.1 da Lei de portos “... e os espazos de reserva que garantan...”), Peñalver equipáraas ás da Lei de costas e ás da Lei de reservas mineiras. Pero non se trata de reservas de zonas de dominio, senón de espazos para eventuais explotacións; unindo isto co apartado 3 do artigo 15 LPEMM, poderá habilitar expropiacións, e un deslindamento nunca pode lexitimar unha expropiación (naquel a declaración de utilidade pública aparece implícita).

Trátase dun instrumento materialmente urbanístico, incorpora a eventual necesidade de adquisición forzosa por vía expropiadora para determina-la zona de servicios; por isto non é plan urbanístico formalmente, pero si materialmente (coa posibilidade, ademais, de aplicación subsidiaria se non se aproba o plan especial).

Por outra banda, este plan de utilización condiciona o plan xeral e logo o plan especial. Débese partir de que o espazo portuario é un sistema xeral (e isto non é cuestionable, sería así aínda que a lei non o dixese). Algo distinto é a xustificación e alcance desa inclusión: moitos plans xerais clasifican o solo dos seus portos de diversa maneira. ¿O feito de ser sistema xeral impídelle ó autor

do plan xeral clasifica-lo solo? Cisneros di que si, porque os sistemas xerais xogan á marxe da clasificación do solo. Pero o artigo 9.2 LS utiliza a expresión “poderán non ser...”, co que habilita o autor da planificación para realizar esta clasificación.

E ademais non parece haber outro remedio que facer tal clasificación ó expropiar terreos privados (así o impón a LS, ós efectos de face-la valoración).

Respecto do Plan especial da zona de servizo, cabe preguntarse se pode ser elaborado de non existir plan xeral, partindo só do plan de utilización. Porque o relator sostén que este plan especial, en realidade, é un plan especial de infraestructuras de ordenación do territorio, que pode xurdir como desenvolvemento dun plan xeral ou *ex novo*.

Neste sentido, faise preciso acudir ó artigo 84.3 da LS, que foi máis lonxe, xa que a anterior Lei do solo só permitía o plan especial como desenvolvemento dun plan xeral.

O problema do plan especial é tanto de contido coma de elaboración.

De contido, porque só vén minimamente dado polo plan xeral (a delimitación parte do plan de utilización). A LPEMM imponse un contido predeterminado no artigo 55 e no 18.3.

De elaboración, porque a Administración urbanística introduce os seus termos, que poderán ser obstaculizados.

Cada lexislación sectorial apunta a un procedemento de elaboración de plans distinto, de forma que cada vez se fai preciso articular competencias diversas. E o relator pregúntase sobre o sentido desta realidade cando podería terse establecido un procedemento único.

Considera, ademais, criticable o feito de que a través da planificación urbanística desaparecesen zonas de servizo, cousa aceptada pola xurisprudencia.

Na súa opinión, o lexislador quixo atribuírle á autoridade portuaria exclusivamente a “formulación” do plan en sentido xurídico (como asunción da planificación). Nas mans da Administración urbanística competente quedaría a aprobación inicial e provisional (se é cometido da autoridade portuaria, o informe preceptivo carecería de

razón de ser). A aprobación definitiva correspóndelle ó organismo urbanístico competente, tralo informe da autoridade portuaria.

O informe establécese para que a autoridade se pronuncie “sobre os aspectos da súa competencia” (que non é outra cá de explotación portuaria). A súa función, pois, vén limitada a preserva-las determinacións do Plan de utilización; noutro campo, o informe non se debe inmiscir.

Se o informe é desfavorable, ábrese unha fase de consulta de seis meses trala que, de persisti-lo desacordo, o Consello de Ministros informa con carácter vinculante.

Faise preciso incorporar aquí un criterio xurisprudencial, o establecido na STS do 30 de setembro de 1992, respecto da necesidade do estudio do impacto ambiental como algo preceptivo.

Posteriormente, desenvolveuse un breve coloquio no que se falou da problemática da falta de cualificación do solo portuario; dos estudos de impacto ambiental, que parecen unha simple formalidade e materialmente baleiros; tamén se lle preguntou ó relator se non sería precisa unha norma de habilitación para que, de non haber plan de utilización nin plan especial, a autoridade portuaria poida outorgar unha concesión (considerou que sería razoable pero que o dominio público debe ter un tratamento distinto ó dominio privado; sería correcto, exceptuando algúns casos de urxencia); finalmente preguntouse pola posible defensa dun municipio ante un plan de utilización no que se desoísen os seus criterios, e a natureza, para os efectos de impugnación, dese plano de utilización –acto administrativo ou norma regulamentaria– (os plans urbanísticos son normas regulamentarias; se así se considera o plan de utilización, podería ser obxecto de impugnación directa ou indirecta; neste segundo caso, con ocasión de actos de aplicación, chegaríamos ó control de discrecionalidade e así, a través do control dos feitos determinantes, permitiríase a realización dunha ponderación de intereses).


D<sup>a</sup>. Marta García Pérez, profesora axudante de dereito administrativo na Universidade da Coruña, fixo unha valoración final do significado destas Xornadas de estudio sobre ordenamento urbanístico e a Lei de portos, das que foi coordinadora, sinalando tres aspectos:

■ A reflexión sobre as principais cuestións da lei: implicación porto-cidade, confluencia de administracións públicas, presenza da parcela de dominio público, os portos dentro do concepto de costas...

■ Exposición de teses contrapostas, dada a actualidade do tema e os múltiples intereses encontrados.

■ Determinación de novos elementos de estudo: a natureza xurídica dos plans de utilización, o significado da desafectación do artigo 49.4 da lei, a lexitimación da inxerencia estatal nas competencias urbanísticas derivada da tramitación e contido do plan especial...

Finalmente fixo alusión á idea de cooperación como esencial.

D. Xaime Rodríguez-Arana e D. Francisco López clausuraron as xornadas cunha breve intervención, na que quixeron manifesta-lo seu agradecemento tanto ós participantes coma ós organizadores das mesmas. 







**B**IBLIOGRAFÍA E  
**RECENSIONES**



*El derecho de acceso a los  
archivos y registros  
administrativos.  
(Análisis del artículo 105.b  
de la Constitución)*

Juan Francisco  
Mestre  
Delgado

Ed. Civitas, Madrid, 1993

**A** presente obra pretende determinar o alcance do artigo 105.b) da Constitución Española (CE), o significado e eficacia no ordenamento xurídico español do dereito de acceso dos cidadáns ós arquivos e rexistros administrativos, tendo en conta a ordenación que do mesmo realiza o dereito comparado así como o dereito comunitario europeo.

O capítulo primeiro introdúcenos no significado básico do dereito de acceso que, a xuízo do profesor Mestre Delgado, constitúe un reflexo do que se vén denominar “principio de transparencia administrativa”, principio que permite un control efectivo das administracións públicas, formando parte, en definitiva, do sistema de garantías que o ordenamento arbitra en favor dos administrados.

“Do segredo na actuación da Administración pública ó principio de transparencia administrativa” é a rúbrica do capítulo segundo. Nel expónse, dende unha perspectiva histórica-lexislativa, o lento evolucionar dunha primeira etapa onde eran escasas as posibilidades de acceder ó coñecemento dos documentos que constan nos arquivos e rexistros administrativos, ata o recoñecemento pleno e efectivo deste, hoxe, dereito constitucional. Foi no ámbito local decimonónico, dada a maior proximidade da Administración ós cidadáns, onde encontrámo-las primeiras manifestacións de publicidade na actuación administrativa, aínda que con importantes excepcións que condicionaban dun xeito relevante o principio de transparencia, tónica que se manterá na ordenación preconstitucional da materia.

Das normas dictadas con posterioridade á entrada en vigor da Constitución, destaca o profesor Mestre Delgado a aínda recente e polémica Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), que recolle unha regulación, en principio, de desenvolvemento do art. 105.b) da CE e que o autor considera, sen embargo, estreita e restrinxida en relación co marco que deseña a nosa norma suprema. Neste punto comparte a opinión do profesor Parada Vázquez, para quen a LRX-PAC, lonxe de regular un dereito á transparencia administrativa e informativa, un dereito dos cidadáns, como parece evidencia-lo citado precepto constitucional, contén un dereito que se cingue exclusivamente ós interesados e ós expedientes que lles atinxen.

Por outra banda, recóllese unha interesante referencia ás previsións do principio de transparencia no dereito comunitario europeo, o cal recoñece especialmente en materia de protección do medio ambiente, ó tempo que se precisa que non estamos ante previsións salpicadas de forma excepcional no ordenamento xurídico comunitario, senón, pola contra, ante un auténtico principio xeral daquel dereito.

Xa no capítulo terceiro, o autor recrea na cuestión da eficacia constitucional do dereito de acceso, é dicir, se o art. 105.b) da CE constitúe un precepto constitucional de aplicación directa e, polo tanto, non é necesario esperar a un posterior desenvolvemento legal para que sexa vinculante respecto dos poderes públicos.

A resposta non pode ser outra que afirmativa, establecéndose:

■ Que o art. 105.b) contén non só un mandato constitucional senón que, ademais, configura un auténtico dereito.

■ Que calquera situación dos poderes públicos debe dirixirse a favorece-la efectividade de dito dereito.

■ Que non constitúe unha decisión axustada ás esixencias constitucionais denega-lo acceso ós arquivos e ós rexistros administrativos, polo simple feito de que non exista un desenvolvemento do tantas veces repetido precepto constitucional.

De seguido, o capítulo cuarto aborda as relacións do dereito de acceso con outros dereitos constitucionais, en concreto con:

■ o dereito a participar nos asuntos públicos (art. 23.1 CE), particularizándose no dereito de acceso dos que exercen funcións públicas representativas;

■ o dereito a comunicar e recibir libremente información veraz (art. 20.1.d) CE), onde o profesor Mestre Delgado incardina o dereito a emitir informacións sobre os procesos xudiciais, dereito que ampara a liberdade dos informadores de acceder ós arquivos e rexistros administrativos, coadxuvando, en definitiva, á formación dunha opinión pública libre;

■ o dereito á honra (art. 18.1 CE), que se erixe como límite do dereito de acceso;

■ o dereito á tutela xudicial efectiva (art. 24.1 CE), respecto do que se establece que a súa vulneración pode vir causada pola denegación inmotivada do dereito de acceso.

O último e máis extenso capítulo da obra que nos ocupa versa sobre a delimitación constitucional do dereito de acceso ós arquivos e rexistros administrativos, afondando no estudio do seu réxime xurídico e contrastándoo co desenvolvemento operado nos ordenamentos xurídicos comparados.

Dende un punto de vista subxectivo afírmase a indiscutible eficacia deste dereito fronte a tódalas administracións públicas territoriais, así como tamén ante a Administración institucional e corporativa na medida que desenvolvan funcións de interese ou servizo público. Esta regra propia de ordenamentos como o francés ou o español confírmase dende a perspectiva do dereito comunitario europeo, onde destaca

a directiva do 7 de xuño de 1990, sobre liberdade de acceso á información en materia de medio ambiente, que determina que o dereito de acceso vincula a calquera administración pública a nivel nacional, rexional ou local que teña responsabilidades e posúa información relativa ó medio ambiente, coa excepción dos organismos que actúen no exercicio de poderes xudiciais ou lexislativos.

Por outra parte, trátase de delimita-lo ámbito obxectivo de aplicación do dereito de acceso, isto é, determinar que tipo de documentos que constan nos arquivos e rexistros administrativos quedan incluídos dentro de tal dereito. A directiva comunitaria do 7 de xuño de 1990 ofrece ó respecto un concepto amplo ó incluír calquera información dispoñible en forma escrita, visual, oral ou en forma de base de datos e establece os supostos nos que se poderá denegar unha solicitude de información, en especial cando aquela supoña a subministración de documentos ou de datos inconclusos ou de comunicacións internas, ou cando sexa manifestamente abusiva ou estea formulada de xeito demasiado xeral.

No ordenamento español, fronte o réxime propio do dereito francés, a Constitución ó recoñece-lo dereito de acceso non emprega a referencia á noción de “documentos administrativos”, circunstancia que xustifica o innecesario de facer unha delimitación do contido de tal concepto e o conveniente de afondar na noción de arquivos e rexistros administrativos. Deste modo, todo o que quede comprendido nos mesmos, salvando as limitacións que a Constitución impón, será susceptible de ser coñecido polos cidadáns.

Para estes efectos sacouse a colación o art. 37.1 da LRX-PAC, a teor do cal os cidadáns teñen dereito a accederen ós rexistros e ós documentos que, formando parte dun expediente, estean nos arquivos administrativos, calquera que sexa a forma de expresión, gráfica, sonora ou en imaxe, ou o tipo de soporte material en que figuren, sempre que tales expedientes correspondan a procedementos rematados na data de solicitude.

Completando a delimitación sobre o contido do dereito de acceso ós arquivos e rexistros administrativos, o profesor Mestre Delgado analiza o tema das materias constitucionalmente excluídas de tal dereito.

De conformidade co art. 105.b) da CE, o dereito de acceso non alcanza o que afecte á seguridade e defensa do Es-

## BIBLIOGRAFÍA E RECENSIONES

tado, á investigación dos delitos e á intimidade das persoas; sen embargo, considérase, de acordo coa doutrina do Tribunal Constitucional, que o dereito de acceso se limite pola eficacia doutros dereitos e bens constitucionalmente protexidos.

Para o autor non é difícil convir na pertinencia institucional da excepción que a Constitución sinala en relación coa seguridade e defensa do Estado e ó tempo que recolle exemplos do dereito francés e italiano, destaca a xa citada directiva comunitaria sobre medio ambiente, que considera a posibilidade de que os estados membros establezan disposicións que lles permitan denegar o dereito de acceso á información cando esta afecte á confidencialidade das deliberacións das autoridades públicas, das relacións internacionais e de defensa nacional e á seguridade pública.

O límite constitucional derivado da investigación dos delitos xustifícase, por unha banda, en facilita-la investigación dos feitos delictuosos e por outra, en protexe-lo mantemento da intimidade ou honra dos cidadáns, que constitúe igualmente un límite constitucional do dereito de acceso. Esta idea confírmase no desenvolvemento constitucional feito polo art. 37.5.c) da LRX-PAC, cando declara que o dereito de acceso non poderá ser exercido respecto dos expedientes tramitados para a investigación dos delitos, cando puidese poñerse en perigo a protección dos dereitos e liberdades de terceiros ou as necesidades das pescudas que se estean a realizar.

Respecto do último suposto que a Constitución establece, o relativo á intimidade das persoas, a LRX-PAC distingue entre o acceso a documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas, onde a lei lles reserva a titularidade do dereito ós suxeitos afectados, e aqueles de carácter nominativo que, sen incluír outros datos pertencentes á intimidade das persoas, figuren nos procedementos de aplicación do dereito –agás os que teñan carácter sancionador ou disciplinario– onde tamén se lexítima os terceiros que acrediten un interese lexítimo e directo.

Segundo o autor, a nova lei non extrae tódalas consecuencias axeitadas ó dereito de acceso. As regras legais poderían completarse nun dobre sentido: primeiro, establecendo a obriga da Administración titular ou xestora do arquivo de comunicarlles ós cidadáns afectados os datos inexactos ou incompletos que existan naquel para os efectos da súa co-



rrección e non só, como figura na lei, a posibilidade do cidadán de esixir tales feitos e segundo, facendo unha clara delimitación dos supostos de choque entre o dereito de acceso e o dereito á intimidade, dándolles entrada ós casos nos que sexa posible deslinda-lo contido dos datos e a identificación do cidadán afectado, facilitando, en consecuencia, o dereito de acceso sen menoscabo da protección da intimidade.

Sobre as limitacións que recolle a CE, o art. 37.5 da LRX-PAC engade que o dereito de acceso tampouco se poderá exercer respecto dos expedientes que conteñan información sobre as actuacións do Goberno do Estado ou das comunidades autónomas no exercicio das súas competencias constitucionais non suxeitas a dereito administrativo, os relativos ás materias protexidas polo segredo comercial ou industrial e os relativos a actuacións administrativas derivadas da política monetaria.

O primeiro suposto supón a exclusión dos denominados actos políticos de goberno, que a xuízo do autor resulta correcta xa que tales actos son alleos ó ámbito do "administrativo" que é o adxectivo que o art. 105.b) da CE lles engade ós conceptos de "arquivos e rexistros", e por iso sería difícil constatar que os mesmos se integrasen nun rexistro ou nun arquivo administrativo.

O terceiro suposto de exclusión, actuacións administrativas derivadas da política monetaria, xustifícase tamén porque estamos en presenza dunha clase específica de actos políticos do goberno, a quen formalmente lle corresponde a definición da dita política.

Finalmente, os expedientes relativos a materias protexidas polo segredo comercial ou industrial quedan fóra, así mesmo, do dereito de acceso xa que, como sinala o profesor Mestre Delgado, é lóxico que aconteza tal situación respecto daqueles datos que se inscriben en rexistros públicos creados baixo a regra de preserva-lo segredo dos mesmos, se ben a limitación só debe afectarlle á aquela información amparada polo segredo.

A obra que se comenta analiza, finalmente, outros tres importantes aspectos do dereito de acceso ós arquivos e rexistros administrativos: suxeitos titulares do dereito de acceso, modalidades de acceso e control xurisdiccional.

Os suxeitos titulares do dereito de acceso son, de conformidade co art. 105.b) da CE, os cidadáns. Respecto desta

## BIBLIOGRAFÍA E RECENSIONES


cuestión o autor fai dúas precisións: por unha banda, o concepto "cidadán" non debe excluír do dereito de acceso as persoas xurídicas, especialmente as administracións públicas, dada a relevancia que aquel dereito pode ter nas relacións interadministrativas e por outro lado, e dende o punto de vista xurisdiccional, o exercicio do dereito do art. 105.b) da CE presenta un réxime peculiar de lexitimación activa fronte ó xeral recoñecido na Lei reguladora de xurisdicción contencioso-administrativa.

Inicialmente, o Tribunal Supremo, partindo do presuposto de inaplicabilidade do art. 105.b) ata o seu desenvolvemento normativo correspondente, entendía que non se podían modificar os criterios imperantes de lexitimación activa, de modo que era en todo caso necesario para o exercicio do dereito acreditar un interese específico. Hoxe, sen embargo, hai que concluír que estamos ante un dereito constitucionalmente recoñecido, polo que non é preciso probar ningún interese engadido e non lle é aplicable ó seu exercicio as limitacións que derivan dos criterios de lexitimación activa establecidos na nosa lexislación. A lexitimación deriva directamente da norma con carácter xeral para tódalas persoas, sen maiores esixencias.

Respecto das modalidades de acceso, sinálase que o dereito obxecto de análise se pode instrumentar mediante a obtención de copias ou certificacións ou mediante o acceso directo ó documento en cuestión. Así mesmo, destácase a oportunidade de que a normativa de desenvolvemento do dereito de acceso considerase o seu carácter gratuíto pois, noutro caso, estaríase establecendo unha limitación ó dereito. Só debería de exceptuarse desta regra os supostos nos que a modalidade de acceso pretendida esixa o libramento de copias ou certificacións para remitirlle, no seu caso, ó titular do dereito.

Finalmente, polo que se refire ó control xurisdiccional do dereito de acceso, o autor sinala que, sen lugar a dúbidas, as resolucións producidas con motivo do exercicio daquel dereito son plenamente revisables pola xurisdicción contencioso-administrativa, tanto en supostos de simple denegación da petición, por silencio ou iloxicamente, como de denegación con base na concorrencia dalgunha causa de exclusión.

Así mesmo, e tomando como exemplo a "Comisión francesa de acceso ós documentos administrativos", considérase

se a utilidade do establecemento en España dun órgano especializado en materia de dereito de acceso, órgano administrativo independente que actuaría con carácter previo á xurisdicción e que impulsaría con eficacia o desenvolvemento constitucional do referido dereito. Neste sentido, destácase a “Axencia de Protección de Datos” creada pola Lei 5/1992, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal, e que se define como un ente de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade, que actúa con independencia das administracións públicas no exercicio das súas funcións de velar polo cumprimento da lexislación sobre protección de datos e de control da súa aplicación, en especial no relativo ós dereitos de información, acceso, rectificación e cancelación de datos. 

Margarita Prado Vaamonde

Bolseira

## *El ejemplo constitucional de Inglaterra*

**Antonio Carlos  
Pereira  
Menaut**

**Servicio de publicaciones** de la Facultad de Derecho de  
la Universidad Complutense de Madrid, 1992, 318 páginas

**P**robablemente en máis dunha oportunidade abraiámonos das “rarezas” dos ingleses, e moitas veces falamos de Inglaterra cando nos queremos referir a Gran Bretaña ou ó Reino Unido. E é que verdadeiramente resulta difícil comprender que unha sociedade non estea organizada como Estado (polo menos, non no sentido europeo continental), que careza de Constitución escrita, e que á súa Coroa lle garden fidelidade non só os ingleses, senón mesmo nacionais de países independentes. Se ó anterior lle agregamos a súa estraña afección ó té e a súa manía de conducir pola esquerda, o asombro e a incompreensión resultan xustificadas.

Pero non resultaría xustificada seguir a manter esa actitude despois de le-lo libro do profesor Pereira Menaut, que motiva este comentario. Trátase dun texto de fácil lectura, gra-

cias á súa estrutura esquemática e á sinxela linguaxe utilizada polo autor. Consta de dez capítulos, precedidos por un prólogo (a cargo do profesor Bernard Crick), a presentación do autor e dos listados de sentencias e de leis citadas ó longo do libro.

Gran Bretaña carece de Constitución formal, pois non conta cun texto xurídico que leve ese nome. A súa Constitución é unha curiosa mestura de institucións do dereito anglosaxón: *common law*, *statute law*, *equity*, costumes, usos e convencións. Ó seu desenvolvemento e explicación está dedicado o capítulo primeiro, no que ademais o autor fai un repaso das principais características da Constitución británica. Entre aquelas quizais a máis particular é o seu carácter histórico, cuestión á que o profesor Pereira Menaut lle dedica o capítulo terceiro. Porque “esta Constitución non é soamente unha realidade histórica, como o son todas, senón que é historia (en parte), pois está formada por anacos de historia...” (p. 47).

Para os que nacemos en sociedades estatelistas, os capítulos segundo e cuarto son de especial interese, xa que normalmente imaxinamos que o Estado é a única forma que pode adoptar unha comunidade política. Por iso resulta sorprendente comprobar que o Reino Unido non é un Estado (como o demostra o autor no capítulo segundo), senón unha organización política baseada en vínculos de lealdade persoal entre súbdito e monarca. O capítulo cuarto non fai máis que ratificar esta realidade, ó analiza-la dimensión territorial do réxime político británico. Só se se asume aquela conclusión é posible comprender que Isabel II sexa reina do Canadá, Australia e Nova Zelanda (por exemplo), a pesar de que os tres son países independentes.

Os capítulos quinto e sexto estánlle dedicados ó Parlamento, unha das institucións máis emblemáticas de Inglaterra, e o sétimo ó poder executivo. O Parlamento é outro invento inglés, e en teoría, desde a *Glorius Revolution* de 1688, todas as institucións británicas están nas súas mans. As súas leis poderían derrogar todo o dereito, así como derrogar ou modifica-la Constitución. Por iso se di que o Parlamento é soberano. Pero como salienta o autor, a expresión soberanía non se debe entender no seu sentido bodiniano ou hobbesiano. Ela reflicte máis ben “un sentido de supremacía dun órgano constitucional sobre os demais, ou de monopolio

## BIBLIOGRAFÍA E RECENSIONES

da produción de leis (non de toda produción xurídica)" (p. 136). E en canto ó capítulo sétimo, o autor abócase nel á análise do poder executivo, para o cal distingue catro apartados: a Coroa, o Consello Privado da Raíña, o Goberno de Gabinete e o primeiro ministro.

Da esencia do espírito constitucional resulta a idea de somete-lo poder ó dereito, reflectida na expresión inglesa *Rule of Law*, á que o autor lle dedica o capítulo oitavo. A diferenza doutras institucións constitucionais, esta non é de orixe británica, pois era unha idea común en todo o mundo cristián medieval. Sen embargo, como salienta o autor, só Inglaterra "aguantou o embate do absolutismo, e incluso resultou fortalecida" (p. 210).

O éxito da resistencia de Inglaterra ó absolutismo débese en grande medida á actitude do Parlamento e particularmente dos xuíces e dos tribunais, a quen lles está dedicado o capítulo noveno. O poder xudicial é quizais a clave para a eficacia do *Rule of Law*, pois, como sinala o autor, dos tribunais depende a suxeición do poder ó dereito. Aquilo leva o profesor Pereira Menaut a cuestionarse acerca das bondades da lei e da sentenza xudicial, e a se é mellor vivir baixo xuíces con ampla discreción ou moi suxeitos á lei. Trátase dun tema polémico, a solución do cal depende da particular concepción que cada un ten sobre o dereito; e a do autor é clara: o dereito non é só lei. Máis aínda, o dereito é cuestión máis de *auctoritas* que de *potestas*.


Por último, o capítulo décimo trata das liberdades dos ingleses, que como case tódalas cuestións do constitucionalismo inglés, resulta peculiar. A pesar dos numerosos documentos que sobre dereitos e liberdades produciu a historia inglesa, a Constitución carece dunha táboa de dereitos. Non existe no Reino Unido un listado de dereitos que estea sobre a lei ordinaria (aínda cando isto é discutible desde o asinamento polo Reino Unido do Convenio Europeo de Dereitos Humanos, e da súa incorporación á comunidade Económica Europea). Pero esta situación non é motivo de alarma para os ingleses, xa que "en Inglaterra a liberdade persoal dáse por suposta e é anterior á Constitución; é dicir, ás partes escritas da mesma" (p. 260). Nesta parte, o autor dános conta de cales son as fontes das liberdades inglesas (*Common Law*, lexislación de Westminster e interpretación de ambas polos xuíces).

Máis alá de todo o anterior, o verdadeiro atractivo do libro radica en que o profesor Pereira Menaut, valéndose do estudio da estrutura político-xurídica inglesa, nos revela a súa propia visión do dereito e da política; e faino con habilidade e brillantez. Aquela admirable estrutura non é produto de teorías (como di o autor, Inglaterra non é o país das teorías), senón consecuencia dunha serie de factores, a interacción dos cales ó longo do tempo dá orixe ó movemento constitucional. O acordo sobre o fundamental, a moralidade, o sentido común, a racionalidade, a idiosincrasia e a pura casualidade, son os elementos que orixinaron practicamente tódalas máis importantes institucións do constitucionalismo. A Constitución (tanto a flexible coma a ríxida e a escrita), o imperio do dereito, a separación de poderes, o parlamentarismo, a monarquía constitucional, os partidos políticos e o control xudicial, foron inventados polos ingleses. Que o autor nos aclare ou lembre todo isto é de agradecer. Máis aínda no ámbito do dereito constitucional, no que ás veces, demasiado atraídos polas teorías (que non é que non teñan importancia), perdemos de vista que o constitucionalismo non naceu onte, e que o dereito é fundamentalmente algo práctico.

Pero Inglaterra cambiou e está en crise. Todos aqueles factores que durante séculos contribuíron á formación e ó mantemento dun modelo político-xurídico exemplar, son hoxe obxecto de cuestionamento. O profesor Pereira Menaut describe as causas que ó seu xuízo conduciron a Inglaterra a esta crise. Entre elas destaca o crecente proceso de legalización, o cambio experimentado na estrutura e funcionamento dos partidos políticos, o xurdimento do Estado do benestar e a ruptura do acordo sobre o fundamental. E detrás de todas estas causas, máis ou menos inmediatas, atópase outra, quizais a máis importante, que consiste nunha crise de moralidade. Como destaca o autor, en Inglaterra a política, a moral e o dereito nunca foron entendidas como cuestións absolutamente illadas. Máis aínda, a moral sempre se entendeu como fundamento do dereito, segundo sostén Lord Denning, un dos máis influentes xuíces do Reino Unido (hoxe xubilado), citado polo autor. O cuestionamento e debilitamento dunha moral aceptada comunmente por todos é, en último termo, a causa da actual crise de Inglaterra e das súas institucións.

Como sinala o profesor Bernard Crick no prólogo do li-

## **D**IBLIOGRAFÍA E RECENSIÓNS

bro: “Velaquí un libro que delineou a Constitución británica tan destra, delicada e reflexivamente que calquera que o lea aprenderá del”. Pero a súa lectura non só resulta recomendable por estas razóns, pois o libro é o reflexo dunha concepción da política e do dereito coa que se poderá ou non estar de acordo, pero que resulta indispensable coñecer. 

**José Ignacio Martínez Estay**

Terceiro ciclo. Dereito constitucional.  
Universidade de Santiago de Compostela





*Aspectos procesales de la  
tutela jurisdiccional  
contencioso-administrativa de  
los derechos fundamentales*

José Francisco  
López-Font  
Márquez

Ed. Comares, Granada, 1993

○ libro, que prologa o catedrático de dereito administrativo da Universidade de Granada Antonio Jiménez-Blanco Carrillo de Albornoz, é un profundo estudio da xurisprudencia do Tribunal Supremo xurdida do establecemento na Lei 62/1978, do 26 de novembro, dunha vía especial contencioso-administrativa para garanti-los dereitos fundamentais. Con esta lei, e en concreto os seus arts. 6 a 10, regúlase polo tanto non só a garantía contencioso-administrativa no campo da protección dos dereitos fundamentais dos cidadáns mediante unha canle urxente e sumaria, senón que tamén se introducen singularidades no procedemento contencioso-administrativo común.

O proceso regulado pola Lei 62/1978 cualifícase, en suma, de excepcional, sumario e urgente para facer máis inmediata a tutela xudicial dos dereitos fundamentais que garante, deixando que o particular poida elixi-la outra vía máis lenta, a ordinaria prevista na Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa de 1956, para a protección dos demais dereitos e intereses lexítimos.

O autor, profesor de dereito administrativo da Universidade de Granada, desenvolve o traballo en seis capítulos, que distribuímos en dúas partes. Son as seguintes:

Na primeira parte distinguimos tres apartados:

**a.** Un primeiro sobre o ámbito obxectivo do recurso especial que tratamos, no que manifesta que a xurisprudencia di que aquel se limita a protexer tódolos dereitos e liberdades contidas nos arts. 14 ó 29 e 30.2 (no relativo á obxección de conciencia) da Constitución, maila impugnación das sancións en materia de orde pública<sup>1</sup>.

Disto resulta –sinala o autor– que un mesmo acto da Administración poderá xulgarse baixo dous prismas diversos, o xeral da súa legalidade formal ou material, que considera o art. 1 da Lei xurisdiccional do contencioso-administrativo, e o especial da violación dos dereitos fundamentais da persoa humana garantidos pola Constitución, que regula a LPXDF.

Polo demais, das sentencias do TS o profesor di que se deduce que este non considera que a invocación ós arts. 103 e 9 da Constitución poida fundamentar un recurso especial como o da Lei 62/1978, pois a tutela efectiva dos tribunais do art. 24.2 CE obtense mediante o contencioso-administrativo ordinario, no que se poderá apelar a aqueles preceptos, os cales non poden invocarse para acudir a este proceso especial, dentro do que non se examinará a adecuación ou non adecuación ó ordenamento xurídico, senón só se o acto ou a disposición que se impugna infrinxe ou discrimina un dereito fundamental constitucionalmente protexido.

**b.** O seguinte apartado trata da lexitimación e do obxecto impugnabile deste recurso especial da LPXDF.

■ Respecto da primeira cuestión, o autor afirma que a xurisprudencia se inclina por non acepta-la tese da invocación á tutela especial da LPXDF por calquera persoa que invoque a violación de dereitos fundamentais propios ou alleos, porque a Lei xurisdiccional de 1956 non admite unha lexitimación xeral como tampouco o fai a Lei 62/1978; senón que

<sup>1</sup> Isto con base nos arts. 1 e 6 da Lei 62/1978, en relación coa disposición transitoria 2, parágrafo 2, da Lei 2/1979, do Tribunal Constitucional e art. 53.2 da Constitución.

## BIBLIOGRAFÍA E RECENSIONES

o alto tribunal manifesta que para que prospere a demanda se deberá invoca-la infracción dun dereito fundamental e, ademais, xustificala razoablemente, concretando o xeito en que se infrinxiu e por que actos da Administración.

■ Polo que se refire ós actos administrativos impugnables neste proceso especial, o TS inclúe tanto os actos definitivos coma os actos trámite, xa que no caso destes últimos, entende que poden negarlle ou impedirle ó administrado o exercicio duns dereitos fundamentais e causarlle deste xeito unha lesión de maior intensidade có acto que remate o procedemento, co que o administrado quedaría indefenso e sen obter unha tutela xudicial real e efectiva como demanda o art. 24 CE.

O autor tamén analiza neste punto sentencias nas que consideran como susceptibles de impugnación por esta vía especial tanto os actos tácitos coma as actuacións materiais da Administración, e é precisamente en relación con estas últimas onde aquel considera que este proceso gaña o seu maior significado de garantía básica.

□ E no terceiro apartado analiza o contido das sentencias emitidas nesta vía especial contencioso-administrativa verbo dos efectos que as mesmas producen, amosándonos as posicións enfrontadas que existen no TS xa que, nalgunhas ocasións, só se recolle nos fallos xudiciais a pretensión de anula-lo acto en caso de que se conculque un dereito fundamental e, noutras, úneselle ademais á aquela o feito que se restableza a situación xurídica individualizada coa correspondente indemnización de danos e prexuízos.

Xa na segunda parte, F. López-Font fala da suspensión da executividade do acto administrativo impugnado que introduciu a Lei 62/1978, a cal cambiou substancialmente o tratamento recibido polo lexislador da suspensión da eficacia das resolucións administrativas, pois cando se impugnan actos ou disposicións ó seu abeiro, a norma xeral non é, como ocorre no contencioso ordinario, a executividade, senón a da súa suspensión, que deberá acordala o tribunal agás que se xustifique a existencia ou posibilidade de prexuízo grave para o interese xeral. A xurisprudencia engade, sen embargo que constitúe unha excepción a esa regra da suspensión a repercusión directa do acto administrativo para o que se solicita aquela nos dereitos de terceiros, xa que é de interese xeral evita-los prexuízos que se lles irrogaría. Son, pois, os dous


conceptos de interese público e prexuízos os que, harmonizados, determinarán a procedencia ou improcedencia da suspensión.

Tendo en conta o anteriormente dito, o profesor examina algúns supostos de suspensión procedente e improcedente:

■ Aмосa, en primeiro lugar, como suspensión procedente, entre outros, aquela que impide a constitución defectuosa dos órganos de goberno de entidades tales como as caixas de aforro, xa que isto xeraría prexuízos para o interese público derivados da posible adopción de acordos sobre a propia xestión da mesma ou de terceiros con ela relacionados.

■ Tamén recolle, en segundo lugar, como suspensión improcedente, a que se pide respecto dun auto que ordena a execución dunha sentenza que, pola súa vez, confirma unha sanción disciplinaria imposta pola Administración, porque aceptar tal petición suporía un prexuízo grave para o interese xeral, dado que un funcionario suspendido temporalmente nas súas funcións, en virtude dunha sentenza xudicial, seguiría no desempeño das ditas funcións, o que lle afectaría ó normal desenvolvemento da función pública.

Por último, debemos sinalar que este libro non só é interesante polas citas que nel se fan das numerosas sentencias sobre a materia, senón tamén necesario para poder dispor dunha sistematización desa copiosa xurisprudencia e, así mesmo, útil para os xuíces, avogados e investigadores en xeral.

En definitiva, o proceso tutelar e de garantía recollido na Lei 62/1978 podemos xustificalo pola especialísima natureza dos dereitos en xogo e por constituír, no dito terreo, o soporte e fundamento básico da posición institucional dos cidadáns ante os poderes públicos. 

Francisco Javier Cancela Rodríguez

Bolseiro

*El control de la  
discrecionalidad del  
planeamiento urbanístico*

Javier  
Delgado  
Barrio

Ed. Civitas, Madrid, 1993

**A** obra que se comenta constitúe un detido estudio monográfico sobre o que no campo da xurisprudencia é o control do planeamento urbanístico por parte dos cidadáns, das comunidades autónomas e, en último termo, dos tribunais de xustiza. Pártese da definición da potestade de planeamento como unha potestade administrativa discrecional que, como tal, participa dos límites propios da discrecionalidade administrativa, límites que teñen unha especial importancia no eido do urbanismo tanto para os cidadáns como para o interese público, insistindo na necesidade de motivación das decisións urbanísticas e na técnica de control da discrecionalidade polos principios xerais do dereito.

Recóllese a máis nova doutrina xurisprudencial, facendo o autor unha doada e intelixible interpretación da mesma como é propio da súa condición de maxistrado do Tribunal Supremo.

Para o autor, os cometidos que a lexislación vixente lle outorga ó plan amosan, claramente, primeiro, o seu carácter de elemento central do dereito urbanístico, segundo, a imposibilidade de que foran cumpridos por unha lexislación xeral e abstracta, absolutamente inadecuada para traza-lo destino de millóns de parcelas de terreo, polo que resulta necesario o complemento que lle dá o planeamento e, por último, a súa profunda discrecionalidade: á hora de elixilos obxectivos e concretar sobre o terreo as determinacións que o plan conterà, son moitas e variadas as posibles solucións, elección que se producirá con criterios extraxurídicos.

En calquera caso, o urbanismo é, no esencial, un capítulo do dereito administrativo, de onde deriva que os seus problemas se resolverán coa aplicación dos principios e técnicas da dita disciplina. En consecuencia, cómpre sinalar:

- Que non existen actos discrecionais en bloque: en toda decisión administrativa, por intensa que sexa a súa discrecionalidade, hai sempre e necesariamente elementos regrados, como son a competencia, o procedemento e, moi destacadamente, o fin.
- Que é imprescindible delimita-lo ámbito propio da discrecionalidade, separándoo dos chamados conceptos xurídicos indeterminados.
- Que ó estar sometida a Administración pública sempre ó ordenamento xurídico, aínda cando actúa cunha potestade discrecional, tense que admitir un control de discrecionalidade polos principios xerais do dereito que, sen dúbida, forman parte daquel ordenamento.

Ademais dos límites derivados da súa condición de potestade administrativa, a potestade de planeamento atopa limitacións expresas na lexislación: por unha banda, establécense criterios materiais de ordenación dirixidos á Administración, os denominados estándares urbanísticos e, por outra, contén tamén a lei, normas de directa aplicación que operan con ou sen planeamento. A estes límites pódeseles engadi-lo que deriva da definición con rango legal, do solo urbano e o que emana do carácter regrado da licenza urbanística. Así mesmo, afírmase a inexistencia de límites que pui-

## BIBLIOGRAFÍA E RECENSIONES

desen derivar dos dereitos dos propietarios, nados dunha ordenación anterior ou dun convenio coa Administración.

A xurisprudencia vén destacando o carácter regrado da licenza urbanística nos seguintes termos: a licenza é de natureza rigorosamente regrada, constitúe un acto debido, en canto que necesariamente "se debe" outorgar ou rexeitar, segundo a actuación pretendida se adapte ou non á ordenación aplicable. No momento da elaboración do planeamento, o límite de discrecionalidade que deriva do carácter regrado da licenza esixe un certo nivel de concreción na redacción do plan e, consecuentemente, a anulación das determinacións que non o alcancen. No momento da aplicación do planeamento, de resolver sobre a petición dunha licenza, ante normas redactadas sen a necesaria precisión, o Tribunal Supremo, excluindo sempre unha discrecionalidade neste punto, acode a unha interpretación sistemática do plan que teña en conta o que do seu conxunto deriva para atopalos obxectivos que aplicarlle á instancia.

Por outra banda, a propia natureza normativa do planeamento e a súa finalidade de establecer unha ordenación máis axeitada ás esixencias do interese xeral, xustifican plenamente o *ius variandi* que neste ámbito se lle recoñece á Administración, de xeito que os dereitos dos particulares non poden impedirla modificación ou alteración do planeamento, sen prexuízo de que, de se-lo caso, haxa lugar á procedente indemnización. Así o recoñece a xurisprudencia en abondosas sentencias, coincidindo co novo texto refundido da Lei do réxime do solo e ordenación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1992, do 26 de xuño (T. R. en adelante) que por un lado, regula a modificación e revisión do planeamento (art. 125 e ss.) e por outro, establece un réxime xurídico detallado das indemnizacións procedentes (art. 237 e ss.).

Como xa adiantamos, o autor destaca a importancia da motivación das decisións discrecionais do planeamento como instrumento de defensa para evitar que o resultado da discrecionalidade sexa unha arbitrariedade. Como ten declarado o Tribunal Supremo "a actuación dunha potestade discrecional lexítimase explicitando as razóns que determinan a decisión, con criterios de racionalidade" (S. do 11 de xuño de 1991).

Da intensidade da motivación no ámbito do planeamen-



to procede a excepcional importancia da memoria que forma parte do contido documental do plan. O art. 38.1 do Regulamento do planeamento urbanístico vén sinalar que a memoria “analizará” as distintas alternativas posibles e “xustificará” o modelo elixido, as determinacións de carácter xeral e as correspondentes ós distintos tipos e categorías de solo.

A xurisprudencia vén aseverando que a profunda discrecionalidade do planeamento explica a necesidade esencial da memoria como elemento fundamental para evita-la arbitrariedade, ó mesmo tempo que vén esixindo a motivación, non só en canto á formulación inicial do plan senón tamén respecto das modificacións introducidas no curso da súa tramitación. Así mesmo, considérase a memoria como contexto dominante para o resto da documentación do plan, de xeito que á hora de interpretalo e supera-las súas contradicións prevalecerá o sentido que deriva da mesma.

O control do planeamento urbanístico analízase desde unha triple perspectiva: o control cidadán, o control polas comunidades autónomas e o control xurisdiccional.

Sinala o autor que a relevancia do plan para o desenvolvemento da convivencia reclama unha lexitimación democrática para o modelo territorial elixido, de xeito que é necesario ofrecerlle unha canle á intervención dos cidadáns, estimulando a formación dun hábito participativo que representaría un importante control da discrecionalidade do planeamento.

A participación cidadá opera en dous momentos diferentes e sucesivos: durante a formulación e tramitación do planeamento (art. 4.4 do T.R.) e unha vez vixente o plan mediante a acción pública (art. 304. do T.R.).

A intervención dos cidadáns na fase de elaboración dos plans contribúe claramente a dotalos de lexitimidade democrática, participación que se produce a través do trámite de información pública e que, segundo a xurisprudencia, tense que reiterar sempre que haxa modificacións substanciais do plan inicialmente adoptado. As ditas modificacións, que ordinariamente lles afectarán ós aspectos discrecionais e non ós regrados do plan, teñen que implicar unha alteración profunda do modelo anteriormente trazado, é dicir, alterar seriamente a estrutura fundamental e orgánica da ordenación do territorio.

## BIBLIOGRAFÍA E RECENSIONES

O principio de participación cidadá non se esgota na fase da elaboración do planeamento senón que tamén, unha vez aprobado e publicado o plan, segue a proporcionarlle oportunidades ós cidadáns para provoca-lo control xurisdiccional do plan en virtude da acción pública, carácter público que supón a supresión de toda esixencia de especial lexitimación, de xeito que calquera cidadán pode impugna-lo plan unha vez producida a súa publicación.

O Tribunal Supremo vén interpretando con clara amplitude o obxecto da acción pública no campo do urbanismo, nun dobre sentido: primeiro, a natureza normativa do planeamento determina a posibilidade de que a acción pública alcance non só a impugnación directa do plan senón tamén a indirecta, que deriva do art. 39 da Lei reguladora da xurisdicción contenciosa-administrativa e, segundo, a impugnación indirecta acadaría o conxunto de heteroxéneos contidos do plan, é dicir, tanto aqueles que son froito de potestades de auténtica natureza regulamentaria –normas relativas á utilización do solo– coma as que se traducen na execución de obras públicas de urbanización. E aínda se podería engadir que a xurisprudencia admite tamén a impugnación indirecta dos acordos de suspensión do outorgamento de licencias, en virtude da súa conexión co planeamento.

Outro obxectivo da obra é aclarar-lo contido do control desenvolvido polas comunidades autónomas sobre o planeamento urbanístico municipal. Pois ben, en principio, a ordenación urbanística do territorio municipal parece unha competencia estritamente local; sen embargo, tendo en conta que a dita ordenación pode afectar a intereses supralocais, é obrigado defini-la potestade de planeamento coma unha potestade de titularidade compartida polo municipio e pola respectiva Comunidade Autónoma. Consecuentemente, o chamado control autonómico é, en realidade, a actuación dunha competencia compartida que se desenvolve nun momento posterior á decisión municipal en razón da predominancia dos intereses supralocais.

O Tribunal Supremo distingue entre o obxecto do control autonómico e os criterios do dito control. O obxecto sobre o que recae o control será o plan en tódolos seus aspectos, tanto regrados como discrecionais. Os criterios de control derivan da Constitución tal e como a interpreta o Tribunal Constitucional, que pon especial énfase no mantemento do principio de autonomía municipal; admitido o criterio de le-

galidade, o de oportunidade será viable cando a decisión afecte a intereses supralocais. En resumo, co criterio de legalidade a Comunidade Autónoma pode controlar tanto os aspectos regrados como discrecionais do plan municipal, en tanto que co criterio de oportunidade pode controla-las determinacións discrecionais que teñan transcendencia para intereses superiores ós locais.

Finalmente, o maxistrado D. Xavier Delgado Barrio expón dun xeito sinxelo e rigoroso as liñas fundamentais da xurisprudencia no tema do control da discrecionalidade do planeamento urbanístico e que resumimos da forma que segue:

**1.** Plena aplicación das técnicas xerais do dereito administrativo, a través do control dos feitos determinantes e mediante o axuizamento da actividade discrecional á luz dos principios xerais do dereito, entre os que destaca o da interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.

**2.** O fundamento da viabilidade do control polos principios xerais do dereito radica na propia Constitución ó proclamar no seu art. 103.1 o sometemento pleno da Administración á lei e ó dereito e no propio principio de legalidade, entendido como vínculo positivo da Administración ó dereito, na medida que toda potestade administrativa está atribuída explícita ou implicitamente por unha norma habilitadora e xa que esta está informada polos principios xerais do dereito é claro que o exercicio da potestade atribuída pola norma estará sometida ós principios que a vivifican. De todo iso deriva que o control polos principios xerais do dereito é un control de legalidade.


Vén incidindo, ademais, a xurisprudencia en que o control xurisdiccional non pode entrar na avaliación da oportunidade da decisión, noutras palabras, a non inxerencia xurisdiccional no núcleo de oportunidade que integra o contido esencial da discrecionalidade.

**3.** Destácase a importancia do principio de interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos do art. 9.3 da Constitución, que aspira a evitar que se traspasen os límites racionais da discrecionalidade e que esta se converta en fonte de decisións que non resulten xustificadas. Da racionalidade na actuación administrativa emana unha necesidade de coherencia no desenvolvemento dos criterios de planificación, e posto que se presume que as regras xerais do plan obedecen a un desingnio racional, afastarse del supón unha inco-

## BIBLIOGRAFÍA E RECENSIONES

herencia se tal desviación non aparece apoiada polas esixencias urbanísticas da realidade. Ademais, esta racionalidade do planeamento non opera só para evita-la lesión do cidadán senón tamén para evitarlle atrancos á boa e recta Administración.

Xa para rematar, sinálase que o principio de efectividade da tutela xudicial (art. 24 da Constitución) xunto á actual concepción do carácter revisor da xurisdicción contencioso-administrativa, conducen a afirma-la xenérica posibilidade de que o xuíz, ademais de anular algunha determinación do plan impugnado, poida substituí-la Administración dictando un novo pronunciamento que substitúa a decisión daquela.

Convén precisar, non obstante, que a substitución é posible no suposto de actuacións regradas, pero no ámbito das potestades discrecionais non sempre é viable. Se son posibles varias solucións, todas elas lícitas e razoables, unicamente a Administración, actuando á súa potestade discrecional do planeamento, poderá decidir ó respecto; pola contra, os tribunais terán que sinala-la nova cualificación se as liñas do planeamento levan a unha solución que se imponha xa por razóns de coherencia, porque así o reclama o principio de tutela xudicial efectiva. 

Margarita Prado Vaamonde

Bolseira



*O sistema político galego:  
as institucións*

Xosé Vilas Nogueira, Ramón Máiz Suárez,  
Francisco Caamaño Domínguez,  
Xosé Manuel Rivera Otero

Edicións Xerais, Vigo, 1994

**A**queles que, como quen isto escribe, estamos iniciados nos arcanos da economía política e fomos instruídos nesta iniciación coas obras de Pigou e Coase, gústanos falar de feitos externos, ou sexa dos efectos non directamente buscados dunha actividade.

A creación da facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago, en 1991, tiña como obxectivo, basicamente, por unha banda, o de fornecer de cadros políticos e administrativos ben cualificados a Administración autonómica galega, e por outra, o de crear un centro de estudio e de reflexión, do que Galicia carecía, sobre as dimensións política e administrativa da sociedade actual.

Pero a creación desta facultade trouxo consigo efectos externos de tipo positivo, non buscados directamente, derivados de interaccións positivas. En efecto a facultade de Políticas conseguiu reunir nun mesmo centro un equipo de profesionais que ata o momento viñan realizando o seu traballo por separado ou mantendo colaboracións esporádicas. Configurouse así un excelente grupo de traballo dedicado ó estudio da problemática política e social, un grupo de traballo nesta disciplina, co que Galicia non contara nunca antes.

O primeiro froito do traballo deste grupo é o libro ó que nos imos referir, que constitúe unha moi boa aproximación global ó estudio do sistema político galego<sup>1</sup>.

Dúas van se-las razóns polas que un economista dedicado ó estudio da Administración pública, como é o meu caso, se atreva a facer unha recensión dun libro escrito por expertos en ciencia política e dereito constitucional. A primeira é a de considerarme como integrante do público-obxectivo ó que vai dirixido o libro. Son, efectivamente, un estudante universitario que precisa dun instrumento de traballo, completo e actualizado para coñece-las institucións do sistema político galego, como se afirma no prólogo. A segunda razón que me lexitima é a de contar cuns incipientes coñecementos en ciencia política (Buchanan afirma nun apéndice do seu libro *O cálculo do consenso* que os economistas posúen uns coñecementos mínimos de ciencia política e el cre non desmerecer dos súa especie).

O libro constitúe, en efecto, unha eficaz ferramenta para o coñecemento das institucións autonómicas galegas e constituirá, sen dúbida, unha obra de referencia académica, pois o seu rigor científico é indubidable, e práctica, como manual para opositores e para estudantes.

A obra está claramente estruturada en tres partes, non sendo difícil para o lector informado investiga-la autoría ou autorías de cada unha delas (abonda con coñece-la obra anterior dos autores). Pero para respecta-la vontade dos autores de facer unha obra colectiva, vou deixar permanecer na intriga o resto dos lectores, non revelando a contribución específica de cada autor.

A primeira parte consiste nun sólido repaso ó camiño percorrido, desde dentro e desde fóra do galeguismo, na procura dunha formulación institucional e organizativa para Galicia.

<sup>1</sup> Algúns dos autores xa abordaran con anterioridade a problemática do estudio das institucións galegas. Vilas Nogueira abordou o tema cunha perspectiva histórica, referida ó Estatuto do 36, co seu excelente *O Estatuto Galego*, ed. do Rueiro, A Coruña, 1975. Ramón Máiz e Xosé A. Portero fixeran tamén unha moi boa aproximación ás institucións galegas actuais, co seu *As institucións políticas no Estatuto de autonomía para Galicia*, Parlamento de Galicia, Santiago de Compostela, 1988.

Outras aproximacións de interese son as compilacións de dereito estatutario de Rodríguez-Arana, [*Estudios sobre o estatuto galego*, EGAP, Santiago, 1991] e de Carro Fernández-Valmayor [*Comentarios al Estatuto de autonomía de la Comunidad Autónoma de Galicia*, MAP, Madrid, 1991].

## BIBLIOGRAFÍA E RECENSIONES

Repásanse, así, con detalle os distintos anteproxectos e proxectos de Estatuto ou de bases para Galicia, ata chegar ó Estatuto actualmente en vigor que é estudado con especial dedicación. Incídese especialmente nesta parte, nas ideas rectoras deste proceso, sen descoida-lo achegamento ás persoas que fixeron posible que Galicia conte hoxe en día cunhas institucións propias para o seu autogoberno.

Nesta primeira parte faise tamén unha rigorosa delimitación conceptual dos conceptos de nacionalidade, autonomía e Estatuto que son sen dúbida conceptos claves no sistema político-institucional galego.

A segunda parte do libro refírese á dimensión normativa do sistema político galego. Esta é a parte mais extensa do libro. Análzase, en primeiro lugar, a lexislación electoral, incluíndo unha reflexión sobre as últimas modificacións electorais como as incompatibilidades, a barreira do 5% e a actualización das subvencións electorais.

De seguido, os autores fan un extenso estudo sobre o Parlamento de Galicia. Comeza este estudo cunha valoración do significado e da importancia do Parlamento como órgano estatutario.

Séguese cunha referencia á autonomía parlamentaria, centrándose, a continuación, nunha profunda análise dos sucesos parlamentarios, é dicir, parlamentarios e grupos, abordando un tema de crucial importancia, tan de moda hoxe en día co fenómeno do transfuguismo, como é o do carácter do mandato parlamentario.

Tras unha descrición das funcións dos órganos do Parlamento pásase a estudar as funcións do Parlamento, distinguindo tres funcións, que son analizadas en detalle. A primeira, a función lexislativa, é descomposta para o seu estudo nos distintos procedementos lexislativos que poden ser usados, distinguindo entre procedementos ordinarios e procedementos especiais. A segunda función é a de controla-lo Goberno; aquí estúdiense os instrumentos cos que conta o Parlamento para levar a cabo esta tarefa. A terceira función estudada é a da designación de membros doutros órganos estatutarios ou constitucionais, en concreto o Valedor do Pobo e os senadores que representan a Comunidade Autónoma.

Conclúe o libro cun estudo sobre a Xunta de Galicia dividido en dúas partes, a primeira dedicada ó presidente da





## *La reinención del Gobierno*

**David Osborne, Ted Gaebler**

Ed. Paidós, Barcelona, 1994

**A** literatura sobre a cuestión da reforma administrativa, que constitúe por méritos propios unha disciplina solidamente asentada dentro das ciencias administrativas, está sendo cuestionar, co inicio da década dos noventa, os enfoques que viña mantendo durante os oitenta.

Nos oitenta producíronse grandes reformas nas administracións occidentais. Foi a época dourada das privatizacións en Europa, especialmente na Gran Bretaña do thatcherismo, e do apoxeo das desregulacións nos Estados Unidos de Reagan e Bush.

A maior parte das publicacións sobre reforma administrativa apoiaban estas medidas e clamaban por un retroceso das fronteiras do Estado. Buscábase a amputación, no sector público, dos membros gangrenados pola ineficacia e polo dispendio e a súa reimplantación no sector privado, que sería quen de curalos e facelos revivir de novo.

Os noventa van deixar de lado moitas destas formulacións. Se nos oitenta o cambio proviña de Europa, máis concretamente do Reino Unido, o cambio nos noventa vai vir dos Estados Unidos de Bill Clinton.

Estes cambios reflectíronse rapidamente na literatura, sendo boa proba diso o informe do *National Performance Review*<sup>1</sup>, recentemente traducido ó español, e o libro que describimos aquí, tamén moi recentemente traducido.

Estes cambios, esta reinvención do goberno, xa non van na liña de amputa-lo sector público, senón de facerlle rebaixa-las graxas (usando palabras de Osborne e Gaebler) para ter un sector público máis forte e menos esclerótico. O Estado non debe, seguindo con expresións dos autores, asumir as funcións de remeiro da nave, senón as de temoneiro da mesma. O Estado deberá ser forte, ter capacidade de control e fiscalización, e non cederlle ó sector privado a xestión de moitos servizos públicos que polas súas características lle deben pertencer ó dominio público. Isto non vai obstar para que a xestión pública non adopte fórmulas de xestión menos ríxidas e incorpore nesta, influencias do espírito empresarial.

Neste contexto de transformacións do ámbito do público e para impulsar estas tendencias, aparece este libro, chamado a ser, se facemos caso dos criterios de David J. Houston<sup>2</sup>, un dos grandes libros en Administración da década dos noventa. É este un libro que está despertando unha enorme expectación tanto no mundo académico como no mundo dos xestores públicos, o que probablemente sexa debido a que os seus autores son un académico, David Osborne, e un xestor público, Ted Gaebler.

O libro consiste, a grandes trazos, nunha recompilación de experiencias levadas a cabo en administracións públicas norteamericanas e que demostran o enorme potencial de mellora que estas poden ter cunha nova xestión pública.

Comeza o libro cunha, para min, afortunada expresión que é a de que ó bo empresario non lle gusta, contrariamente ó que se pensa, o risco, senón que o que busca son boas oportunidades de negocio co menor risco posible.

O libro está dividido, ademais da introducción e de dous apéndices, en dez capítulos e unha conclusión. Cada capítulo describe unha das dimensións que conforman este novo modelo de funcionamento do Estado que se propugna e

<sup>1</sup> Vid. vicepresidente Al Gore (Informe do *National Performance Review*), "Crear una Administración pública que funcione mejor y cueste menos", *IVAP*, Oñati, 1994.

É digna de ser salientada a relativa celeridade coa que foron traducidos estes libros, celeridade á que non estamos afeitos por estas terras.

Nesta liña é tamén de interese un artigo recén publicado:

Al Gore, "The New Job of the Federal Executive" en *Public Administration Review*, vol. 54, nº 4, xullo/agosto 1994, pp. 317-321.

<sup>2</sup> Vid. David J. Houston, "Search for identity: The impact of the «Great Books» in Public Administration" en *International Journal of Public Administration*, vol. 16, nº 5, 1993, pp. 747-780.

## BIBLIOGRAFÍA E RECENSIONES

acompaña a descrición con numerosos exemplos tomados de experiencias norteamericanas.

Así falamos dun goberno catalizador, ou sexa que se dedique a leva-lo temón e non a remar, dun goberno competitivo, dun goberno dirixido cara ós resultados e inspirado nos clientes, nun goberno descentralizado, previsor e orientado ó mercado, entre outras dimensións.


Un dos aspectos, para min, máis interesantes do libro é a consideración de que o culpable, nunha esmagadora maioría dos casos (os autores cuantificana nun 85%), do mal funcionamento da Administración son os obsoletos sistemas de funcionamento, sendo os erros derivados do mal desempeño dos funcionarios só un 15%.

A influencia das teorías do TQM (*Total Quality Management*) é neste aspecto moi palpable.

Outro aspecto que eu destacaría é que os autores non caen no tópico de atribuírle as supostas deficiencias intrínsecas ó sector público, ó mal funcionamento da Administración, considerando que o mal está no sistema de funcionamento, non na titularidade do servicio. Fan un listado (*vid. pp. 460-466*) das funcións que son mellor desempeñadas polo sector público, daquelas que son desenvoltas mellor polo sector privado e das que son mellor xestionadas polo sector terciario ou por organizacións sen ánimo de lucro. Para os autores, a privatización vai ser unha solución máis, que non hai que desbotar, pero non "a solución".

O libro non se pode considerar de carácter científico, mais tampouco carece de rigor e transcende a mera recompilación de datos, hai un fondo prescritivo detrás, unha tentativa de renovar en profundidade a Administración, de introducir valores posmateriais (no sentido que lle dá Inglehart).

A obxección que eu lle faría ó libro é a de que considera en exclusiva experiencias norteamericanas, que son moi dificilmente extrapolables a realidades administrativas moito máis suxeitas cá americana ó principio de legalidade e ás regras de procedemento. E difícil, por exemplo, implantar en Europa os criterios flexibles de relación dos funcionarios que imperan nunha Administración, como a americana, que consideraba ata hai relativamente poucos anos os postos de funcionario como un botín para o partido gañador, o *Spoil System*, e que é moito menos rixida no seu funcionamento cá media das europeas.

Para concluír, recomendárle-la lectura deste libro, por unha banda, a tódolos xestores públicos, pois, a pesar da non posible extrapolación de moitas experiencias, van atopar unha obra que lles amosa moitos exemplos de bo desempeño na Administración e que seguro que lles fai aguza-lo enxeño na procura dunha maior racionalidade no funcionamento das súas organizacións. Por outra banda, recomendárle-lo ós estudiosos da materia, e ós lectores en xeral, porque este libro é un dos precursores dunha nova era na consideración da Administración e está chamado a ser, con total seguridade, como xa dixen antes, un dos “grandes libros en Administración” dos noventa. 

**Miguel Anxo Bastos Boubeta**

Dolseiro da EGAP

## *Normas para a presentación de orixinais*

1. Os traballos serán orixinais non publicados total ou parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, incluíndo de se-lo caso e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterà abreviaturas nin notas.
5. Inclúiranse co título do artigo catro ou cinco descritores polos que se poida clasifica-lo artigo.
6. Baixo o título colocarase o nome do autor ou autores, incluíndose ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañaranse á versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folla á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:  
**Libros:**  
AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.  
**Artigos:**  
AUTOR (ano): Título do artigo, en título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.  
Nos casos de máis de un traballo do mesmo autor e ano, a este engadíraselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).  
As citas, nas notas de páxina, remitiranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.
12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismo, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegarase o enderezo postal e teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, a tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixilas probas de imprenta nun prazo de sete días, entendéndose que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:  
**Revista Galega de Administración Pública**  
EGAP. Fontiñas, s/n  
15703 Santiago de Compostela.  
Galicia. España.





CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA  
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA